


AUNIOS

Nº 25

XUÑO 2020



ASOCIACIÓN CULTURAL

Pineiróns



COORDINA: Celestino Pardellas de Blas

COLABORAN	PÁX.	ARTIGOS
Redacción	1	SUMARIO
Celestino Pardellas de Blas	2-6	A RUTA XACOBEOA MARÍTIMA DAS ILLAS CASSITÉRIDES E DA TRASLATIO (I)
Emilio Xosé Insua	7-10	UN XORNALISTA LIBERAL DE TREMOEDO: TOMÁS CANAVAL E MARIÑO
César M. González Crespán	11-12	A VÍA ROMANA Nº 20 “PER LOCA MARITIMA”
Jose Manuel Dopazo Entenza	13-16	NICO, UN HOME QUE MESTRÚA
Lino J. Pazos Pérez	19-21	COLONOS DE ONS EN 1843
Cosme Damián Romay Cousido	22-23	UNHA HOMENAXE PERSOAL A JOSÉ CURT
Fernando Trigo	24-26	DIDIO RIOBÓ: QUIXO VENDER ONS EN 1934. “UNHA SUPOSTA COLONIA PARA VAGOS E MALEANTES”
Emilio Ferrer Jaureguizar	29-31	FAROS E BALIZAS DA RÍA DE AROUSA E A SÚA CONTORNA
Yago Abilleira Crespo	32	NA RUTA XACOBEOA MARÍTIMA. INTERESANTE NAUFRAIXO MODERNO PRETO DE ONS
Yago Abilleira Crespo	33	ILLA DE ONS, NAUFRAIXO INGLÉS EN 1604. NA RUTA XACOBEOA MARÍTIMA
Xulio Xosé Pardellas de Blas	34-36	UNHA ACHEGA AO CAMIÑO DE SANTIAGO: A VÍA PORTUGUESA
Belarmino Barreiro Rosales	37-40	A PARROQUIA XACOBEOA DE SATA MARÍA DE ONS NO ÍNDICE E DOCUMENTAL DE CASTRO SAMPEDRO
Javier Fernández Soutullo	41-42	O XABÓN DA TOXA FAISE INTERNACIONAL
Celestino Pardellas de Blas	43-46	HOMENAXE A ANA LISTE E SANTIAGO CASTROVIEJO: ANA FERNÁNDEZ ALONSO (ANA LISTE). “VIDA E OBRA SOBRE A ILLA DE ONS”
Ana Crespo de las Casas	47-49	HOMENAXE A ANA LISTE E SANTIAGO CASTROVIEJO: SANTIAGO CASTROVIEJO UNHA FIGURA SOBRESALIENTE DA CIENCIA BOTÁNICA ESPAÑOLA.
Francisco Javier Silva-Pando	50-52	HOMENAXE A ANA LISTE E SANTIAGO CASTROVIEJO: FLORA DA ILLA DE ONS E A CONTRIBUCIÓN AO SEU COÑECEMENTO DE SANTIAGO CASTROVIEJO
Patricia Arias Chachero	53-55	A TOXA, SETEMBRO DE 1850. EDUARDO PONDAL, UN POETA NAMORADO
Patricia Arias Chachero	56	ANTÓN MASCATO, ATILA NO GROVE. CRÓNICA POLÍTICA E MEMORIA DA MASACRE (1923-1948)
Francisco Calo Loureiro	57-59	FOROS, QUEBRANTOS E DOAZÓNS Á IGREXA DO APÓSTOLO
Xosé Fuentes Castro	60	TOPONIMIA: CAUSA – EFECTO. “SAN VICENTE DE O GROVE”
Arturo Sánchez Cidrás	63-68	SANTA MARÍA DA ILLA DE ONS, IGREXA E/OU MOSTEIRO?
José Taboada García	69-70	CRÓNICAS MECAS: CONTOS PARA FACER MÁIS DOADOS OS CAMIÑOS XACOBEOOS
Ramón Patiño	73-75	OS CORSARIOS NAS ILLAS ATLÁNTICAS NO SÉCULO XVI
José Mª Castilla Villarchao	76-78	A FAMILIA VILLARCHAO: DE VERANEANTES A VECIÑOS EN O GROVE DURANTE MÁIS DE 100 ANOS
Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez	79-80	DON ANTÓN FRAGUAS E A IGREXA DE XANZA (VALGA – PONTEVEDRA)
Redacción	81	INSTANTÁNEAS ILLA DE ONS
Xaquín Chaves	82-83	AnotaciÓNS
Maracaibo	84	IRMÁNS ILLÁNS
Antón Mascato	85-86	ANDURIÑA, CEN ANOS DE PAIXÓN
Familia Otero Acuña	87-88	CARTA AO NOSO PAI. PALABRAS DOS SEUS NETOS.

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR	PÁXINAS
Celestino Pardellas de Blas	Portada, 3, 4, 5, 13, 33, 38, 39, 40, 43, 44, 58, 59, 81
Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez	79, 80, 81
Cosme Damián Romay Cousido	22, 23
Maracaibo	84
Arturo Sánchez Cidrás	63, 66, 67, 68
José Manuel Dopazo Entenza	14, 15, 16
César González Crespán	11, 12
Patricia Arias Chachero	53, 54, 55, 56
Xulio Pardellas de Blas	34, 35, 36
Ramón Patiño Gómez	74, 75
José Mª Castilla Villarchao	76, 77, 78

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR	PÁXINAS
Emilio Ferrer Jaureguizar	29, 30, 31
Fernando Trigo	25, 26
Ana Liste	44, 45, 46
Emilio Xosé Insua	7, 8, 9
Ana Crespo de las Casas	47, 49
Yago Abilleira Crespo	32
Francisco Javier Silva-Pando	50, 51, 52
Lino J. Pazos Pérez	19, 20, 21
Antón Mascato	85,86
Javier Fernández Soutullo	41,42
Xaquín Chaves	82,83
Familia Otero Acuña	87,88

Para web e Blog:
<http://bueu.ga>

Revista Aunios:
<http://descubrobueu.wix.com/bueu/aunios>
<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/aunios.htm>
<http://bit.ly/2DJkycm>
<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indiceAutores.htm>

DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL

“Pineiróns”

Apartado de correos 51 / 36980 O GROVE
Pontevedra – Galicia – España
Telf: 649424950
E-mail: tinopardellas1957@gmail.com

CORRECTOR LINGÜÍSTICO
Anxo López Vergara

A asociación non se fai responsable do contido dos artigos inseridos neste número. É responsabilidade dos seus autores.



A RUTA XACOBEOA MARÍTIMA DAS ILLAS CASSITÉRIDES E DA TRASLATIO (I)

Por: Celestino Pardellas de Blas

Estamos a piques de entrar nun novo Ano Santo (2021) e dende os organismos oficiais xa están a poñer a punto a maquinaria para que no Xacobeo 2021, Santiago de Compostela e as diferentes Rutas teñan un ambicioso programa promocional, tanto relixioso como turístico e cultural.

No seu momento, o Plan Xacobeo 93 destacaba a posta en valor dos principais camiños, como un compoñente de gran transcendencia no desenvolvemento cultural en Galicia e cun importante florecemento turístico e relixioso. Esta idea tivo unha grande aceptación tanto no goberno galego como no nacional, que trouxeron un significativo número de inversións para o Camiño Francés en Galicia e tamén para as demais autonomías por onde transcorre, provocando unha histórica afluencia de peregrinos que, ano a ano, van aumentando considerablemente ata chegar aos nosos días con cifras verdadeiramente inimaxinables hai menos de trinta anos.

A carón do Francés comezaron a promocionarse outros camiños, xa existentes, pero con pouca afluencia peregrina ata entón, como son: O Camiño Portugués, o Inglés, do Norte, o Primitivo, a Vía da Prata e a Ruta do Mar de Arousa. Engadíndoselle a eles posteriormente: o de Fisterra-Muxía, o de Inverno e o Portugués pola costa; sen esquecermos de moitos máis que partindo de diversos puntos da nosa xeografía van confluír aos considerados principais.

Nestes intres, segundo as estatísticas a examinar, vemos que o Camiño Francés é o que leva a palma en afluencia, seguido, aínda que moi distanciados, polo Portugués, ocupando o terceiro posto o do Norte seguido do Primitivo, o Inglés e o da Vía da Prata, pero moi distanciados do Portugués e non digamos do Francés.

Chama a atención, ao mirar as diferentes estatísticas, que a Ruta Marítima non aparece nomeada, entrando a valorarse dentro dun pequeno grupo coñecido como “outros” que é insignificante comparado cos demais.

Supoñemos que en anos posteriores, aínda que aumentando considerablemente o número de peregrinos, a proporción segundo as diferentes Rutas seguiría sendo igual, e onde a Ruta Marítima non estará nomeada.


XURDE A RUTA MARÍTIMA DE AROUSA-ULLA

Polo que podemos ler, a Fundación Ruta Xacobeo do Mar de Arousa e Ulla, naceu a mediados dos anos 60 s.XX cuns fins turístico-culturais aínda que se formalizou como tal no ano 1999 agrupando a un bo número de municipios das dúas bandas da ría de Arousa, sendo o seu primeiro presidente José Luís Sánchez-Agostino.

O seu obxectivo era dar a coñecer a singradura seguida polos discípulos do Apóstolo Santiago, na súa barca de pedra, entre Palestina e Padrón. É tamén coñecida como a *Ruta da Traslación*.

Inaugurouse oficialmente no ano 1965, saíndo unhas 150 embarcacións de Vilagarcía ata Pontecesures, participando nela o ministro de Información e Turismo D. Manuel Fraga e o Arcebispo de Santiago, Sr. Quiroga Palacios. Co rexurdimento do Xacobeo no ano 1993, a Ruta Marítima tamén tivo o seu empurrón, realizándoa os Reis de España Juan Carlos e Sofía. Dende esa, todos os anos se leva a cabo o remonte do Ulla para rememorar a chegada a Galicia do corpo do Apóstolo. Dende hai 10 anos, o club náutico de San Vicente de O Grove organiza a Ruta da Traslatio entre dito porto grovense ata Pontecesures

Coido que é unha Ruta importantísima, dentro dos Camiños de Santiago, por mor de ser a que seguiu a barca que trasladou os restos de Santiago ata Galicia, pero non está promocionada adecuadamente, só un remonte anual para evocar a *Traslatio*. Verdadeiramente peregrinos por vía marítima ao cabo do ano, non hai, nin tan sequera nos Anos Santos.



RUTA XACOBEA MARÍTIMA DAS ILLAS CASSITÉRIDES

É difícil comprender como dispoñendo as Rías Baixas dun importante número de clubs náuticos que posúen unha notable cantidade de barcos de recreo, con asociacións de barcos tradicionais, cun bo número de barcos dedicados ao turismo de pasaxeiros polas rías,..., non explotan turística e culturalmente esta Ruta Marítima sobre todo, contando coa lenda e tradición do traslado dos restos do Apóstolo Santiago dende Palestina ata Iria Flavia, navegando ao carón da costa portuguesa e entrando en Galicia pola Garda, continuando a súa singradura polas illas atlánticas < Illas Cassitéridas > (hoxe único Parque Nacional de Galicia), seguindo logo pola ría de Arousa e remontando o río Ulla ata Pontecesures; os concellos que están nesa derrota (A Garda, Baiona, Vigo, Cangas, Bueu, Sanxenxo, O Grove,..., demais concellos de ámbalas dúas marxes da ría de Arousa e coas Illas que resgardan as rías Baixas).

A Xunta de Galicia por medio da Consellería de Cultura e Turismo, xunto coas demais Consellerías con competencias e os concellos por onde discorre, terían que sentarse e poñerse a traballar na potenciación da Ruta Marítima Xacobeas, fomentando a navegación, potenciando os seus portos e clubs náuticos, dando a coñecer o rumbo seguido na translación do corpo do apóstolo polos seus discípulos Atanasio e Teodoro e, á vez, potenciar a arte, os monumentos, a natureza, ..., e a gastronomía dos concellos por onde naveguen e nos que teñen que selar a Credencial para conseguir a Compostela.



Club náutico de Sanxenxo.
Foto: turismo.gal

ITINERARIO DA RUTA MARÍTIMA XACOBEA DAS ILLAS CASSITÉRIDES E DA TRASLATIO

Coidamos que é unha Ruta que sería moi atractiva para os miles de barcos que están nos clubs náuticos galegos, pero tamén sedutora para navegantes doutras partes da xeografía nacional e mesmo estranxeira que ao longo do ano, en especial na etapa estival, navegan polas nosas costas e que podería desestacionalizar o turismo náutico na nosa comunidade.

Veremos, un exemplo do Itinerario a seguir en varios tramos:

Tramo 1º.- A Garda - Baiona

A ruta comezaría no porto de A Garda, onde se selaría a Credencial de inicio do itinerario. Sería unha interesante partida, se o mar o permite, e á vez coñecer o pobo e as súas proximidades, entre as que destacaríamos, o Castro de Santa Tegra e os muíños de Folón.

Logo seguiría a singradura pasando, a certa distancia debido ás dificultades da costa, fronte ao concello de Oia onde poden ollar ao lonxe o Mosteiro de Santa María e a serra de a Groba que agocha un bo número de petróglifos e onde se celebran varios curros de cabalos.

Pronto estarían á altura do Faro de Cabo Silleiro, sobre a mesma montaña. Ao seu carón atópanse unhas antigas baterías de costa levantadas despois da Guerra Civil Española, lugar idóneo para que se habilitaran as antigas instalacións para albergue de peregrinos que realizan a Ruta Portuguesa pola costa.

Dende Cabo Silleiro xiraríamos para comezar a entrada cara á ría de Vigo chegando ao porto de Baiona.

Estamos en Baiona, concello onde selaremos a segunda etapa da Credencial. Dispón dun magnífico club náutico onde poderemos facer escala e así visitar a súa parte vella, o castelo de Monterreal, a ex-colexiata Santa María e a Virxe da Roca.

(Nota: Antes de seguir a nosa singradura, unha boa idea sería que, en cada Ría, fora obrigatorio selar a Credencial, polo menos, en dous concellos de cada marxe da ría. Por exemplo, na que estamos, na ría de Vigo, podería ser en Baiona, case obrigatorio, ou tamén en Vigo e logo, na outra orella da ría, en Cangas ou Moaña.)



Ruinas das instalacións das Baterías de Cabo Silleiro

Tramo 2º.- De Baiona ás Illas Cíes

Como dixemos, despois de visitar Baiona, e antes de seguir o noso Camiño, poderíamos facer unha travesía pola ría de Vigo, podendo achegarnos ata a illa de San Simón, situada ao seu fondo, para rememorar as aventuras de Julio Verne, as súas crónicas como lazareto,...., e a súa triste historia como prisión, despois da Guerra Civil Española, con espantosos acontecementos de tortura e morte.

Tanto visitemos San Simón como que non, viaxaremos ata a marxe contraria da ría, aos portos de Cangas ou Moaña, con óptimos clubs náuticos e boa gastronomía, onde, nos seus respectivos concellos, selaremos a Credencial.

Dende o porto elixido, navegaremos cara ás Illas Cíes, primeira Illa Cassitéride, e parte integrante do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Alí poderemos fondear nas súas cristalinas augas, visitar os seus Faros, desfrutar das súas praias, coñecer a súa historia e ter a oportunidade de durmir no seu cámping.

(Nota: Interesante que nas Illas Atlánticas, as Cassitérides, se chegue a un entendemento co Parque Nacional e cos hostaleiros para que se habiliten, nos cámping e nas casas da administración, uns espazos para pasar a noite os peregrinos).



Tramo 3º.- De Cíes a Ons

Despois de gozar desta marabilla atlántica, como son as Cíes, seguiremos a nosa viaxe cara á ría de Pontevedra. Antes deleitarémonos coas magníficas vistas sobre a costa de Soavela e, se o tempo o permite, fondearemos na praia de Melide (Cabo Home) para, nun pracenteiro paseo, achegarnos ao Facho de Donón en onde poderemos recrearnos coas magníficas vistas e dun santuario da Idade de Ferro.

Pronto dobraremos cabo Couso e deixando a un lado a pequena ría de Aldán (pola que tamén poderemos navegar entre bateas e antigas fábricas de salga nas súas oreas), entraremos na ría de Pontevedra e poñeremos rumbo a Bueu, seguinte concello onde selaremos a Credencial.

Alí poderemos buscar refuxio no seu porto pesqueiro, no pequeno club náutico de Beluso ou fondear na súa baía, se o mar o permite. Obrigatoria a visita ao Museo Massó e, se contamos con tempo, dar un paseo pola paraxe natural de Cabo Udra, ademais de degustar da súa gastronomía a base de produtos do mar.

Ao igual que fixemos na ría de Vigo, poderemos navegar polo interior da ría de Pontevedra e visitar a Illa de Tambo, a aldea mariñeira de Combarro e rematar a singradura nos portos de Sanxenxo ou Portonovo, onde selaremos de novo a Credencial no seu concello á vez que degustamos unha excelente caldeirada de raia.

De calquera dos portos elixidos que contan con bos clubs náuticos, poremos rumbo cara a Illa de Ons, segunda Illa Cassitéride. Alí fondearemos ao carón do peirao ou na inmediata praia de Melide.

En Ons pasearemos polas súas corredeiras, coñeceremos o Buraco do Inferno, gozaremos de preciosas vistas, visitaremos o único Faro con fareiros nunha illa galega e saborearemos a súa especialidade gastronómica, o Polbo en Caldeirada.

Poderemos pasar a noite no seu cámping ou nalgunha das casas mariñeiras de aluguer, que deberían ter espazos dedicados aos peregrinos con prezos especiais. Selaremos a Credencial, ao igual que nas Cíes, no Centro de Visitantes do Parque Nacional.



Tramo 4º.- De Ons a Sálvora

Continuaremos a nosa singradura cara á ría de Arousa, pero antes de acceder a ela, temos dúas visitas obrigadas. Segundo a orde que conveña, debemos visitar o porto de Ribeira e a Illa de Sálvora. Nós elixiremos primeiro o porto de Ribeira, onde selaremos a nosa Credencial.

En Ribeira, que dispón de bos espazos náuticos para deixar o noso barco, poderemos visitar o Parque Natural de Corrubedo, o miradoiro da Pedra da Ra, o Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque e degustar a súa gastronomía a base de produtos do mar.

Deixando Ribeira, coa posibilidade de achegarnos ata o próximo porto de Aguiño, navegaremos cara a Illa de Sálvora, terceira Illa Cassitéride. É unha illa pequena, pero o suficiente para darse un bo paseo e coñecer a Aldea de Sálvora, pequenas casas onde viviron os illáns ata os anos 70 do s. XX, darse unha camiñada ata o seu Faro, con fareiro ata o ano 2018 e alí, coñecer a trágica historia do afundimento do buque <Santa Isabel> que no ano 1921 foi a pique falecendo 213 persoas, á vez de reconstruír a heroica fazaña de tres mulleres illáns de entre 14 e 25 anos que, loitando co forte temporal a bordo dunha dorna, foron quen de salvar a moitos dos náufragos.

Preto do peirao está a antiga fábrica de salga, hoxe convertida en pazo, onde se podería facilitar, a modo de albergue, a estancia dos peregrinos náuticos. Nese pazo están as oficinas do Parque Nacional onde nos selarán a Credencial.



Illa de Sálvora. Pazo, igrexa e serea

Tramo 5º.- De Sálvora a Cortegada

(Nota: A partires de aquí entramos na coñecida como Ruta do Mar de Arousa-Ulla que, como dixemos, está pouco ou nada explotada. Neste Tramo, segundo como se expoña nun futuro, de coller esta idea; os peregrinos nautas poderán, despois de selar no Grove a Credencial, seguir a súa singradura como máis lles guste, visitando os concellos dunha ou outra banda da ría, recreándose no seu navegar nas illas de Areoso, Rúa ou Arousa, e coñecendo os diferentes e extraordinarios concellos dunha ou outra parte da Ría, ata Vilagarcía.)

Eu propoño a seguinte: Despois de deixar pola popa a Illa de Sálvora, poremos rumbo ao Grove, visita obrigada, onde selaremos a Credencial. Antes de arribar ao seu porto, poderemos fondear na enseada de Punta Moreiras (Melocho-Grove) e alí visitar o magnífico museo mariño e da salga. Despois seguiremos ata o peirao de O Grove onde poderemos fondear ou chegar a un acordo para poder utilizar algún pantalán para os barcos que estean realizando de xeito oficial a Ruta Marítima.

Despois de visitar O Grove, a Toxa, onde hai un pequeno porto deportivo que podería utilizarse, e degustar os seus ricos mariscos, seguiremos a ruta cara á Illa de Arousa, podendo achegarnos ata o concello do Albariño, Cambados, e visitar o seu Pazo de Fefiñáns, dar un paseo pola zona antiga e degustar os seus riquísimos caldos albariños.

Unha visita á Illa de Arousa, quizais tamén sexa obrigada, para coñecela e, cruzando a ponte, visitar en Vilanova, a casa museo de Valle Inclán. Xa dende aquí, poñeremos rumbo a Vilagarcía ou Carril, onde selarán a Credencial. Logo fondearemos e achegarémonos ata a Illa Cortegada, cuarta illa Cassitéride, onde selarán tamén a Credencial, xa que debería ser obrigado a visita as catro illas Cassitérides ou do Parque Nacional.

Os peregrinos poderán realizar unha pequena visita á Illa de Cortegada e quedar abraídos co seu bosque de loureiros e as ruínas da vella capela (hoxe en período de restauración polo Parque Nacional) e das casas que no seu día foron ocupadas por unha poboación que logo a abandonou para, coa intención de revitalizar turisticamente Vilagarcía, facer un palacete para o Rei Alfonso XIII, que nunca chegou a facerse.



Museo do Mar de Punta Moreiras.
Foto: visitosalnes.com



Vista da Illa de Cortegada

Aquí, tanto en Vilagarcía, Carril ou en Cortegada, debería haber algún albergue para peregrinos nautas, así como tamén, dispoñer dun bo lugar de amarre ou fondeo para os barcos que non poidan ou non queiran remontar o río Ulla ata Pontecesures.

Tramo 6º.- De Cortegada a Pontecesures

Antes de comezar este Tramo, conviría aclarar que: Entramos no remonte do río Ulla. Ten as súas complicacións e quizais non é apto para todos os barcos e non todos os patróns. Hai que coñecer ben o río, as mareas, as correntes, os baixos,..., e un longo etc. que, de non telo en conta, podería facer complicada ou chegar a fracasar a nosa peregrinación marítima.

Sería importante que unha empresa marítima de pasaxeiros, especializada e coñecedora do entorno, fora a que se dedicara a transportar aos peregrinos dende Carril ou Vilagarcía ata Pontecesures polo río Ulla, contando cun guía que fora explicando as marabillas naturais dese magnífico ecosistema como tamén o interesantísimo compoñente histórico e etnográfico da contorna.

Tendo en conta este pequeno inconveniente de doada solución, comezaremos o noso navegar ascendendo polo río Ulla. Poderemos ir observando o magnífico Viacrucis, único marítimo do mundo, que foron construídos por iniciativa da Fundación Ruta Xacobeo do Mar de Arousa Ulla. Constitúena dezasete cruceiros que rematan nun fermosísimo Calvario.

A medida que navegamos río arriba, veremos, á altura do monte Mesón, uns antigos muíños de vento na parroquia de Abalo, pertencente ao municipio de Catoira. Poderán observar un dos poucos muíños de marea, coñecido como “O do Cura”, para deseguido atoparnos coas Torres de Catoira, mandadas construír por Alfonso III, e que son emblema da dura defensa que fixeron os galegos para evitar as irrupcións de piratas normandos, viquingos e sarracenos coa intención de ir cara a Santiago, chamados polas contos, lendas e historias sobre as súas riquezas.

Seguiremos por un Ulla máis estreito que nos permitirá observar a súa riqueza natural, onde sen moita dificultade, poderemos aguzar os nosos sentidos vendo, oíndo, ulindo,..., freixos, amieiros, carballos,..., troitas, escalos,..., rascóns, galiñas de río e mesmo o lagarteiro peneireiro,..., o tourón e a londra,... Todo un mundo máxico-natural que este tramo do río Ulla nos ofrece.

Con tanta natureza ás súas beiras, en nada estarán chegando a Pontecesures onde remata a súa peregrinaxe náutica e comezará o último tramo, a pé polo Camiño Portugués, que os levará ata Santiago de Compostela, non sen antes selar a Credencial de remate do tramo Marítimo-Fluvial.

Tramo 7º.- De Pontecesures a Santiago de Compostela


A partires de aquí os peregrinos poderán aproveitarse das infraestruturas en albergues do Camiño Portugués e terán un percorrido histórico que, comezando en Padrón, poderán visitar. Dende o Pedrón onde conta a lenda que amarraron a barca os discípulos, pasando pola Casa Museo de Rosalía de Castro, convento de Herbón, Iria Flavia, o Val do Sar, o Santuario da Escravitude, o Milladoiro e xa despois de atravesar a ponte da Rocha, entrar en Santiago polo seu casco histórico que nos levará ata a Catedral. Fin do Camiño e selado do último traxecto e tramitar a Compostela.



Calvario do Viacrucis Río Ulla.
Foto: vivirgaliciaturismo.com



Torres do Oeste. Catoira. Río Ulla. Foto: molaviajar.com



Pedrón, onde conta a lenda que amarraron a barca de pedra. Foto: otraiberia.es

UN XORNALISTA LIBERAL DE TREMOEDO: TOMÁS CANAVAL E MARIÑO

Por: Emilio Xosé Ínsua

A loita contra a tiranía absolutista marcou os primeiros decenios do s. XIX en toda Europa e deu lugar a numerosos actos de sacrificio e heroísmo por parte dos defensores das ideas liberais. Entre nós, o enfrontamento cobrou moitas veces tintes tráxicos, pola férrea represión ordenada polo monarca Fernando VII, mais xerou tamén iniciativas de amplo calado como as *Sociedades Patrióticas*, a milicia dos *Voluntarios Nacionales* e as primeiras andainas da prensa periódica. Movéndose neste preciso contexto, sempre desde posicionamentos antiabsolutistas, aparece unha figura natural de Tremeoedo (Vilanova de Arousa): **Tomás Canaval e Mariño**.

Segundo informa Couceiro Freijomil no seu *Diccionario* (Tomo 1, páx. 215), Canaval (ou Canabal) Mariño naceu na citada parroquia vilanovesa en 1779 e morreu en Vilagarcía (outras fontes din Vilanova) o 6 de xuño de 1829. Foi alumno de Teoloxía na Universidade compostelá, mais non rematou eses estudos. Vista a súa traxectoria posterior, máis ben semella que lle serviron para abominar da institución eclesiástica, daquela absolutamente maridada co poder rexio, cos privilexios aristocráticos e coa ideoloxía máis reaccionaria, salvadas poucas excepcións.

Canaval procedía dunha familia fidalga. Un irmán seu, Joaquín, casou cunha devanceira do escritor Valle Inclán, D^a Francisca del Valle Inclán e Malvido (morreu en 1882 aos 92 anos de idade), coa que tivo un único fillo, Jesús Eugenio Canaval del Valle, que naceu en setembro de 1816, estudou Dereito en Compostela e exerceu como secretario no concello vilanovés.

Destinado en Compostela e logo na Pobra do Deán como funcionario de Facenda, Tomás Canaval significouse moi axiña como eficaz e entusiasta propagandista das ideas liberais, fose desde a tribuna pública, fose, sobre todo, desde os cada vez máis influentes papeis periódicos. En palabras do citado Couceiro, Canaval foi dos que “más sobresalieron en los primeros tiempos de la prensa gallega”.

Os informes redixidos polos absolutistas (en xerga da época, *bartolos* ou *serviles*) do Concello de Santiago sobre el, en outubro de 1823, logo de abortada *manu militari* a experiencia do chamado Trienio Liberal, son concluíntes sobre a súa activa implicación na loita por implantar as novas ideas: “Fué nacional voluntario, secretario de un club que nocturnamente se reunía en el edificio que había servido de Tribunal de la Inquisición; exaltadísimo y osado en extremo: el primeiro que pidió y consiguí se pusiera la lápida de Porlier en el referido edificio. En el año de 20 y mes de marzo era oficial de esta Administración con sueldo de 5.000 reales, y por sus méritos llegó a ser, por la Constitución, director y subdelegado de Rentas en esta misma ciudad”.

Ese activismo e ese compromiso do *negro* ou *colorado* Tomás Canaval, dito en termos da época, provoca que os informantes represivos apostilen: “Parece no puede darse un hombre más malo”. Ben é verdade que para os reaccionarios composteláns, a listaxe de inimigos non era pequena nin irrelevante. Encadrábanse nas publicacións e sociedades liberais desa época en Compostela figuras como Sinforiano López, o impresor Manuel Antonio Rey e o seu cuñado Antonio de la Rúa, o libreiro Antonio Sáenz de Tejada, o reloxeiro Francisco Fernández Lago, o físico e catedrático universitario Juan Bautista Camiña, o presbítero Regueiro Vázquez, os arquitectos Melchor de Prado e seu fillo Casiano, o futuro alcalde de Madrid Antonio Ferro Montaos, o comandante Juan de Dios Alguer e un longo etcétera.

Noutro informe posterior, dado en maio de 1825 e reproducido, como o anterior, por Couceiro no seu *Diccionario...*, os reaccionarios composteláns engaden novos parágrafos condenatorios contra Tomás Canaval, que “mereció y merece el concepto de ser de los hombres más malvados en el tiempo de la revolución; periodista el más inmoral, gritador acérrimo de la ‘Sociedad Patriótica’, de esta ciudad (constituyérase el 12 de mayo de 1820, y de ella fueron secretarios Canaval y Antonio Benito Fandiño); no sólo debiera estar separado de la dependencia, sino arrestado y aun algo más. Véanse los diarios de que ha sido editor, con D. Antonio Ferro; y, en fin, fué uno de los primeros agentes de la revolución”.



O monarca Fernando VII, nunha gravura da época


UN PIONEIRO DO XORNALISMO GALEGO

As loitas políticas e ideolóxicas de comezos do século XIX trouxeron consigo un enorme desenvolvemento da prensa escrita, en forma de folletos e “papeis periódicos”. O historiador Gil Novales ten localizado máis de 700 xornais en todo o Estado español só para os anos 1820-1823, correspondentes ao Trienio Liberal. A Coruña, bastión das novas ideas, ve proliferar nesa época cabezallos de prensa política como *Diario Constitucional*, *El Conservador Constitucional*, *El Gorrión*, *El Despertador Gallego*, *Diario Político-Mercantil*...

Dous son “papeis”, segundo se lles chamaba na época, que aparecen directamente vencellados ao noso protagonista, ambos de Compostela. En primeiro lugar, *El Amigo de la Nación*, cabezallo liberal e constitucionalista que saíu en tamaño folio desde o 18 de abril ata o 23 de maio de 1820 dúas veces por semana, martes e venres, dos talleres de Juan Bautista Molde, baixo a dirección de Ferro Montaos. Segundo indica Soto Freire, “publicaba editoriales, comunicados y otras variedades” e, a teor das informacións que ofrece Fandiño no seu *Heráclito Español y Demócrito Gallego* (nº 16, 13.6.1820), cesou bruscamente, “con sorpresa del público”. Segundo o autor de *A casamenteira*, enfrontado nesa altura aos ex-redactores do *Amigo*... Canaval e Antonio Caaveiro, a desaparición do citado xornal debeuse ás “muchas necesidades en que incurrieron: la fisga y la mofa que hubo por las aldeas viendo tal folleto de venta por las ferias; y finalmente la ignorancia y la estupidez en su punto”.

O outro xornal do que Canaval foi redactor é o liberal e de noticias *El Observador Constitucional*, impreso diariamente en cuarto desde de marzo de 1820 (para unhas fontes, desde o día 8; para outras, desde o 17) na santiaguesa casa de Manuel Antonio Rey. Levaba por lema “Viva el Rey por la Constitución” e foi denunciado á censura por un comandante militar no mes de xuño do propio 1820.

A figura de Tomás Canaval como activista político antiabsolutista está asociada á súa destacada participación, durante o Trienio Liberal, na “Sociedad Patriótica” compostelá. No seu seo actuou como secretario, participou en debates e polémicas con outros correlixionarios e impulsou unha iniciativa de homenaxe a Porlier que constituíu a actuación pública e simbólica máis relevante do liberalismo santiagués no período de apenas tres anos (marzo de 1820-outubro de 1823) en que o rei Fernando VII finxiu marchar o primeiro de todos pola senda constitucional...



Capa peza de Antonio Benito Fandiño
A CASAMENTEIRA, escrita en 1812

AS “SOCIEDADES PATRIÓTICAS”

Logo da insurrección de Riego na localidade sevillana de Cabezas de San Juan (1 de xaneiro de 1820) e do acatamento da Constitución de Cádiz polo monarca (9 de marzo), proliferaron por España adiante as auto-denominadas Sociedades Patrióticas. Tratábase de entidades de orientación decididamente política e liberal, creadas a imitación dos clubs revolucionarios franceses. O seu obxectivo básico era contribuír a crear unha opinión pública favorábel ao novo réxime e para iso celebraron actos de conmemoración e homenaxe aos mártires da causa, apoiaron a formación e sostemento da *Milicia Nacional Voluntaria*, elevaron peticións e informes ás Cortes e ao Goberno, exerceron control sobre toda clase de funcionarios para descubrir e denunciar pro-absolutistas, etc. Nos Estatutos da Sociedade coruñesa, pioneira no Estado, sinaláanse como fins fundamentais “tratar todo lo que conduzca al bien de la Patria”, “extender las ideas liberales en todas las clases del pueblo”, “afirmar el imperio de la libertad y la verdad” e “alejarse de entre nosotros el despotismo”.

Para servir aos seus fins proselitistas, estas Sociedades fundan periódicos, subscríbense aos doutras entidades liberais e serven de espazo para a lectura pública ou privada da prensa... No transcurso das súas sesións lese, estúdase e coméntase a Constitución gaditana, pronúncianse discursos de tema social e político, débátese os propios Estatutos, elíxense ou remóvense directivas... De pasaxe, contribúen para a difusión de himnos e cancións de xorne liberal, sexa “A Marsellesa”, sexa o “Himno de Riego” (que habería de se oficializar século e pico despois, durante a 2ª República), sexa a “Trágala”, canción que constaba do seguinte estribillo dirixido contra os absolutistas: “Al que le pese, que roa el hueso, / que el liberal le dirá eso: / trágala, trágala, trágala, / trágala, trágala, perro”.

Aglutinadoras, en moitos casos, dos elementos máis exaltados do bando liberal, as Sociedades axiña se revelaron unha ameaza para os intereses e orientacións dos “moderados”, que manobraron nas Cortes para regulamentar *pro domo sua* este tipo de entidades. En realidade, pola súa propia dinámica de funcionamento e pola súa orientación xeral xa se tiña producido un certo “reparto” entre as Sociedades patrióticas, poboadas de exaltados partidarios da loita pola conquista de novos dereitos, e as “Sociedades Económicas de Amigos del País”, punto de encontro dos elementos moderados ou “doceañistas”, máis propensos a debates só técnico-reformistas.

O Regulamento aprobado polas Cortes o 21 de outubro de 1820, desde presupostos moderantistas, obrigou á disolución das Sociedades ou, no seu defecto, á súa conversión en Tertulias Patrióticas, desprovistas de toda prerrogativa oficial.

Aínda así, cando se produza o retorno ao absolutismo da man dos exércitos da Santa Alianza (Cen Mil Fillos de San Luís), o 1 de outubro de 1823, os membros das Tertulias sufrirán, por regra xeral, unha feroz persecución, o que dá a medida da súa enorme importancia no entramado civil e político partidario do liberalismo.

A SOCIEDADE PATRIÓTICA DE COMPOSTELA

Galiza xogou un papel moi destacado no fenómeno das Sociedades Patrióticas. A primeira en constituírse en todo o Estado foi a da Coruña (febreiro de 1820) e logo apareceron outras en Ferrol, Lugo, Vigo, Mondoñedo e, como non, Santiago. A compostelá constituíuse en maio de 1820 e celebrou as súas reunións, non por casualidade, precisamente no edificio que ocupara a Inquisición, no solar en que hoxe asenta, nun recanto da compostelá Praza de Galiza, un coñecido hotel...

Da Sociedade Patriótica santiaguesa fixeron parte, ademais de Tomás Canaval, figuras como o capitán Cosme Viar, o catedrático madrileño de Historia Natural Gumersindo Moratín, o comandante Juan de Dios de Alger, o catedrático Sebastián Antonio Pérez, o estudante Antonio Caaveiro, o impresor Manuel Antonio Rey, o burgués Manuel Flores, o escritor e xornalista Antonio Benito Fandiño... Como veremos, non deixou de vivir serios debates e desencontros entre algúns destes integrantes, Tomás Canaval incluído.

Cando a Sociedade se vexa impelida a disolverse en virtude do regulamento aprobado polas Cortes o 21 de outubro de 1820, enviará representación, asinada polo presidente Juan de Dios e polo secretario interino Sebastián Antonio Pérez, opoñéndose a esta medida, pois ao seu entender tal tipo de entidades non necesitaban de ningunha lei que as autorizase, dado que na propia Constitución de 1812 se consagraba o dereito á súa existencia en virtude de principios como o de liberdade de reunión e opinión, e dado que podían cumprir, ademais, unha misión útil como fiscalizadoras do cumprimento das leis e da lealdade dos funcionarios.

De todos os actos públicos que a entidade celebrou en Compostela, tal vez o máis relevante sexa un que, polo informe de depuración que os absolutistas redixen contra Tomás Canaval en outubro de 1823, sabemos que foi precisamente o xornalista de Tremoedo “el primeiro que pidió y consiguíó” que se levase a cabo: a colocación no antigo edificio inquisitorial, o 24 de xuño de 1820, dunha lápida en homenaxe ao mártir liberal Porlier, que morrera axustizado na Coruña en 1815, con tan só 26 anos de idade. O acto consistiu en inaugurar unha lápida cuadrangular que levaba no centro en letras douradas o texto “Calle de Porlier: Año de 1820” e nos contornos, en letras negras e relevos verdes, “Dedica la Sociedad Patriótica Compostelana”. A efeméride incluíu fogos de artificio, balcóns engalanados, reparto de composicións poéticas relativas ao asunto, desfile militar do batallón de Castela con bandeiras despregadas, presenza de delegacións dos concellos limítrofes e participación de diversos representantes eclesiásticos, civís e militares, entre os que ocupou un posto destacado Canaval Mariño.


A común pertenza ás fileiras antiabsolutistas, a súa afiliación común á Sociedade Patriótica santiaguesa e a coincidencia no traballo de redacción dalgún periódico non evitou que dous dos máis destacados elementos liberais da Compostela dos anos 20 do século XIX, Tomás Canaval e Antonio Benito Fandiño, acabasen enfrontándose pública e agremente. Discrepancias ideolóxicas e diferenzas de criterio sobre o funcionamento da citada Sociedade están na base dese conflito, non exento de certo personalismo por ambas partes.

O POLEMISTA FANDIÑO

O compostelán Antonio Benito Fandiño (1779-¿?), outro dos grandes xornalistas liberais do XIX galego e autor da peza teatral *A casamenteira* (escrita en 1812 e publicada postumamente en Ourense en 1849), acabaría os seus días nun presidio, tal vez en Valladolid, como dixo Murguía, tal vez na Coruña, como documentou o profesor Barreiro Fernández.

Durante os períodos en que llo permitiu a censura, escribiu moitas composicións satíricas, compuxo vilancicos e publicou numerosos opúsculos polémicos: *Prospecto*, *Preliminar*, *Prólogo*, *Proemio*..., de 1812, contra o seu denunciador Manuel Acuña e Malvar, arcedián do Salnés; *Memoira o ensayo sobre la historia de la Real Cárcel de la Coruña* (1812); *Inaudita aventura y descomunal campaña*... (Santiago, 1813), en que relata a súa estada en prisión e denuncia a inxustiza do seu encadeamento; *A Dios rogando y con el mazo dando*... (Santiago, 1814), sobre a situación política da época; *Oración fúnebre*... (1821), dedicada ao mártir do liberalismo Sinforiano López Alía...

Ademais, durante o Trienio liberal editou en Compostela o xornal *El Heráclito Español y Demócrito Gallego*, que saíu dúas veces por semana desde o 21 de abril ata outubro de 1820, completando un total de 53 números. Unha denuncia á censura por un artigo resultou letal para esta publicación en que Fandiño daba renda solta á súas opinións políticas liberais e reflectía os seus enfrontamentos no seo da Sociedade Patriótica compostelá.



O heroe e mártir liberal Porlier

No número 13 do seu xornal, de 2 de xuño de 1820, Fandiño alude á sesión desa Sociedade celebrada durante os días 25, 26 e 27 de maio e aínda que nesa xuntanza non se trataron, na súa opinión, temas de verdadeiro interese, sinala que “no deixaron de estenderse actas, porque en este punto es exacto y diligente mi ex-compañero el Sr. Canabal”. En realidade, tal xuntanza resultou polémica porque o propio Fandiño propuxo modificar os Estatutos da entidade en dous artigos e topou coa férrea oposición doutros socios como Gumersindo Moratín e Sebastián Antonio Pérez... Logo do debate, a votación deu como resultado 15 votos en contra e 8 a favor da substitución proposta. Alegouse non obstante nulidade da votación e retomouse o tema na seguinte sesión.

Só dous votos a favor da súa proposta recibiu entón Fandiño: o do impresor Manuel Antonio Rey e o do capitán Cosme Viamur. Prodúcese daquela certo pique co catedrático Sebastián A. Pérez, que acusou a Fandiño de inxuriar a Sociedade ao non aceptar de boa gaña o contundente resultado da votación. Como consecuencia, Fandiño abandonará desairado a entidade: “Y mediante ya no puedo ser útil á la sociedad por el espíritu de partido con que se obstina en oponerse á cuanto diga, y en que sin querer me honra pues denota la emulación; por el tenor de la presente me separo y aparto de ella, y suplico se sirva borrarne de la lista” (cf. *Heráclito...*, nº 13, 2.6.1820).

FANDIÑO CONTRA CANAVAL MARIÑO

Trala súa separación da entidade, Fandiño será atacado, entre outros, por Tomás Canaval Mariño. No *Heráclito...* de 9 de xuño de 1820 lemos: “*Sociedad Patriótica de Santiago*.- Con motivo de lo dicho en el número 13 de este periódico, se armó un gran caramillo en esta distinguida corporación, con dolor de los prudentes que la honran, y manifiesta necesidad y crasísima ignorancia de los *Peles* que más gritaron. El publicano Canabal, estúpido secretario de la sociedad, disparató de lo bueno de la orden, y el títere Moratín, badajó hasta cansarse. Todo el empeño de este par de gozques, era comprometer la sociedad a que se diese por injuriada [...], pero con todo nada pudieron lograr, porque los sujetos de forma y más instrucción que ellos, olieron el poste y se opusieron de modo que en la sesión de sábado nada se ha concluido, y quedó pendiente el caso para la de lunes, estendiendo Canabal un apodada acta (según se me dijo) que le ha de dar por la cara al bueno del mochuelo, y servir de desengaño á la sociedad para que inmediatamente le remueva de lo que es incapaz de ejercer por sus pasiones é ignorancia”.

Na sesión seguinte, Fandiño volveu ser atacado polo catedrático Gumersindo Moratín, mais “apesar de los gritos de este quechuvache, y los aspavientos del farándulo Canabal, la sociedad miró la cosa como debía mirarse, y no hubo lugar á nada”. Fandiño acusa entón ao “leguísimo Canabal” de ter “depravada intención” e de ser “inepto para el destino, pues el Secretario debe ser un hombre de luces, y tú desconoces lo mismo que debes saber como cristiano”, advertindo da súa intención de solicitar ao Presidente da entidade o expurgo da acta redixida polo de Tremoedo.

Nunha nova sesión da Sociedade non se reuniu *quórum* suficiente, mais o estudante Antonio Caaveiro, ex-redactor do *Amigo de la Nación*, tomou a palabra e, segundo relata o propio Fandiño no *Heráclito...* (nº 16, 13.6.1820) “habló más alto que concertado en orden á mí; pero en la mañana del sábado me dió completa satisfacción en el despacho del diario, negando varias cosas que había dicho, y por lo mismo y atenta su minoridad perdonado. ¿Que es esto Tomás [Canaval] y Gumersindo [Moratín]? Quedais solos por lo que veo”.

O enfrontamento continuou e no *Heráclito...* de 20 de xuño (nº 18) lemos: “Como tanto se mintió de mi en este pueblo, y el célebre Canabal y campuzano Gumersindo, jactasen de valientes siendo unos pobres trompetas; justo es que el público sepa que tanto el señor catedrático Moratín, como el gozque publicano Tomás, faltaron á la verdad ó por mejor decir rotundamente mintieron. ¡Ha botarates, que par de privaderos se pierden en vosotros, respecto vuestros talentos no os hacen acreedores á más! ¡Qué sueldos tan perdidos los que gozais por la nación!”.

Fandiño intentaría unha sorte de armisticio con Canaval a través dunha nota de aviso que insire no número 20 do seu xornal: “En el núm. 16 de este periódico prometí la censura crítica del periódico titulado *El amigo de la nación*, de que fué principal redactor don Tomás Canabal y Mariño; y como un amigo que puede mandarme y á quien estoy sumamente obligado se interesase en que deje estas cosas, obedeciendo como debo sus insinuaciones, queda solvente el Sr. Canabal, que puede agradecer la bondad de quien le ha favorecido, y espero que desengañado no dé motivos á nueva campaña”. Mais a esperanza de Fandiño, sincera ou non, resultou defraudada. No número 28 do seu xornal, de 25 de xullo de 1820, vese obrigado a publicar unha carta co título de *Respuesta a T. C. M. B. articulista en el ‘Observador Constitucional’ de esta ciudad del viernes 26 del corriente*. O seu destinatario non é outro que Tomás Canaval, que publicou o día 21 no *Observador...* un texto en que acusaba a Fandiño de mentiroso. O promotor do *Heráclito...*, empregando o idioma galego (cosa bastante extraordinaria nesa época, tratándose dun texto escrito), diríxese a Mariño, simulando non saber de quen se trata, nestes termos: “¡Ou ti quen queira que seas Vargas de xudas que tan estreyto es de moelles e que tantísimo urgas! ¡Intención de concodrilo, ollos de bacilisco, lengua de vívora, e pruma de serpe! ¿Porque á tomas connigo, malino, é te atreves á chamarme embusteiro, solo por oír campanas?”.

A desaparición do *Heráclito...* impídenos coñecer en que rematou a exaltada disputa entre estes dous xornalista liberais galegos sobre os que non tardaría en se desatar, con toda crueza e sen distinción, a represión absolutista. Ambos pagarían co cárcere e coa vida o seu amor pola liberdade.



A VÍA ROMANA Nº 20 “PER LOCA MARITIMA”

Por: César M. González Crespán

O itinerario de Antonino é unha catalogación das vías do Imperio Romano. Coñecemos a súa existencia por medio de varios códices, inscricións e miliarios (indicadores de distancias entre lugares). A súa datación corresponde entre o século II d.C. e seguintes, aínda que algunhas das vías é posible que existiran anteriormente, deixando os romanos constancia escrita da súa existencia. Os códices que chegaron ata nós son copias da Idade Media ou do Renacemento de escritos anteriores.

No que se refire ás vías de Galicia, que na época romana, fai vinte séculos, era chamada Gallaecia, cunha extensión maior que a actual, chegando ata o río Douro polo sur e, ata Asturias e Palencia polo leste, coñecemos tres vías, números 18, 19 e 20, de acordo coa numeración establecida polo enxeñeiro de camiños Eduardo Saavedra, tendo as tres orixe en Braga (Bracara) e final en Astorga (Asturica). A Vía romana nº 20 “per loca martima” descríbese coa lenda: *Item per loca maritima a bracara asturicam mpm CCVII usque aquis celenis CLXV*.

Tradicionalmente as vías romanas de Galicia buscáronse por terra, apoiándose a súa existencia en escavacións arqueolóxicas, e os fitos chámanse *mansios* ou *mansiones*. No que se refire á vía nº 20 suponse que discorrería, ao menos en parte, pola provincia de Pontevedra, sen atoparse restos notables ni miliarios que confirmasen a súa existencia. Unha das súas “*mansiones*” é Vico Spacorum. Débese asociar este nome a un lugar que se atopa na illa sur das Cíes, chamado Cabo de Vicos, que marca o punto norte do canal sur de entrada á ría de Vigo. Transformando as distancias dos catro primeiros tramos do códice, que comezan por C e que son estadios (185 metros, equivalentes a 1/8 de milla romana), en quilómetros, pódense facer cálculos dende ese punto cara ao sur e cara ao norte cun programa de rutas mariñas, Garmin Mapsource (c), ou Google Earth (c), de tal xeito que esas distancias se corresponden, con toda exactitude, unha coa desembocadura do río Miño e outra cunha cala situada ao sur da praia de A Lanzada, onde están os restos dun castro e dun pequeno porto. A partir destes lugares coinciden tamén as distancias ata Tui e ata as Torres de Catoira, na desembocadura do río Ulla. Sendo por tanto estes catro tramos da vía percorridos polo mar, e tratándose, en parte, dunha vía de navegación marítima. Ao respecto di Estrabón que as vías de navegación servían para facilitar o transporte de grupos humanos e mercadorías. Tamén di que Posidonio estivo no río Miño, que era navegable en 800 estadios (uns 140 km), e que na súa desembocadura había unha illa, á que se arrimaban os barcos.


No que se refire ao Grove, e á praia da Lanzada, comentar que esta no existía, na súa extensión actual, en tempos antigos, como o proban os textos medievais das doazóns reais á mitra compostelá, que falan da Insula Ogoure, que sería a antiga illa de O Grove. Os mapas do século XVII mostran claramente Grobe Ysla. O encaixe matemático da distancia entre o Castro da Nosa Señora da Lanzada, Ad Duos Pontes, e as Torres de Catoira, Grandimiro, permite trazar o paso da Vía, entre esta antiga illa de O Grove e a costa de Noalla, a través do actual espazo intermareal, e xunto ás illas de A Toxa e A Toxa pequena. Na primeira desta última atópase a Capela das Cunchas, reconstruída en tempos recentes, pero que conserva a pegada do paso da barca cos restos do Apóstolo, no símbolo das cunchas de peregrino que a recobren. Máis adiante, o paso da vía realizábase por mar entre a illa de Arousa e a costa de Vilanova, onde había un canal navegable, hoxe atravesado por unha ponte.

O significado axustado de per loca maritima é “por lugares marítimos”, sendo estes cabos, illas e portos, non sendo, por tanto, o seu significado “pola costa”, como se interpreta erroneamente. O percorrido iniciábase en Braga (Bracara), compartindo camiño coa vía romana precedente, nº 19, ata Tui (Tude ou Tudae), con escala intermedia en Ponte Limia (Limia). A partir de Tui, facíase unha variante, a través dos lugares marítimos, polo canal navegable marítimo-fluvial do río Miño, descrito como tal por Estrabón e Posidonio.

VÍA ROMANA nº XX

iter per loca maritima a bracara asturicam mpm CCVII
(CAMINO POR LUGARES MARITIMOS DESDE BRAGA HASTA ASTORGA)

<i>limia</i>	<i>mpm XIX</i>	19	28,1 km
<i>tudae</i>	<i>mpm XXVIII</i>	24	35,5 km
<i>aquis celenis</i>	<i>stadia CLXV</i>	165	30,5 km
<i>vicos caporum</i> (<i>vico spacbrum</i>)	<i>stadia CXCIV</i>	195	36,1 "
<i>ad duos pontes</i>	<i>stadia CL</i>	150	27,8 "
<i>grandimiro</i>	<i>stadia CLXXX</i>	180	33,3 "
<i>trigundo</i>	<i>mpm XXII</i>	22	32,6 "
<i>brigaetium</i> (<i>brigantium</i>)	<i>mpm XXX</i>	30	44,4 "
<i>caranico</i>	<i>mpm XVIII</i>	18	26,7 "
<i>luco augusti</i>	<i>mpm XVII</i>	17	25,2 "
<i>timalino</i>	<i>mpm XXII</i>	22	32,6 "
<i>ponte neviae</i>	<i>mpm XII</i>	12	17,8 "
<i>uttaris</i>	<i>mpm XX</i>	20	29,6 "
<i>bergido</i>	<i>mpm XVI</i>	16	23,7 "
<i>asturica</i>	<i>mpm L</i>	50	74,0 "



Augas abaixo seguíase polo canal, ata a súa confluencia co mar, na Ínsua Nova da desembocadura do río Miño (Aquis Celanis), coincidente co Minii flu, ostia da Geographia de Claudio Ptolomeo, ou porto da desembocadura do río Miño, seguindo despois polo mar, en navegación plenamente oceánica, fronte ás costas de A Garda e Oia, para ir dende aquí cara ao norte, ata chegar ao cabo de Vicos, nas illas Cíes (Vicos Caporum-Vico Sapacorum ou Vicos Pacorum nos códices), onde había un fondeadoiro protexido, frecuentado por fenicios, gregos, cartaxineses e romanos dende épocas antigas, a xulgar pola cantidade de áncoras líticas atopadas por submarinistas nas augas próximas. Despois seguía a ruta cara ao norte, ata o sur da praia da Lanzada (Ad Duos Pontes). Dende este lugar se atopan os dous Pontes, o primeiro un un pequeno pobo chamado Pontes, a dous quilómetros, en Sanxenxo, e o segundo, a vinte e cinco quilómetros, en Pontevedra, responsable da primeira metade do nome desta cidade. Dende aquí seguía a navegación fronte a península de O Grove e a ría de Arousa, ata chegar á la desembocadura do río Ulla, Viae flu, ostia, de acordo con Casludio Ptolomeo, ata as Torres do Oeste de Catoira, onde se situaba Grandimiro. Dende aquí seguía o percorrido xa por terra. Posto que o río Ulla se desvía cara o este en Pontecesures, e o río Sar que, aínda que chega a Santiago, non é navegable, pasando por Padrón, Iria Flavia, Escravitude,..., ata chegar a Santiago de Compostela, que sería Trigundo, encaixando a distancia, xa en unidades terrestres, ou milla passuum (1.481 metros), coas que constan no itinerario. Para resolver esta distancia e as seguintes se poden utilizar os medidores de rutas e distancias de Google Maps e Google Earth. É coñecida a existencia dos restos dunhas termas e unha necrópoles romana na base da catedral compostelá. O resto da vía iría polo camiño tradicional a Santiago de Compostela dende Lugo, sendo as mansios, as distancias fixadas na ruta, Brigatium (consta a súa existencia na Geographia de Caludio Ptolomeo, e está en situación máis adecuada que Brigantium, probablemente en Bergondo ou Betanzos, que está demasiado ao norte), radicable en Boente-Arzúa, Caranico, que estaría nas proximidades de Palas de Rei, e Lugo (Luco Augusti). A partir de aquí coinciden as distancias no itinerario, indo polo camiño natural, de Piedrafita do Cebreiro, Villafranca do Bierzo – Cacabelos (Castro da Ventosa) e Manzanal do porto para chegar ata a capital conventual Astorga (Asturica Augusta).

De acordo co Códice Calixtino, estes foron os tramos finais da ruta polo mar, Translatio Sancti Jacobi, fronte ás costas occidentais da Península Ibérica, e as rías Baixas, nunha barca de pedra, que seguiron os restos do Apóstolo Santiago, dende Jaffa, Palestina, tralo seu martirio e decapitación en Xerusalén para chegar ao porto de Iria, xunto ao río Ulla, e de alí, ir por terra ata Trigundo, a cidade que máis tarde adquiriu o seu nome, unido ao de Compostela.

NICO, un home que menstrúa

Por: Jose Manuel Dopazo Entenza

A identidade é unha construción colectiva. De maneira máis ou menos perceptíbel, as crenzas, os costumes, as relacións persoais, a forma de falar e mesmo a roupa que escollemos vestir contribúen a determinar a nosa pertenza a un grupo social.

Mais a identidade tamén se constrúe a nivel individual a través da evolución e dos progresos de cada un dos membros que conforman unha colectividade. Neste caso, cabe reparar, entre outros moitos exemplos, nos descubrimentos dos científicos, nas novelas dos escritores que recollen as vivencias dunha sociedade determinada ou nas vitorias deportivas.

No que atinxe á Illa de Ons podemos considerar a construción identitaria como un fenómeno “multifocal”. Esta especificidade débese a que, por unha banda, na Illa forxouse unha conciencia colectiva ao longo de decenios, mentres os seus poboadores e poboadoras non se viron na obriga de marchar cara ás comarcas veciñas do Salnés e do Morrazo. Trátase dunha identidade social que, a día de hoxe, aínda latexa e vertebrada as historias dos fillos e das fillas dos seus habitantes. Non obstante, por outra banda, a emigración trouxo consigo a creba da transmisión deses trazos propios e distintivos que atinxen aos costumes ou, de xeito máis palpábel, á lingua, pois, como mencionamos antes, entre as persoas máis novas case non se conservan.

En virtude desta dispersión das e dos habitantes procedentes da Illa de Ons xorde o contacto desta comunidade con novas realidades. É neste punto onde cada membro do colectivo contribúe a escribir pola súa conta o relato da identidade actual da Illa.

Unha das persoas que intervén neste devalar social, de quen nos gustaría deixar pegada e recoñecemento nestas páxinas, é Nico Martínez, un mozo de 30 anos, fillo de illáns do Canexol e de Pereiró.

Xa dende ben cativo pasaba longas tempadas na Illa de Ons, de feito, esta terra e a súa xente seguen a constituír unha parte imprescindible da súa vida.

Corría o ano 2012 cando Nico remataba a carreira de Arte Dramática e se mergullaba no mundo do teatro. Na actualidade, ademais de participar en diferentes funcións, destinadas tanto á infancia como ao público adulto, anda somerxido na súa gran paixón: o Drag. E tanto que así é. Nico converteuse no Drag King máis coñecido a nivel estatal e nun dos poucos en Galiza que se dedican profesionalmente a esta arte.

Ademais, no mes de febreiro deste pasado ano, Nico iniciaba un proceso de hormonado que lle axudou a atopar o seu ser. A súa familia e amizades máis achegadas acolleron coa mellor das ilusións este tránsito. Probabelmente, o personaxe Drag que leva anos interpretando fixo máis doada

a transición. Sexa como for, a valentía que demostrou e demostra Nico, xunto coa xente que o rodea, é para ter en conta. A Illa de Ons, a súa comunidade, pódese enorgullecer de contar con el entre os seus integrantes.

Por todo o dito, agradecemoslle que nos concedese esta entrevista. Tamén é imprescindible o papel da Asociación Pineiróns ao nos permitir publicala na revista *Aunios*, xa que nos achega unha oportunidade para visibilizar o labor de Nico como persoa *trans*. Trátase, á fin, de dar a coñecer e cooperar na normalización dunha realidade que, fóra de ser excepcional, é mostra dunha diversidade crecente na identidade comunitaria da Illa de Ons.



No espectro da identidade de xénero (IdX) atopamos mulleres, homes e todo un abano de posibilidades que se moven entre unha punta e a outra. Ademais, non ten nada que ver o sexo biolóxico coa IdX. O sexo establece os xenitais cos que nacemos, que habitualmente coinciden coa IdX –aquí atopamos as persoas CIS–, mais non ten por que ser así. Neste último caso estaríamos ante persoas transxénero.

Sentados nun bar do centro de Bueu, nunha conversa distendida e coa confianza de máis de quince anos de amizade, Nico ábrese e cóntame o proceso polo que está a pasar coa maior sinceridade.

Que é realmente ser trans para ti?

O tema trans é longo porque hai moitas formas de velo, cada persoa é un mundo. Eu penso que é nacer no corpo equivocado e, por suposto, é algo que se sente desde pequeno.

Hai casos, digamos, máis prototípicos, por exemplo, un rapaz que nace con vulva, que lle gusta xogar ao fútbol, que lle molan as rapazas e ao final opérase e acaba sendo

un rapaz dentro dos canons esperábeis. Pero a maior parte dos casos non entran nesta descrición prototípica. Hai tantas realidades como persoas transxénero.

Eu sempre digo que trans son as *persoas que se buscan a si mesmas*. Punto. Unha persoa CIS tamén se ten que buscar a si mesma, pero non ten determinados problemas como a disforia de xénero, nin esa busca de si mesma a través do xénero ou, polo menos, como unha das compoñentes principais.



Nico aos cinco meses de hormonado

Como viviches ti esa busca?

No meu caso, tiveron un pasado feminino –e aínda teño algo no presente– que non nego para nada. Sería como negar 30 anos da miña vida. Con todo, sempre amosei inquedañas. Cando me preguntan: “Cando tomaches a decisión?” ou: “Cando te sentiches home?”, respondo que non é algo racional. É un proceso. É algo que tes dentro e que vai xurdindo ao longo da túa vida. Aparece aos poucos e, se cadra, non o exploras por medo ou polo entorno que te rodea.

Paréceme interesante o do entorno, pensando agora no contexto da Illa de Ons...

É importante, si. Hai que pensar no que é A Illa de Ons xa para unha muller CIS con pretensións de liberdade. O contexto non é nada favorable, así que imaxina saír do armario... Entón agora, desde a miña condición, conseguín ser consciente de que dar este paso foi posible polo feito de me afastar dese entorno. E penso en todas as pequenas pegadas da miña historia persoal en que o neno ou o home que levaba dentro pedía saír. E non sería posible neste ámbito. Necesitei saír, vivir outra vida, coñecer outras realidades para poder ser consciente de quen son.

E en canto á orientación sexual, que é sempre un tema controvertido nestes casos?

A min gustábanme os mozos e tamén me gustaban as mozas... pero non o quería ver, porque estamos programados socialmente para ser “normais”. Entón eu, ao ter mozo, aínda que me gustaban tamén as mozas, deixábame ir para ter esa vida “normal”, sen cuestionarme e sen que me cuestionen.

Agora doume de conta que o motivo de retrasar tanto o proceso foi porque me centraba demasiado nas miñas relacións –heterosexuais entendemos–, pero sempre sentín que non encaixaba de todo.

Cales son os pasos que deches para comezar a hormonarte?

Antes había que estar polo menos dous anos en valoración psiquiátrica e psicolóxica porque a disforia de xénero estaba considerada como enfermidade pola OMS (Organización Mundial da Saúde). Entón tiñan que te diagnosticar para acceder ao tratamento. Agora o proceso cambiou. Hai pouco.

Por suposto, isto varia moito dunhas Comunidades Autónomas a outras. En Cataluña teñen Transít, unha plataforma para persoas trans; fanche unha analítica e nuns días tes as hormonas. Eu o que fixen, antes de nada, foi empadroarme en Vigo, porque así todos os trámites médicos podíaos facer xa desde alí, que é onde vivo. Se teño que ir a Bueu, que



Nico preparándose para unha das súas actuacións

me deriven a Pontevedra e, aínda por riba, ter que vir de cada vez a Bueu para pincharme... Entón directamente fun a Vigo, que sei de varias asociacións que asesoran como AVANTE Vigo, Nós Mesmas e Pvlse. E tamén coñezo xente trans que vive alí.

Como está de preparado o persoal sanitario nestes asuntos?

Tiven a sorte que me tocou como médica unha muller moi agradable, coa casualidade de que a súa filla está a traballar en temas de xénero. Ela en verdade non estaba versada no tema, pero conteille o que quería facer e o primeiro que fixo foi pedirme unhas análíticas para saber tamén como estaba de saúde. Mentres tanto, informouse de como estaba o tema e investigou os pasos que había que dar.

Entre todo isto pasou un mes até a seguinte cita, por aí a comezos de febreiro. Entón díxome: “Mira, vou ter unha cita coa endócrina para que me asesore. Supoño que terás que facer algunha sesión con ela ou coa psiquiatra, pero xa o imos vendo”.

O un de marzo tiven a interconsulta coa endócrina. Entón díxome: “Agora vas facer unha analítica hormonal e en tres meses volves” –analizoume as hormonas, o índice hepático e toda esa movida– “e necesito un informe da psiquiatra. Agora non está considerada unha enfermidade, así que non quero que te diagnostique de disforia senón que quero un informe conforme non tes ningunha patoloxía psiquiátrica grave. É dicir, que estás en plenas facultades mentais e, como persoa totalmente consciente do que significa este tratamento, quérelo comezar canto antes”.

E non atopaches atranco ningún?

A ver, xusto á semana seguinte da analítica hormonal fun ao exame psiquiátrico. E aí viñeron os problemas. Resulta que me derivaron a unha psiquiatra de problemas alimentarios. E en ningún momento me dixeron que tiña que ir acompañado de alguén moi achegado. Entón eu penso unha cousa: que pasaría se eu non tivese relación coa miña familia? No meu caso non supuña un inconveniente porque a min acompañoume meu pai, pero cabería a posibilidade mesmo de que non tivese familia...

O meu problema viña pola présa de que, nuns días, tiña a consulta coa endócrina para que me dese resposta a se me permitía hormonarme ou non. Foron uns días moi complicados e de moitos nervios por todos estes contratempos. Ti pensa que realmente o que buscaba era que me desen as hormonas; despois, se o proceso era máis ou menos lento, xa non me preocupaba tanto.

Pero finalmente todo saíu ben, non?

Pois si. Ao final púxome unha consulta para ese venres pola tarde. En realidade a consulta foi case toda a meu pai: como fora a miña infancia, se tivera problemas no entorno, se tivera problemas coas drogas e co alcol, que opinaba el deste paso e así. A min pouco me preguntou. Entón deume

o informe positivo, fun o martes até a endócrina e xa me aceptaron as hormonas.

E cando comezaches a hormonarte?

Empecei en xuño a pinchar as primeiras doses de 100mg. Estiven dous meses con esa dose e en agosto volví facer unha analítica. Os índices de testosterona eran baixos, xa notaba eu que case non había cambios e a regra continuábame vindo, incluso máis regular ca nunca. O 5 de agosto volví á endócrina, cambioume a dose a 250mg. –a máis grande– e pincheime o 20 de agosto. Foi un xute de hormonas enorme. Notei máis sufocacións, a regra descontrolóuse totalmente... foi un efecto semellante ao da pílula do día despois.



Nico meses antes de hormonarse

Que cambios observaches a partir de entón?

O máis evidente foi a voz, que xa se me aprecia cada vez máis inestable. Coa miña profa de canto notei que tiña un rexistro e, ao cabo dunha semana, xa non daba ese ton. O pelo das pernas, que xa empezo a ter máis e escurecer. Estou pasando de novo pola adolescencia, mais agora pola masculina.

E xa non falemos dos xenitais, que medran! O clítoris crece até o punto de parecer un pene pequeno, con ereccións e todo. Cando máis o noto é cando teño relacións. A lívido sobe moitísimo, entón hai momentos en que non sabes ben que che pasa pola cabeza. Parezo un adolescente con tanta sensibilidade e inestabilidade emocional.

Por outro lado están as tetas. Cada vez son máis pequenas, comezan a enquistarse.

Pensaches nunha mastectomía?

De momento non se me ocorre facela. Actualmente sería cortar de raíz o meu labor artístico e profesional. Hai xente que xa a fai antes de entrar en hormonas e hai quen agarda até que ten o corpo definitivo. O certo é que me gustaría facela e que quede ben, pero para iso teño que aforrar... e no meu oficio é complicado. Cabería a posibilidade de facela pola Seguridade Social, pero a saber cando e como...

O que se fai nunha mastectomía é mover a aureola e facer a forma do pectoral. Entón eu vou ver como actúan as hormonas... De todos os xeitos, nalgún momento será necesario quitar a glándula mamaria, porque se enquista, pero pouco a pouco. Se non teño que levar suxeitador xa me vale.

No día a día xa te van recoñecendo como home?

No mundo trans emprégase unha palabra que é dar *passing*, é dicir, pasar polo xénero que realmente te representa. Eu de momento non dou *passing*, máis ben véseme como unha tía máis ou menos masculinizada, un maroutallo. A partir dos tres meses reestrutúrase a graxa corporal, pero o certo é que teño máis costas e a cara máis angulosa. Son cambios paulatinos, pero aínda así algo xa se me vai notando.

Como che afectan os cambios no ciclo de ovulación?

A min o que me pasaba era que, no momento da regra, estaba triste ou de mala hostia. Xusto cando se pasa a regra e comeza o ciclo de ovulación, nese momento era cando o meu corpo empezaba con maior apetencia sexual e despois paraba. Era un rolo máis controlado, máis racional, máis de receptividade.

E agora nin ciclo nin nada. Neste momento é: estou normal, aparece un estímulo e, bum, xa teño ganas! Non sei como explicalo. Estou normal e o meu corpo di: “Tío bueno” ou: “Tetas”. Estímulo. E xa quero. <di entre risas>

Tamén me ten pasado que me tocan e xa aparece o estímulo. E o mesmo co aumento da sensibilidade. Así que se converten os xenitais nun xoguete novo... Estou todo o día tocándoos. E pensa, eu teño a excitabilidade dun tío, pero a resistencia dunha tía. E os orgasmos aumentan. Ferramenta nova!

E no amor cambiaron as cousas?

En canto ao amor, eu sempre fun encadeando un mozo tras do outro. Tiña como dependencia emocional. E todo este proceso quero pasalo só. Non é que non teña relacións nin que non queira as persoas coas que estou, pero non quero que creen ningún tipo de dependencia. Non quero que ninguén se meta en Nico porque relacionei vivir en parella con bloquealo. E agora máis ca nunca son un lobo solitario.

Entón, sexo e despois cada un para a súa casa. Enfádame incluso que a xente intente ligar comigo!

Como tomaron este cambio no entorno da familia?

Meu irmán directamente díxome que xa o sabía. Miña nai e meu pai aceptárono pero foi polas condicións en que se produciu: teño trinta anos, estou independizado economicamente e vivo fóra da casa. Entón dixeron: “É a túa vida, fai con ela o que queiras”.

Na casa meu irmán trátame en masculino. A miña sobriña, con catro anos, está aí nese cambio de “A tía, o tío...”, ten outros procesos... Obviamente, para meus pais sigo a ser “Miña filla”. Eu enténdoo porque son moitos anos e un cambio así é complicado. Á familia permítollo porque a miña cara é a mesma, entón élles complicado. Se cadra dentro dun ano ou así xa a cara será outra e haberá que repensalo.

Por último, que pasou con “Susi”?

Eu non me sinto identificado xa con “Susana”; se cadra con “Susi” un pouco máis, pero con “Susana” non. Eu son Nico, Nicolás, e os meus amigos máis próximos –a miña segunda familia– trátanme en masculino e así é como máis cómodo me sinto. Entón no caso da familia, das amizades de sempre e das persoas coas que levo traballando moito tempo acepto, de momento, que me traten en feminino porque comprendo que é un proceso complicado. Agora si, as persoas estrañas ou que acabo de coñecer que me traten en feminino, non. Iso non o acepto. Iso de verdade que me molesta.



Atopar o lugar de cadaquén na sociedade é complicado. Esa situación agrávase para as persoas trans, pois teñen que lidar non só co proceso da (auto)busca senón que tamén se teñen que estar defendendo dos constantes ataques transfobos. En moitos dos casos esas ofensivas soluciónanse dando o noso pleno apoio con xestos tan sinxelos como é tratalas co xénero que as representa.

No meu caso, agradézolle a Nico todas as horas de gravación que levamos realizadas, a súa enteira disposición sempre que o preciso e a forza que demostra día a día con cada proxecto en que se embarca. Obrigado por todo.



AudioRestauración

BOBINAS DE MAGNETÓFONO A DIGITAL

DIGITALIZACIÓN ESPECIALIZADA DE DOCUMENTOS SONOROS: Cintas de cassette, telecine 8/16mm, bobinas de magnetófono, Betamax,

REPARACIÓN, LIMPIEZA, TRATAMIENTOS QUÍMICOS,

DIGITALIZACIÓN Y RESTAURACIÓN DIGITAL DE RUIDOS

Rúa da estación, Nº3 Of. 3E
36600 Catoira (Pontevedra)
638789523

ESCRÍBENOS LLÁMANOS

[MARISCOS SERVIDOS POR NUESTRA PROPIA CETÁREA]



Restaurante Marisquería

Cocina tradicional Gallega
Gran variedad de pescados, mariscos y ternera gallega
Pastelería casera
Viveros propios de marisco

O Corgo, 2B. O GROVE • Reservas: 986 73 07 48



Tapas Variadas
Cocedero
Vivero
Bar

O GROVE

Tel.: 986 73 27 16

Beiramar, 144 (Paseo Marítimo)



RESTAURANTE - HOTEL PINAREJO



Nuestro lema:
SERVICIO Y CALIDAD

DISPONEMOS DE 10 CÓMODAS HABITACIONES DOBLES Y 7 AMPLIAS Y CONFORTABLES HABITACIONES DE MATRIMONIO CON UN DORMITORIO ADICIONAL DE 2 CAMAS, todas exteriores, con baño, TV, parque infantil, aparcamiento propio y a 100 m. de la playa.

Especialidad en PESCADOS y CARNES a la BRASA, MARISCOS frescos y excelente TERNERA GALLEGA

RESTAURANTE - HOTEL PINAREJO

Ctra. de La Lanzada, Noalla - Sanxenxo - Telf.: 986 74 56 70

Xerfa

mesón - restaurante

Arca, 15A
Telfs. 986 691 875
606 609 643
PORTONOVO - SANXENXO
(Pontevedra)

www.descubregalicia.com
e-mail: mesonxerfa@hotmail.com

Posición GPS:
latitud: 42° 24'9" N
longitud: 8° 50'23" W
altitud: 38m



Raciones Típicas Gallegas: **Parrillada de Mariscos Especial de la Casa**

COMIDA PARA LLEVAR

AMPLIA CARTA

Tenemos Menú con tres Primeros, tres Segundos, Postre y Café

Tls.: 986 691 875 - 606 609 643

mesón

LAREIRA D' LAREXO

RECOMENDADO EN **tripadvisor**

RESTAURANTE OFICIAL DA "COFRADÍA DO CENTOLO LARPEIRO"

Alberto M. González
Graña, 7 B - Telf. **986 731 718** - 36980 **O GROVE**
www.lareiradolarexo.com · lareiradolarexo@gmail.com

Rutas al Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia

Disfruta con nosotros de la belleza natural de la **Isla de Ons** y las **Islas Cíes**: las rutas a pié, los miradores, las playas de arena blanca y agua transparente, la rica gastronomía isleña...

ONS Servicio de barco desde Sanxenxo y Portonovo en Semana Santa, puente de mayo y verano.

CIES Servicio de barco desde el puerto de Vigo en verano.

También puedes realizar rutas guiadas en catamarán con visión submarina, rutas especiales, eventos... Precios especiales para grupos y escolares.

Información y reservas:
T 986 731 343 - info@crucerosriasbaixas.com
Compra tu billete on-line en:
www.crucerosriasbaixas.com



COLONOS DE ONS EN 1843

Por: Lino J. Pazos Pérez

Para facernos unha idea do que sucedía nese afastado ano, direi que o *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra*, do luns 8 de maio de 1843, recolle un roubo ocorrido en Soutelo (de Montes) por unha “*gavilla de malhechores que fingiéndose carabineros de Hacienda*” lograron entrar na casa da Sra. Rosalía da Fonte onde roubaron “*tres mantas de lana del país, cuatro sábanas de estopa, la injundia de un cerdo, un macho nuevo, una tarabela, una azuela, unos calzones, y unos botines, una navaja de afeitar con su piedra y su espejo, seis camisas y seis calzoncillos de lienzo...*”.

No contexto político a cousa estaba aínda peor; ter en conta que, xa coa raíña Isabel II, que cumprira 13 o dez de outubro, gobernando o país, os revolucionarios de Vigo fanse coa capitalidade da provincia¹, aprestándose forzas das milicias ao mando do xeral Cotoner, que dispón de seis canóns, para rebaixar os fumes da cidade olívica, contando tamén coa presenza nas augas da ría da goleta da Armada *Minerva* que xunto co *quechemarín* mercante *San Felipe* conducirían “*artillería y municiones para las tropas que operan contra la plaza de Vigo*”, que xunto coa de Barcelona e Gerona (entre outras) subleváranse contra a nova rexencia (*Boletín de Noticias*).

Pero ademais, 1843 non sería un ano calquera, xa que pasaría á historia por avistarse un Cometa² que atravesou os ceos a unha velocidade de vertixe, sendo obxecto de zumarentos comentarios, e sobre todo de serias e agoireiras advertencias sobre a fin do mundo, cousa que aos galegos xa lles viña dado dende os tempos nos que a Santa Compañía deixábase ver entre os vivos, arrastrando tras dela aos mortos que deixaban esta vida.

Pois ben, como as desgrazas nunca veñen soas, e por efecto posiblemente do Cometa e a pretensión de Vigo con facerse coa capitalidade, os veciños de Ons vense agredidos pola administración máis próxima, que pretende obviar os dereitos contraídos por estes colonos ao longo dos anos que levaban traballando as illas de Ons e Onza.

Poder dos Colonos das Illas de Ons e Onza a dous do seu seo.

Lonxe foron os colonos de Ons para levantar acta da súa desconformidade co concello de Sanxenxo, posiblemente para que a nova non corra de boca en boca entre os funcionarios desa vila, que era a administración á que pertencía a Illa na década dos anos corenta do século XIX.

Non foron a Poio, nin a Pontevedra, Marín ou Bueu, que lles quedaban dentro da ría... non, foron a domear o cabo Home para achegarse a D. José Graña, Escribán do reino que tiña o seu bufete en Cangas, para conxuntamente nomear aos seus representantes para que estes os defenderan do que consideraban un agravio.

“*En la villa de Cangas a veinte y tres días del mes de Abril año de mil ocho cientos quarenta y tres: Ante mí*



Foto 1: Arquivo (AHPP)

¹ Forzas armadas de Vigo xa ocuparan a cidade de Pontevedra o 4 de outubro de 1840, tentando, dino eles, destruír a canonazos a igrexa da Peregrina, sen conseguilo (*Historia de dos ciudades. Diario de Pontevedra*, 14/10/1996).

² Dicia a prensa do fenómeno celeste ao que denominaron *Gran Cometa*, que “*su ancha cola abrazaba más de 60 grados, es decir, más de la cuarta parte del cielo. Ligeramente encorvada, presentaba en alguna manera la forma de una cimitarra, y se extendía en una dirección opuesta a la del sol...*”.

Escribano y testigos presentes, Francisco Comesaña³, Vicente López, Juan Benito Cabo de Vila, Juan Piñeyro, Francisco de Acuña, Florencio Blanco, Francisco Méndez, José Acuña, Manuel González, José Masenlle, Benito Estévez, Juan Benito Otero, José García, José Vilas, Antonio Domínguez, Miguel García y Benito do Campo, vecinos de San Esteban de Noalla, San Pedro de Villa Longa, San Tomé, San Martín de Moaña, y Santa María de Beluso⁴, juntos de mano común a voz de uno y cada uno de por sí *in solidum* y por el todo renunciando como expresamente renunciaron las Leyes de la mancomunidad según y como en ellas se contiene, haciendo el Vicente López por sí y por los más Colonos de las Islas de Ons y Onza pertenecientes al Distrito municipal de San Jenjo⁵ por quienes necesario siendo presta la suficiente capción de rato grato en forma, dijeron:

Que habiendo llegado a su noticia que una⁶ de las Parroquias del mismo Ayuntamiento que tiene solicitado se le revajen sus contribuciones y se carguen a las demás el alivio que aquella consiga, sin otro motivo que el deseo de minorarlas en perjuicio de tercero; aunque los otorgantes conocen que llegado el caso de ser acogida aquella petición, de ninguna manera debía cargarse a las Islas de Ons y Onza la menor cantidad por las excepciones especiales que concurren en ellas y no pueden ocultarse a toda autoridad; no obstante como por algún evento pudiera exigirse ese sacrificio a los comparecientes contra toda razón, a fin de que haya quien lo represente ante los Tribunales, por el temor de esa ejercerá y en aquella vía y manera que mejor cabida tenga en derecho otorga:



Foto 2: Antiga construción na illa de Ons que ben puidese remontarse a estes anos (maio 2000)

Que dan todo su poder cumplido el que tienen y legalmente se requiera más pueda y deba valer con clausula expresa de que lo puedan juran (...) y sustituir al expresado José García y en su defecto al indicado Vicente López para que juntos o cada uno por sí representando a los enunciados Colonos de las Islas de Ons y Onza parezcan y se presenten ante cuales quiera autoridades, Justicias o personas defendiéndoles en el asunto de que va dicho puerto (...) y hará conseguir favorable decisión con las Cuentas (¿) produzcan todo género de recursos oigan antes y sentencias intento anterior y definitivas, lo favorable comientan y de lo perjudicial apelen y suplican y lo sigan para donde deban, asistan a conciliaciones, y finalmente practiquen cuantas diligencias y afencias (¿) judiciales y extrajudiciales convengan y los comparecientes hicieran presentes siendo que el poder especial que para todo ello y lo incidente y dependiente anexo y conexo se requiera, se lo dan sin reservación ni limitación alguna y con libre amplia y franca y general administración revelación y las más cláusulas y fianzas para su mayor validación necesarias que han aquí por expresas con las de obligación sumesión prodencio (¿) y renunciación de Leyes en forma. Así lo dijeron, otorgaron y firman los que expresaron saber, y por los que no lo hizo un Testigo a su ruego de los presentes que lo son Francisco Ángel Lorenzo y Francisco de Acuña de esta villa, con José Ferradás⁷ de la expresada Feligresía de Beluso. De todo lo que y del conocimiento, yo Escribano (José Graña) doy fe” (AHP. Protocolos. Ca. 3374 – Folio 86).

3 Atopamos a un Francisco Comesaña que en 1829 asina como testemuña nun documento no que se establece un acordo sobre unha fábrica de salga entre Juan de Dios, duque de Patiño e Lucas Colomer, de Sangenjo (*Fomentadores de salazón, escabeche y conservas: ría de Pontevedra 1800-1960*).

4 A procedencia dos colonos tamén é variopinta, indo dende San Esteban de Noalla e San Pedro de Villa Longa, a San Tomé, que imaxino é o de Cambados, pasando a Santa María de Beluso, en Bueu, e finalizando na ría de Vigo, en San Martín de Moaña; a mágoa é non saber a procedencia de cada un.

5 O arquipélago de Ons pasaría a formar parte do concello de Bueu o 28 de novembro de 1844 (*A adscripción da Illa de Ons*. Rev. Pontevedra. Deputación de Pontevedra, páxs. 133-142. 1988). Información facilitada por Tino Pardellas.

6 O escribán prívanos de saber cal era esa parroquia que solicitaba a exoneración de impostos posiblemente por algunha causa maior, que descoñecemos.

7 O apelido Ferradás, que leva Manuel González, “Purro”, atopámolo na comarca de Bueu, no século XX, relacionado con carpinteiros.

Curiosamente a maioría dos 17 colonos, que axuntaron os seus esforzos para protestar ante a administración local, asinan o documento notarial, cousa que fala moi ben dos mestres da zona, xa que a taxa de analfabetos que había en Galicia era considerable, segundo vemos nos datos publicados no “Censo de la población de España, según el recuento verificado en 23 de diciembre de 1860”, no que o número de iletrados no noso país roldaba o 75% entre os homes e superaba o 85 entre as mulleres, aínda que moitos deles sabían asinar, apunta o documento.

Fotos: 1, 3, 4 Arquivo (AHPP)




Foto 3: Sinaturas dos colonos. Foto: Arquivo (AHPP)




Foto 4: Sinaturas dos colonos. Foto: Arquivo (AHPP)

UNHA HOMENAXE PERSOAL A JOSÉ CURT

Por: Cosme Damián Romay Cousido

Lembro con especial agarimo un venres ao mediodía tras saír do meu colexio no Grove. Debía ter eu 11 ou 12 anos e os meus pais comentáronme o seu plan de ir de compras a Pontevedra esa mesma tarde. Eu pregunteilles se podía ir con eles, e, abusando da súa xenerosidade, se me podían deixar na librería Michelena para ver os libros de natureza que alí se vendían. Eles non só accederon, senón que unha vez alí permitíronme mercar un dos libros que eu lle pedín tras “*peinar*” un bo anaco a sección naturalista da librería: a recentemente editada Guía das aves de Galicia da editorial Bahía, escrita polos compañeiros Xosé Manuel





Penas Patiño e Carlos Pedreira e profusamente ilustrada por Calros Silvar. Aquel foi para min un dos agasallos máis queridos, e que aínda conservo; este libro inspiroume e axudoume de modo singular na miña eventual vida naturalista. O orzamento paterno era o que era e quedoume pena de non mercar algún libro máis en Michelena: estaban os títulos de Estanislao Fernández de la Cigöña, algunha guía de Omega de prezo prohibitivo, e tamén varios libros dun tal José Curt que mirei e remirei con certa curiosidade: moito texto, fotos en branco e negro, esceas case costumistas e algo de poesía. Alí quedaron, para outra.

O apelido Curt volveu aparecer pouco despois mentras debullaba ávidamente a información da guía de Patiño, Pedreira e Silvar: unha cita de grou (*Grus grus*) na bisbarra do Grove fora referenciada por Curt! Esa era unha das

miñas aves favoritas, e o meu maxín recreaba a Curt observando quizais na marisma do Vao unha destas aves elegantes e pernilongas, perdida no seu periplo migratorio, mentras tomaba -quizais- as notas que lle servirían para os seus libros. E preguntábame: que relación tería Curt co Grove? Tería eu a oportunidade de velo algún día no campo? Seguro que se o vía iría canda a el para falar sobre a fauna meca, da cal eu descoñecía (e descoñezo) case todo.

Anos despois atoparía os libros de Curt na biblioteca da devandita vila grovense, e vin que, ao menos a finais da década dos 70 e comezos dos 80, José Curt residiu en Pontevedra. Iso podía explicar esas pretéritas visitas á miña vila natal, e tamén o moito que falaba do Moreno do Lérez, nun río antano fartureto de salmóns (*Salmo salar*). E preguntábame, aliás, se aínda habería algún daqueles libros seus en Michelena.





teiro que as “*alimañas*” non eran tal e que existía algo que se chamaba equilibrio ecolóxico? E que dicir deses 31 galegos e pico, todos singulares, únicos, e reservorios dun coñecemento da terra xa desaparecido ou a piques de desaparecer? Curt coñeceu unha Galicia viva, algo que el plasmou tal cal. Galicia segue viva pero afectada de moitas doenzas. Quizais na lectura dos seus libros teñamos algunha receita para sanar algún deses males. Xa só por iso ten a miña gratitude, que se ve aumentada polo tempo que adicou aos demais, entre eles a min, a pesar das súas propias doenzas.

Descanse en paz, mestre Curt.

Máis recentemente Xurxo Piñeiro emprestoume amablemente algúns dos títulos de Curt que non estudara aínda a fondo. Xa eu peiteando canas, vin nestas páxinas máis cousas que textos e esceas costumistas: había rexistros especialmente interesantes, como o do esgonzo ibérico (*Chalcides bedriagai*) tamén no Grove, e moitos datos de mamíferos, especialmente esquivos aos ollos do naturalista. E moito agarimo polo saber popular, por esa relación coa natureza tan próxima e tan dura á vez, que Curt soubo plasmar maxistralmente.

Grazas a Xabi Prieto, hai un par de anos tiven esa oportunidade de coñecer a Curt en persoa na lagoa da Frouxeira. Foi un encontro breve e apenas intercambiamos algunha verbas. Súbome a pouco. Tamén grazas a Xabi, puiden conversar telefonicamente con Curt. Desta volta foi case media hora de conferencia. Eu estaba sentando na mesa do laboratorio cun bloc de notas e un bolígrafo, e ía anotando a ideas que el debullaba sobre esgonzos ibéricos, sobre a caza, sobre como cambiaron os hábitats, sobre O Grove, sobre Pontevedra... Non falamos de grou pero esta conversa tamén espertou o meu maxín logo de despedirnos cordialmente e colgar: cantas cousas máis viviría Curt no campo e quedaron sen ser plasmadas? Cantas dificultades e sinsabores atopou cando tiña que convencer a un *escopei-*



NOTA: “publicado orixinalmente no blogue “Bichos e demais familia”, de Xabier Prieto Espiñeira (bichosedemaismaisfamilia.blogspot.com).

DIDIO RIOBÓ: QUIXO VENDER ONS EN 1934 “UNHA SUPOSTA COLONIA PARA VAGOS E MALEANTES”

Por: Fernando Trigo

Este artigo podería comezar no ano 1810, cando deciden armar Ons cunhas baterías e non hai cartos para sacar o proxecto adiante. Planean parcelar a Illa e vender ou alugar esas parcelas. Aínda que sabemos que houbo compradores nese intre e que posteriormente xurdiron máis, podemos supoñer que non houbo documentación asinada que o lexitimara ou, polo menos, aínda non saíu á luz.

O que si é certo é que eses primeiros compradores considerábanse donos desas terras polas que pagaran uns cartos ou un canon e que, despois dos preitos, querelas e disputas que mantiveron o Cabido, os herdeiros de Francisco Genaro Ángel e o Marqués de Valladares entre 1828 e 1833, aprox., pola propiedade da Illa, cando saíu vitorioso o Marqués, os veciños non o consideraban dono, polo menos das terras que eles posuían e traballaban, así que tivo, o Marqués, que chegar a un acordo con eles, quizais dun xeito pouco lícito, logrando a confianza dos veciños máis podentes ou dominantes e conseguir que os demais apazugaran as súas pretensións de posesión e claudicaran ante el.

Quizais un deles foi Marcial Bernadal que pasou a ser o seu capataz e que vai ter, anos máis tarde, un papel importante na compra-venda da Illa xunto ao Sr. Manuel Riobó.

O importante é que nestes anos de posesión de Ons a mans do Marqués, a Illa vai sufrir uns cambios económicos importantes que vai mudar a vida dos seus habitantes.

O Marqués comeza realizando un Apeo no ano 1835 sobre os terreos cultivados na Illa de Ons, onde fai constar as persoas ou familias que os traballan e os seus lindes. Ofrece aos seus veciños axuda económica, así como tamén, animais e os trebellos necesarios para realizar de forma máis eficaz os labores agrícolas. Polo ano 1837 facilítase a instalación dunha fábrica ou almacén de salga en Ons o que vai cambiar definitivamente, co paso dos anos, o factor económico da Illa, pasando dunha pesca de subsistencia a ser o motor económico dos seus habitantes, quedando a agricultura para autoconsumo e pago de renda, retribución que tamén paseniñamente pasará a ser aboada con cartos.

Os anos que o Marqués e os seus herdeiros, xunto co capataz Bernadal, estiveron como donos-administradores da Illa de Ons, parece ser que foron tempos de tranquilidade entre os veciños na súa loita pola titularidade das terras que traballaban, aínda que non podemos descartar, polo que imos ver a continuación, que as ascuas seguían prendidas.

Despois do peche da fábrica de salga, os herdeiros do Marqués comezan a desinteresarse pola Illa e é alugada a Bernadal. Supoñemos a este illán como unha persoa con bastante temperamento e peso entre os demais veciños o que fixo que os trouxera a raia, facéndose case co control de todos os recursos, tanto agrícolas como pesqueiros. Segundo relatan os veciños máis vellos, escoitaban aos seus pais falar mal del por como os trataba, pero tíñanlle un enorme respecto e moito medo.

Despois de renovar Bernadal o contrato de alugueiro polo ano 1917, aparece na vida illá outro personaxe, Manuel Riobó Guimeráns. Médico e adañeirado que emprendeu conversas con Bernadal co fin de formar unha sociedade e mercar a Illa, cousa que fixeron a comezos do ano 1919. A partires destes intres os illáns estaban sometidos, nun réxime case que feudal, aos dous donos.

Pero as cousas pronto trocaron. Pasado un ano da compra, comezan as desconfianzas entre os dous e estas acaban nos xulgados. Bernadal, consegue que os veciños lle apoiem contra Riobó creando un profundo malestar que vai provocar moita tensión entre Riobó e os illeiros, buscando este a solución na compra da parte de Bernadal e quedando como dono absoluto, cousa que se fixo realidade a principios do ano 1921. Pero o conflito continuaba, cabe pensar que, dende a sombra, Bernadal seguía incitando aos veciños contra Riobó e este veuse obrigado a buscar solucións pouco sociables e drásticas que axitaron máis os conflitos, e así a finais de 1921 asinaron unha acta de conciliación que no era máis que un sometemento dos veciños recoñecéndoo como dono absoluto da Illa.

O mesmo que pasara co Marqués, esa acta deixa moitas dúbidas de legalidade tendo en conta o nivel cultural dos veciños. Teremos que supoñer que foi unha estratexia formulada polas autoridades a favor de Riobó, contando co beneplácito dalgúns veciños que se viron beneficiados co novo dono e coas normas que este vai a impoñer.

A partires de aquí comeza unha etapa, cunha calma aparente, pero que traerá unha tranquilidade económica para os veciños ao obter e vender na propia illa a materia prima que pescaban nas súas augas.

En 1930 vai ser o seu fillo Didio Riobó o que vai levar os negocios de Ons e é ben recibido polos veciños, nun principio, pois ven nel a unha persoa máis liberal que o seu pai.

A chegada da República vai traer de novo conflitos para Ons. Os illáns ven nesta nova forma de goberno, a posibilidade de que as súas antigas reivindicacións vaian arriba, contando ademais agora cun grande apoio, o mestre Joaquín Fernández Cambeiro que se porá do seu lado e lles axudará nas súas reclamacións, ante as autoridades.

Ante os acontecementos, Didio, como bo republicano, non vai ter inconveniente en que Ons pase aos veciños, pola nova Lei de Reforma Agraria que si se podía levar a cabo en Ons, sempre e cando el reciba os cartos que lle corresponden polas inversións feitas na Illa.

É aquí cando comezan os trámites burocráticos e políticos para conseguilo, ao mesmo tempo que a tensión entre veciños e dono ían en aumento. Tanto pola banda dos veciños que coa axuda do seu mestre se dirixen de xeito continuado aos gobernantes e autoridades locais; como por parte de Riobó que vai a entrar en contacto coas altas esferas políticas e vai a provocar que xurda no goberno republicano a idea de mercar Ons.

COMPRA DE ONS PARA MONTAR UNA COLONIA DE VAGOS E MALEANTES

Podemos supoñer que Didio Riobó, como republicano e ben relacionado económica e politicamente, buscou unha saída a este complexo problema. Nas súas continuas visitas a Madrid para entrevistarse cos políticos do momento, puido xurdir a idea: Facer unha compra estatal de Ons poñendo unha desculpa crible e así que o seu propietario reciba os cartos que lle corresponden. Despois xa se buscaría o xeito de arranxar o problema veciñal, de aí o proxecto de crear en Ons unha colonia para *vagos e maleantes*.

No xornal <Compostelano> en 1934 o Director Xeral de Prisións dicía: “... el problema en orden al régimen de penales que tiene planteado ahora España es derivado de la Ley de Vagos. No hay establecimientos apropiados para su internado que cumplan las condiciones para dicha Ley... He visitado la Isla de Ons ... tiene excelentes condiciones por su topografía”. O 22 de maio de 1934 o xornal <El Pueblo Gallego> dicía: “...llega a nuestro conocimiento que el Consejo de Ministros aceptó el ofrecimiento que el propietario vigués señor Riobó hizo de todos los terrenos que se precisen para establecer en la Isla de Ons una de las colonias penitenciarias de nueva creación”.

De novo no xornal <El Pueblo Gallego> o 21 de xullo de 1934 comenta: “Llegó a la ciudad de Pontevedra el Director de Prisiones acompañado del arquitecto del ministerio y de dos altos funcionarios... desde Sanxenxo embarcó en una gasolinera para trasladarlo a la Isla de Ons donde se piensa instalar la colonia de Vagos y Maleantes”.

Parece que Riobó conseguira a solución perfecta para vender a Illa e que fose o Estado o que buscara solución ao problema veciñal. Tal era o compromiso que xa había un mapa do lugar. No xornal <El Pueblo Gallego> o 25 de maio de 1934 sae publicado o mapa da zona elixida (Foto 1). Sen embargo no mesmo xornal o 27 de maio de 1934 xa se empezan a escoitar as primeiras voces en contra. (Foto 2) e continúan o 14 de xuño de 1934 no periódico <El Tea> de Pontearreas (Foto 3).



Opiniones

NO SON PENITENCIARIAS LO QUE PRECISAMOS

Nos hacemos eco de esa protesta radiada por “Lar Gallego” —alguna vez había de latir en esos consulados ociosos una preocupación eficiente—, a fin de que Galicia no conste que pueda prosperar el propósito, atribuído a la Dirección general de Prisiones, de establecer en la Isla de Ons un campo de concentración de individuos incurridos en la Ley de vagos y maleantes.

Son otras las cosas que deberían hacerse en la Isla de Ons, en donde una población de colonos arrastra una vida mísera, de largo trabazo y corto rendimientto, sin que ningún Gobierno de la República haya considerado humanamente preciso abolir un régimen de supervivencias medioevales. En muy pocos sitios, y acaso en ninguno con menos dispendio, pudo haberse ensayado uno de esos asentamientos que perfiló en prosa legislativa la Reforma Agraria, como en este de Ons, islote rondado por el mar y por la codicia del terrateniente. El lugar era propicio para instalar jurídicamente sobre él a unos cientos de trabajadores que pudiesen demostrar su capacidad de empresarios. Está aquello en condiciones para funcionar bajo un módulo colectivista. Podía ser hasta un Estado en miniatura, al que daría exterioridad de tal incluso el abrazo líquido que lo cerca, si no fuera que sus inquilinos no trabajan actualmente para un amo, aún con leve perfume feudal. Poco, muy poco, haría falta allí para troquelar sin convulsiones la isla en régimen de asentamiento. Hay, por de pronto, la costumbre de vivir dentro de un modo de Gobierno al que cuesta trabajo adaptarse, y cuya deshabitación —según ha propalado, estirando la nota pintoresca, cierta Prensa— es la mejor contribución al fracaso del sistema. En otras partes, como en Extremadura, en donde se intentó convertir en realidad la Ley, el Estado gastó, sin éxito, mucho dinero. En Ons, con muy poco, se hubieran obtenido resultados óptimos. Faltó sin duda la sugerencia de quienes tenían obligación de proporcionar, para estimular una acción ministerial.

En cambio, se acuerdan en Madrid de que Ons existe para convertirse en colonia penitenciaria. ¡Para forzados, aquellos! No. Evidentemente, que no tiene Galicia por qué cargar con una vecindad que no había de beneficiarnos precisamente. Eso por una parte. Por la otra, el establecimiento de un campo de concentración como el que se pretende, llevaría consigo el desahucio de los actuales habitantes de Ons, que malviven allí claramente, pero que soportan una existencia durísima con la vaga esperanza de un día en que España o Galicia se pongan a hacer reflexiva justicia social, les sea tomada en cuenta.

Si fué atendida la reclamación que formularon las Islas Canarias, para que en cualquiera de sus aisladas, extensas e inhóspitas zonas se localizaran las penitenciarías en proyecto, deben ser respetadas nuestras razones, ya que Ons, además de estar enclavado en lugar turístico, tiene unos usuarios y también porque su situación vive esta temeraria contemplación para esta necesidad, mitad bélica y mitad represiva, por la que se le ha decidido, víctima del contagio, el Estado español.

¡A no ser que se piense ahora en compensar generosamente a Galicia, y se haya ideado favorecernos con este obsecuio! Nada es ya imposible bajo nuestro sol.

Foto 3

APUNTES
NATURALES

Colonias Penitenciarias y
Campos para Maleantes

¡Buen regalo, éste que quiere hacerse a Galicia! Por fin, sin necesidad del pedigüeño balbuceo de los diputaditos, —más o menos monárquicos— que siguiendo la tradición del costumbre del viejo caciquismo, imploraban el favor oficial para sus colonias penitenciarias, el gobierno de la República democrática española —con permiso de San Gil y de San Calvo— va a crearse en la isla de Ons una granja agrícola, para residencia de vagos y maleantes.

¡Vaya regalo!
Solo a Galicia le faltaba esto. ¡Que bonito espectáculo tendrán las rías bajas para expansionar más el interés de nuestros turistas visitantes!

¡Una universidad del crimen y del robo, entre el bello verdor del mar gallego, y con todas las más refinadas instalaciones modernas de aparatos agrícolas de mentirijillas!

¡Solo ese insulto y ese trallazo le faltaba, a nuestra resignada mansedumbre! Galicia que no ha pedido nada más que trabajo, y una legislación honrada para sus problemas, le indilgan el regalo ese, como un «Maná» de favor.

¡Suerte que tenemos los gallegos!

Una Colonia Penitenciaria, absorta en el corazón de una región eminentemente pacífica y trabajadora, era el único sarcasmo que a nuestra tierra le faltaba, en su eterno «Viacrucis».

¡Y todo a tenor del ofrecimiento de un señor, más o menos desconforme con el criterio de sus campesinos colonos, que le plantearon en esta isla el problema eterno de la tierra?

Quando los gobiernos centralistas relegaron al olvido el Cooperativismo y dejaron huérfanas de protección las fuentes de riqueza del agro elevando las tarifas ferroviarias, no dándole trato de favor al problema del maíz, y si al del arroz valenciano; cerrando, con su política aduanera, los mercados de nuestra industria conservera; grabando con más recargos los impuestos; con el fantasma del hambre y la paralización absoluta de toda obra bienhechora, vienen y nos «regalan»... ¡lo que otras regiones protestan como plaga desoladora. ¡Bona manera de considerarnos a los gallegos!

¡Quando digo yo, que Galicia nos huele a tierra «indiana» donde no consideran a sus moradores, no más que como carne de explotación!

¡Y, lo más sarcástico, es el sutil e hipócrita velo, con que quieren cubrir el baldón de esas Penitenciarías, llamándoles Granjas de experimentación agrícola.

¡Como si nos pretendiesen aún vender el favor!

En todos nosotros está el recuerdo de nuestra horriandad, ya en el campo, la industria y el comercio; para que puedan embaucarnos unos cautos, más o menos de «Sirentas»... del mar...

¡Que dirán a esto, esos diputaditos gallegos, que mangonean hoy en el tinglado gubernamental?

Y no obstante, están esas tierras recientemente ocupadas por el coronel Capaz, sin pobladores que fertilicen sus campos, y sin brazos que humanicen sus desembarcaderos terribles.

De novo o <Compostelano> o 17 de xaneiro de 1935 faise eco dos lugares onde se van a instalar en toda España esas colonias, facendo fincapé na de Ons dicindo: **“... tendrá especialidad agrícola, ya que el terreno de Ons es a propósito para ello”**. Xa no mes de outubro dase por feito a aprobación para Ons desa colonia e así o vemos reflectido no <Pueblo Gallego> o 15 de outubro de 1935. (Fotos 4 – 5). Parece que Didio Riobó xa tiña conseguido que o seu propósito fora aprobado polo goberno.

Vemos tamén no <Eco de Santiago> que difunde unha nova publicada na <Gaceta> que di: **“Se autoriza la adquisición de la Isla de Ons en 600.000 pts.”**

Da mesma nova faise eco o <Pueblo Gallego> ao día seguinte: **“Decreto autorizando al ministro de Trabajo para que adquiera por gestión directa la Isla de Ons (Pontevedra), para instalar en ella la colonia agrícola para vagos y maleantes”**.

Pero seguen a xurdir voces en contra de dita compra e non só polo tema de traer a Galicia a persoas “indesezables” senón polo custe da operación que algúns xa ven como un “raro negocio”. Así no <País> do 2 de novembro de 1935, sae publicado unha nota que di: **“...días pasados nos hicimos eco...en torno a un supuesto negocio radical con motivo de la adquisición por el Estado de la Isla de Ons... hicimos las averiguaciones oportunas. Como resultado de las mismas no tenemos inconveniente en declarar, pues no está en nuestro propósito perjudicar al dueño de la finca, que la cifra de doscientas cincuenta mil pesetas que se daba como oferta de venta hace algún tiempo, no se ajusta a la verdad, pues hay que añadir otro importante concepto en operaciones financieras hechas por la garantía del mencionado propietario que eleva la cifra a medio millón de pesetas... para que no haya beneficiados intermediarios que encarezca el precio, se nos ocurre que por técnicos oficiales del Estado se practique la correspondiente evaluación que sirva de base para la fijación del precio de venta”**.

Algo debeu pasar en Madrid, quizais houbo protestas dalgún potentado conserveiro galego apoiando aos veciños que xa se informaran das pretensións de Riobó ou tal vez polos problemas políticos que estaban a xurdir neses intres, o certo é que o 6 de febreiro de 1936 o <Eco de Santiago> xa publica nas súas páxinas a posible anulación da compra da Illa de Ons e no <Pueblo Gallego> de 9 de febreiro de 1936 xa sae publicado o decreto de anulación da compra. (Fotos 6 -7).

A partires de aquí xorden os acontecementos que deron pé á sublevación franquista que provocou unha persecución contra as persoas de ideais republicanos e democráticos que trouxo como consecuencia que o Sr. Didio Riobó, ao sentirse perseguido, decidira tomar o fatal desenlace de suicidarse na súa casa illá en outubro de 1936.

Sete anos máis tarde a Illa de Ons é expropiada polo Estado.

Fotos 4 e 5

EL PUEBLO GALLEGO

Ampliación del Consejo

FUE APROBADO UN PROYECTO DE LEY DE JUSTICIA PARA INSTALAR UN CAMPAMENTO DE VAGOS Y MALEANTES EN LA ISLA DE ONS

UN CAMPAMENTO DE VAGOS Y MALEANTES EN ONS

Seguidamente se trató de otros asuntos de trámite y se estudió con detenimiento el proyecto de ley del Ministerio de Justicia y Trabajo sobre instalación de un campamento de vagos y maleantes en la isla de Ons que mereció la aprobación de sus compañeros de Gobierno.

Fotos 6 e 7

Firma presidencial

SE DECLARA NULA LA ADQUISICION DE LA ISLA DE ONS

Otros decretos firmados por S. E.

TRABAJO, JUSTICIA Y SANIDAD. — Aceptando la dimisión del fiscal de la República, D. Manuel Iglesias Corral.

Declarando nulo y sin ningún valor el de 23 de octubre de 1935 relativo a la adquisición directa de la isla de Ons (Pontevedra) para que la instalación en ella de una colonia agrícola de vagos y maleantes.

FROIZ



Siempre a su servicio



GARDO

ALUMINIOS PVC



DIRECCIÓN

C/. Ponte Dena, 3
36967 Dena - Meaño [PO]

TEL./FAX

T. 986 070 157
T. 625 015 067

E-MAIL/WEB

info@aluminiosgardo.es
www.aluminiosgardo.es



TABERNA
LAVANDEIRO
Corgo, 2

O GROVE



mariscos - cocina caseira
viños de Galicia

Telf.: 986 731 956

O GROVE (Pontevedra)





**ESPECIALIDAD EN: PULPO,
PESCADOS, MARISCOS Y CALDEIRADAS.**

MENÚ DEL DÍA

**Amplio comedor para:
EXCURSIONES, GRUPOS,
ESCOLARES, DESPEDIDAS...**

696 991 986



**PROFESIONALIDAD Y EXPERIENCIA
ILLA DE ONS**



Arra, 8 - 36970 Portonovo (Pontevedra)
Telf. Bar: 986 691 991
Telf. Casa: 986 723 029 - 986 691 617
www.casazulema.com
info@casazulema.com
Situada a 900 m. de la Playa Montalvo



El hotel Gaviota se encuentra en Sanxenxo, en el entorno natural que rodea a la playa de Montalvo, una de las más bellas de la zona, a 200 m. del hotel. Dispone de habitaciones dobles y exteriores con terraza, cuarto de baño, televisor y calefacción. Cuenta con piscina, jardín, aparcamiento, cafetería con terraza, salón social con biblioteca, recepción, WI-FI gratis.

Playa de Montalvo, 32 - 36979 SANXENXO (Pontevedra)
T. +34 986 72 39 42 - info@hotelgaviota.es - www.hotelgaviota.es

FAROS E BALIZAS DA RÍA DE AROUSA E A SÚA CONTORNA

Por: Emilio Ferrer Jaureguizar

No ano 1858, reimpresso por Real Orde, ve a luz o *Plan General para el Alumbrado Marítimo de las Costas y Portos de España e Islas Adyacentes* proposto pola comisión Especial de Faros e aprobado por Real Decreto de 13 de setembro de 1847. Tamén en 1858 se imprime en Madrid na Imprenta Nacional, igual que o anterior, o *Plan General para el Balizamiento de las Costas y Puertos de España e Islas Adyacentes*.

En dito decreto e despois de considerar si son convenientes os aparatos catóptricos, ou de reverbero, si os espellos reflectores son convenientes ou non, e si o colorido debe aplicarse só nalgúns paraxes, xa que absorben 1/3 da luz afectando ao seu alcance, coincide en afirmarse e nomear a dous grandes inventores: o astrónomo francés Arago, o enxeñeiro do *Cuerpo de Puentes y Calzadas* A. Fresnel e a aqueles personaxes posteriores que melloraron ditos aparatos luminosos, os fabricantes Soleil, Francois e Lepante de París baixo a dirección do enxeñeiro L. Fresnel (irmán do anterior), ditos aparatos recoñecidos e preferidos ata polos ingleses (sic).

Din que en España temos dende hai 8 anos un faro desta clase, o de Santander e, en Vigo, Alacante e A Coruña tamén se colocaron aparatos da mesma especie. Todo isto ven a colación porque, se afirma con grande cantidade de razoamentos, que a inseguridade dos barcos que navegan polas nosas costas é claramente manifesta. Valga a anécdota, recollida noutra parte do informe, de que na desembocadura do río Bidasoa e na súa extremidade oeste atópase situado o Cabo da Higuera onde o gremio de mareantes de Fuenterrabía (actual Hondarribia) acende unha luz fixa durante as noites de inverno e nas noites tempestuosas das demais estacións.

Entre os faros que deben establecerse atópanse:

Corrubedo, onde debe situarse un Faro de Terceira Orde, gran modelo, que produza luz fixa que ademais de contribuir á mellor iluminación de dita costa, debe facilitar a entrada da Ría de Arousa, sen máis gasto que unha pequena luz que poderá situarse para o mellor servizo da mesma Ría na Illa de Sálvora, e outra de igual clase no Monte Campelo da Illa de Arousa.

Debido ao retraso de 10 anos na publicación do decreto, algunhas obras xa se comezaran e outras incluso finalizaran. Por exemplo, o faro de Corrubedo xa se construíra e ilumina dende o 20 de febreiro de 1853. Na illa de Sálvora colocouse nun edificio construído ao efecto unha luz fixa de Cuarta Orde, variada por escintileos vermellos de 2' en 2', e esta acendido dende o 19 de outubro de 1853. En canto á luz da Illa de Arousa, está situada nun edificio construído sobre a Punta chamada do Cabalo, o seu aparato é de luz fixa de Cuarta Orde e ilumina dende o 19 de outubro de 1853.

Tamén aluden os redactores do decreto, que a numerosa poboación dos portos e enseadas das Rías de Galicia e, o fomento que merecen as pesquerías e outras industrias establecidas nelas, reclaman para o seu mellor servizo unha porción de luces interiores cuxas aparencias nalgúns casos será preciso variar. Por tanto, vense na obriga de chamar a atención que acaso pode merecer a Illa de Ons, onde en 1858 xa se mandara facer o estudo correspondente a fin de sinalala cunha luz local, e algún punto inmediato para entrar con seguridade na Ría de Pontevedra como na pedra chamada Pao, dentro da barra de dita Ría, onde fai falla unha baliza e na chamada San Miguel, na Punta de Millabao (sic) preto do Puerto-Marín (sic), debe conservarse.

Facendo un resumo:

Faro de Corrubedo dotado dun aparato de Terceira Orde, gran modelo, con luz fixa en todas direccións, cunha intensidade de 70 mechas e un alcance de 15 millas.

Illa de Sálvora, luz de Terceira Orde, fixa variada por escintileos cunha intensidade mínima de 6 mechas e máxima de 120 (sic) e un alcance máximo de 15 millas.



Mapa cos tipos de faros dende Corrubedo ata Baiona. Obsérvase que o Faro de 5ª ou 6ª Orde correspondente a Ons, parece ser que nun primeiro momento radicábase na Illa sur

Illa de Arousa. Punta Cabalo. Sería unha luz fixa e de Cuarta Orde, pero ao non proporcionarnos máis datos, ditas luces de Cuarta Orde podían ser de gran ou pequeno modelo co que a intensidade máxima sería de 15 mechas naqueles e de 9 nestes últimos cun alcance máximo de 10 e 9 millas respectivamente.

Tamén engade o decreto un estudo pormenorizado do custe dos faros, distinguindo entre prezo da edificación e dos aparatos.

En canto ao prezo das construción dos edificios:

10 Faros de Primeira Orde	1.610.000	reais
12 Faros de Segunda Orde	1.130.000	“
20 Faros de Terceira Orde	1.125.000	“
Torres precisas os de Cuarta Orde e demais luces.....	2.000.000	“
TOTAL	5.865.000	reais

En canto aos aparatos, con embalaxe, transporte e colocación nas torres:

11 Aparatos de Primeira Orde	2.297.360	reais
15 Aparatos de Segunda Orde	2.674.420	“
25 Aparatos de Terceira Orde	2.327.120	“
54 Aparatos de Cuarta Orde máis fanais de todas clases	1.257.200	“
TOTAL	8.556.100	reais

Podemos entón facer un cálculo preciso do custe total tanto do Faro de Corrubedo que ascendeu a 149.334 reais, como o custe dos aparatos dos faros de Sálvora e Illa de Arousa que ascenderon a 23.281 reais cada un; non podemos sen embargo precisar o custe destes dous últimos edificios.

O combustible usado para as luces era aceite e xustificábase da seguinte maneira:

Suposto que o servizo dos Faros faise por empregados públicos e a coste do Estado, o sistema de administración que parece preferible para esta clase de establecementos é o de contratar por un ou máis anos a provisión do aceite necesario para o alumeados de cada un ou de certo número deles. E conclúen que farían falla dúas contratas, unha para a costa Norte e Oeste e outra para Mediodía e Levante incluídas Baleares.


Debido á súa abundancia e calidade en España, exclúese outro tipo de aceite que non sexa o de oliva, non debendo admitirse (para o alumeados) senón o mellor aceite polo seu bo olor, sabor, color e pureza (sic) e para comprobalo se someterá ao aceite a unha proba consistente en colocar dúas ou tres *mariposas* que floten acendidas na cantidade de aceite que se necesite para 16 horas e cando as *mariposas* se apaguen espontaneamente antes de que pases 10 horas, considerárase ese aceite inservible para o alumeados dos Faros.

Estiman o consumo de aceite dun Faro de Primeira Orde en 3.165 quilogramos anuais que cun prezo de 5'30 reais(kg. dará un total de 16.774'5 reais ao ano.

En canto aos salarios a percibir polos fareiros, eran os seguintes:

- Torreiro principal, 14 reais día.
- Torreiro ordinario, 11 reais día.
- Torreiro auxiliar, 8 reais día.

Xa dende facía un século recadábanse nos portos de España, baixo a denominación de Arbitrios de Lanterna ou Fanal, moito antes do establecemento do novo *Plan General de alumbrado Marítimo* un imposto xenérico coñecido co nome de Lanterna. Dito imposto establecido por Real Arancel do Almirantazgo o 23 de decembro de 1748 nos portos da Coruña, Cádiz, Málaga, Tarragona, Barcelona e Palma, consistía nas cotas que pagaban os buques:



Navíos, 6 reais.

Bergantíns e demais barcos de cruz, 4 reais.

Velas latinas ata 3.000 quintais, 2 reais.

Velas latinas ata 1.500 quintais, 1 real.

Velas latinas ata 800 quintais, libras.

Estes impostos alteráronse en:

Cádiz, por R.O. 24 de xuño de 1795, onde ademais do dito, 12 marabedís por tonelada a buques españois e 24 a estranxeiros.

Coruña, por R.O. de 23 de agosto de 1815 e 5 de setembro de 1816, gravábase 1 real por tonelada aos buques españois e 2 reais aos estranxeiros.

Málaga, por R.O. de 18 de abril de 1827, aumentouse igual que en Cádiz.

Máis tarde outras cidades con faros e fanais non comprendidos no arancel do almirantazgo, variaron tamén as súas taxas.

Os produtos dos anteriores arbitrios cobrados polas aduanas no ano 1846 ascenderon a 779.047'32 reais.

Noutro apartado de dito Plan de Alumeado, faise referencia á sinalización con Boias dos seguintes puntos:

Cabo Corrubedo: No baixo da Pragriña, o máis franco do Cabo Corrubedo e que só se descubre cando hai mar grosa ou en baixamares, debe establecerse unha Boia de Campá modelo A ou B.


Ría de Arousa: Son tamén necesarios e se designarán con Boias dos modelos C, D e E os seguintes puntos:

- Unha no punto máis cara ao oeste dos arrecifes de Sagres.
- Outra no Meijón, outra en Torcadiña ou Torcadeira, ídem no punto máis ao sur da Laxe de Sálvora, ídem ao norte de Punta Asadoiros, ídem na Centoleira Chica, ídem no sinal de Castro, ídem na Piedra Seca e unha por última de Campá na pedra que hai ao oeste da Punta Barbafeita.
- Ademais débense sinalar con Boias sinxelas os baixos próximos e ao sur de Lobeira, o Sinal do Maño e algúns outros cuxa enumeración omítese por non ser de tanta importancia.
- Isla Rúa. Baliza de luz. É incuestionable a utilidade que ha de prestar aos buques que xa entraran no Canal Grande para dirixirse de noite, aínda que con moi mal tempo, a fondear ao abrigo da Illa Rúa, a baliza de luz que convén establecer na paraxe conveniente dela, coidando de que non se poda confundir coas demais luces daquela Ría.


San Jenjo: Para a enseada que hai ao sur do pobo de San Jenjo, na entrada da Ría de Pontevedra, designáronse e poderán ser útiles algunhas Boias-balizas coas que se distinguirían algúns baixos, pero non puido formarse idea deles por non dalos a coñecer o plano nin derroteiro, e así se apraza a súa especificación pareca cando se faga o estudo local correspondente.

No mesmo caso atópase os canais do N.S. por onde pasan os buques maiores, pola parte N.O. da Illa de Ons.

Ría de Aldán: Unha boia do modelo C no baixo Dado-con (sic) e outra D en Cabeza de Arcay serían convenientes.



Faro de Terceira Orde similar ao de Corrubedo



Faro de Cuarta Orde, instalado en Sálvora e Punta Cabalo na Illa de Arousa

NA RUTA XACOBEEA MARÍTIMA

INTERESANTE NAUFRAXIO MODERNO PRETO DE ONS

Por: Yago Abilleira Crespo

Recentemente acaba de finalizar o “Proxecto Cíes”, que supuxo unha gran colaboración por parte da Armada. No marco desa colaboración, a Armada facilitou varias posicións de posibles naufraxios. Unha delas está en alta mar, á altura da illas de Ons. A documentación indica que, posiblemente, corresponda co naufraxio dun esquecido barco de guerra a vapor, ó CONDE DE VENADITO. Imos recuperar a súa historia.


Era un buque militar, sendo máis técnicos, un cruceiro non protexido de segunda clase. Pese a ter apenas 64 metros de eslora (longo), tiña 4 canóns de 120 mm, outros 2 de 70 mm, 4 metralladoras e 2 tubos lanzatorpedos. Non era un barco que puidese gañar batallas... pero tampouco había que perdelo de vista. Foi construído en Cartagena (Murcia) e rematado en 1891. Aínda que tiña máquina de vapor, contaba tamén con mastros e velas, deste xeito, podía aforrar o escaso e caro carbón, ou incluso seguir navegando en caso de importante avaría na maquinaria.

Ó principio participou en actos protocolarios e diplomáticos, pero pouco lle durou a vida pacífica. Os seus primeiros canonazos de combate foron na inacabable guerra do Rif (Norte de África), onde realizou bombardeos ofensivos e defensivos, cubrindo ás tropas españolas que se retiraban. No ano 1895 foi destinado ó Caribe, participando en operacións contra os insurrectos cubanos, pois daquela Cuba aínda era española.

A guerra de 1898, contra os Estados Unidos, sorprendeulle no porto de La Habana. Dende alí fixo algunha patrulla, para espantar ós buques americanos que bloqueaban o porto, con tal éxito que se viron obrigados a mandar máis barcos, os cales non puideron participar noutras operacións contra a illa. Importante triunfo para unha embarcación desas características. Ó rematar os combates, como seguía a flote e aínda podía navegar (algo ranquéante, iso si), volveu a España traendo os restos do famoso Cristóbal Colón (paisano da Ría de Pontevedra, segundo moitos) e do Capitán de Navío Joaquín Bustamente, heroe da Guerra de Cuba e inventor dunha excelente mina marítima para afundir barcos inimigos.

Xa en España, foi brevemente destinado ó Cantábrico, onde participou en labores de vixilancia e rescate de náufragos. No ano de 1900 chegou a Ferrol onde foi dado de baixa coma buque de guerra. Tras desmontárselle o armamento, blindaxe e moitas pezas útiles acabou usado coma escola de torpedistas en Ferrol, e logo coma pontón (almacén). En 1929 foi remolcado ata a *Escuela Naval de Marín*, onde serviu coma cuartel flotante. Finalmente acordouse que fora usado coma albo nunhas prácticas de tiro. Acabou afundido tras a primeira salva do cruceiro *Libertad* (ex *Principe Alfonso* e futuro *Galicia*) a mediados de Xuño de 1936, días antes do comezo da Guerra Civil. A prensa da época dedicoulle unhas cariñosas palabras a este buque que, literalmente, foi útil ó seu país ata ó final.

Precisaríamos de máis estudos e comprobacións, pero todo apunta a que a posición deste histórico barco de guerra xa se pode indicar nas cartas náuticas. Iso si, demasiado profundo coma para ser mergullado, para desgraza dos que temos esa fermosa afección.



O Colón, buque xemelgo do Conde de Venadito. Fonte todoavante

Fontes:

www.todoavante.es

Xornal El Correo Gallego 19-Xun-1936

ILLA DE ONS, NAUFRAXIO INGLÉS DE 1604 NA RUTA MARÍTIMA XACOBEEA

Por: Yago Abilleira Crespo

Rematamos pois cos curiosos documentos que se gardan no *Archivo Histórico de la Nobleza* (Toledo) sobre a Illa de Ons na sección do Marquesado de Mos-Valladares, pois os restantes documentos tratan sobre asuntos máis cotiáns: temas da pertenza da illa a tal ou cal señor ou o pastoreo e caza non autorizados nas terras do señor. Neste caso trátase dunha testemuña que, pola causa que fora, separouse do expediente principal e alí quedou. Unha mágoa, porque seguro que o expediente daba máis información. Nesta ocasión púidose ler todo o documento, agás algunha que outra palabra solta.

En 1604, Inglaterra e España estaban en guerra...sobre o papel. O ano anterior morrera sen fillos a raíña inglesa Isabel I, da dinastía dos Tudor, e sucedelle no trono Jacobo I, da dinastía dos Estuardo. Atrás quedou un largo conflito, no que destacaron a Armada Invencible e a defensa de A Coruña por María Pita. O novo rei non tiña ningún interese en continuar unha ruinoso e desfavorable guerra contra España e a paz dábase por feita. E tanto, pois uns meses despois dos feitos aquí narrados, asinaríase o Tratado de Londres que certificaba o fin da guerra. Por iso os navegantes van a ser tratados cordialmente, porque xa non se lles consideraba inimigos...se naufragaran dez anos antes, o conto sería distinto.

A mediados de Marzal de 1604 achegouse a Ons o barco inglés chamado *Francés*, quizais por ter donos ingleses e ser mercado en Francia pero non está claro o por que do nome. Veu a protexerse do mal tempo, pero ós poucos días a forza dos elementos provocaron o seu afundimento nalgún lugar da illa. Dos dezanove homes que ían a bordo, afogouse un rapaz, salvándose o resto.

O navío levantara áncoras de Limerick (Irlanda) con destino a Lisboa e Baiona (non se aclara se de Francia ou de Galicia) cun cargamento de coiros (curtidos e salgados), trigo en barricas, sebo branco, manteiga, salmón salgado e unhas poucas fresas (si, en Irlanda cultívanse fresas, eu tampouco o sabía).

A razón do preito foi que uns veciños de Portonovo levaron mercadorías do buque naufragado (seguramente foise contra as rochas) sen o permiso dos ingleses, e que o señor da illa tamén quería ter parte nelas porque o barco deu nas súas terras.

Fonte:

España. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Archivo Histórico de la Nobleza, Marquesado de Mos-Valladares, Caja 18, Documento 23



Zona leste da Illa de Ons. Lugar onde, dende sempre, se refuxiaban os barcos e fondeaban para facer augada.


COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
BUEU



UNHA ACHEGA AO CAMIÑO DE SANTIAGO: A VÍA PORTUGUESA

Por: Xulio X. Pardellas



INTRODUCCIÓN

Nos datos da Oficina del Peregrino, do Arcebisado de Santiago, figura un total de 327.378 peregrinos que en 2018 solicitaron a “Compostela”, isto é, un certificado de que fixeron polo menos 100 kms por algún dos camiños a Santiago. Como é lóxico supoñer, o que concentra o maior número de peregrinos é o camiño francés, con 186.199 (un 57%), seguido polo portugués, con 67.822 (un 21%), que é o que mostra un crecemento continuado desde o ano santo xacobeo de 2010.

Obviamente, non tódolos que andan o camiño cada ano están interesados por obter aquel certificado, ou dito noutras palabras, non todos teñen unha motivación relixiosa, pero dado que ninguén contabiliza aos que van por outras razóns, calquera análise sobre as características e os efectos sociais e económicos do Camiño de Santiago ha de sustentarse necesaria e fundamentalmente nos datos citados.

Desde logo, unha simple ollada á evolución da humanidade mostra que a crenza nun mundo espiritual provocou despois do neolítico e sobre todo na época dos primeiros imperios o hábito de visitar determinados lugares que tiñan un específico valor espiritual e mesmamente en moitos casos, a visita era un mandato institucional ou relixioso para alcanzar a vida eterna, ou polo menos, non andar perdido nese outro mundo despois de morto.. Así temos aínda hoxe os grandes centros de peregrinación das relixións monoteístas (Xerusalén, Roma, Santiago ou A Meca) e as visitas aos lugares e cidades sagradas para os hinduístas, por citarmos só as máis coñecidas e multitudinarias.

Desde un punto de vista sociolóxico, as peregrinacións en xeral conlevan unha forma de comportamento moi semellante, que implica o cumprimento duns ritos, máis ou menos explícitos nas normativas, como manifestación dunha dramaturxia que se evidencia na maioría dos casos:

Saír da vida cotián

Entrar nun espazo distinto, un espazo contra cotián

Vivir unha experiencia diferente, que implica unha cultura relacionada co compoñente espiritual, realización espiritual das persoas.

Para levar a cabo esa experiencia é preciso ataviarse con símbolos especiais, simplemente, por exemplo, levar un pano mollado en auga dunha fonte que axudou á purificación

Cumprir ritos relacionados co inmaterial (Sousa, 2005).

Deste xeito, cando o peregrino alcanza a súa meta (o lugar santo) queda transformado nun novo ser, diferente do que era cando partiu de viaxe. Isto pode que fose un obxectivo fundamental da viaxe, mais tamén pode ser o resultado simple dunha experiencia iniciada sen saber diante man cales vivencias reportaría. En calquera caso, as consecuencias serán sempre positivas.

Aplicando estes conceptos ao Camiño de Santiago, vemos que de feito, un elevado número das persoas que fan esa andaina seguen uns ritos, todos moi semellantes e consideran que viven así unha experiencia propia, nuns casos claramente espiritual (os que serían estrictu sensu peregrinos) e noutros, unha forma de identificarse ou encontrarse consigo mesmo.

O CAMIÑO PORTUGUÉS: HISTORIAS E LENDAS

Nos principios do s. IX, o ermitán Paio, que se mortificaba nunha cova das terras que hoxe son Compostela, comezou a escoitar cánticos anxelicais e a ver lumieiras pola noite, atopando despois un sepulcro, adxudicado de seguido ao apóstolo Santiago polo bispo de Iria Flavia. Unha vez que chegou tal descubrimento ao rei Afonso II en Oviedo, mandou construír alí unha igrexa que en pouco tempo conseguiu atraer a peregrinos do norte da península e moi logo, xa de toda Europa (Calo, 2005).

Tamén desde o sur de Galicia, os lusitanos foron atraídos por este santificado lugar, o que para algún autor (Ribeiro da Cunha, 2005)



non debe sorprendernos, porque xa antes da colonización romana existía a tradición de peregrinar ao fin da terra, aló onde o sol morría (Fisterra), polo que o cambio desta peregrinación pagan á cristián de Compostela foi singularmente doado. De feito, a cantidade e calidade dos peregrinos impresionou a moita xente (non ían so campesiños, senón tamén nobres), todos querían ir aló e en Portugal foi espallándose a convicción de ir antes ou despois:

**S. Tiago de Galiza
é un cavaleiro forte
e quen lá não for em vida
ha de ir lá despois da morte** (cantar recollido por Vasconcelos, 1986)

Igual que no caso da península, resulta incorrecto falar de “un” camiño portugués, cando polo menos cómpre considerar a existencia de seis vías de acceso usadas polos peregrinos desde o s. IX para chegar a Compostela. A máis oriental iniciábase en Braga e seguía o trazado do actual parque natural Gerês-Xurés ate Celanova e Ourense. A máis montañosa ía de Ponte de Lima a Melgaço, cruzaba o río Minho a Crecente e despois á Franqueira. Outra, veciña da anterior, pasaba de Monção a Salvaterra de Miño e logo a Pontearreas. A máis central e coñecida chegaba a Valença do Minho para cruzar a Tui e seguir a Redondela. A que aproveitaba un dos tramos máis estreitos do río, pasaba de Vilanova de Cerveira a Goián e logo por Tomiño a Vigo. Finalmente, o denominado “camiño da costa”, cruzaba o río desde Caminha a Camposancos e seguía por A Guarda e Baiona (Yzquierdo, 2003).



Ponte de Lima. Portugal

En todo caso, os peregrinos encontraban serias dificultades para facer a súa andaina, sobre todo na travesía dos ríos. Pensemos que nos s. IX e X o Douro e o Minho non tiñan pontes e cumpría atopar algún pescador que os pasase na súa barca. Isto deu lugar a moitas lendas mesturando ás veces a Barca de Caronte con Santiago. Unha delas referíase ás almas dos que non peregrinaron de vivos e chegados a un destes ríos debían entregar ao demo -guardián da barca (ponte)-, unha moeda. Os que levaban o cadáver metían a moeda na súa boca ou dentro da caixa, pero tal moeda non podía ter ningunha cruz, porque en caso contrario o demo non a aceptaba. Recibida a peaxe, o demo poñíase debaixo da barca-ponte e dáballe un abaneo para ver se as almas caían, as que conseguían pasar seguían viaxe a Compostela e as outras ían para o inferno.



Fortaleza de Valença do Minho

De xeito semellante, na cultura popular portuguesa hai referencias imaxinarias á Vía Láctea, que recibe os nomes de *Campus Estelae* e *Estrada de Santiago*, camiño polo que os mortos van a Compostela. Tamén hai lendas de milagres: en Miranda, no municipio de Arcos de Valdevez, existe unha capela no lugar onde se detiveron Santiago e os seus sete irmaos que ían en misión apostólica. Chegados alí guindaron ao ar os seus caxatos de camiñantes que ao caeren, cada un indicou a dirección na que o seu dono había de seguir predicando o evanxeo. O de Santiago quedou volteado para Compostela e para aló foi el.

Outra lenda da freguesía de Santiago da Capela, no municipio de Penafiel, explica que o apóstolo na súa viaxe durmiu unha vez nunha capela que aínda non tiña a súa advocación, polo que moi logo lle foi dedicada. Ao seu carón había unha fonte, chamada da Capela das Oliveiras e anos despois sufrindo unha grande seca, o pobo levou á fonte a imaxe do santo e a deixaron alí toda a noite, ao día seguinte a fonte deu auga e nunca máis secou, por iso a fonte pasou a chamarse “de Santiago” (lendas citadas por Ribeiro da Cunha, 2005).

O PATRIMONIO RELIXIOSO CONSTRUIDO

Probablemente, unha das primeiras igrexas dedicadas a Santiago en Portugal sexa a do Castelo de Neiva, en Viana do Castelo, aló polo 862. Iso semella demostrar que a devoción xacobeá lusitana nace no contexto da Reconquista, en paralelo ao que sucedeu en Galicia e o norte da península. Xa despois, a partir do s. XI, observamos que a construción da malla parroquial leva consigo a modificación de moitos nomes da anterior advocación dos templos, que pasan a referirse ao padroado de Santiago (son algúns casos, o de Santiago de Nogueira, en Vila Nova de Cerveira, que antes era de San Cristóvão, ou outro nomeado Santiago, en Braga, antes de Santa Lucrécia de Algeiriz) (Ribeiro da Cunha, 2005, cit).



Igrexa de Santiago. Castelo de Neiva. Viana do Castelo. Portugal

O número de parroquias dedicadas a Santiago medra continuamente, sobre todo no norte. No ano 1071 só no censo da diocese de Braga aparecen citadas 39, aínda que cómpre subliñar que algunhas desapareceron despois fisicamente, ben por abandono, ou ben polas guerras cos árabes e despois con Castela, ou tamén mesmamente, polos ruíns materiais de construción daquel tempo. Na actualidade, a fins do s. XX, 22 parroquias estaban dedicadas a Santiago na diocese de Viana do Castelo, 41 na de Braga e 28 na de Porto (Ribeiro da Cunha, 2001).




Imaxes de Santiago en Amares e Chamoin. Terras de Bouro

REFERENCIAS

- Calo Lourido, F (2005) “Os Camiños de Santiago na península: do s. XI ao XXI” in Pardellas, X (dir) *Turismo relixioso: o Camiño de Santiago*. Serv. Publicacións. Universidade de Vigo, pp 31-4
- Ribeiro da Cunha, A (2005) “O Camiño Portugués: patrimonio e etnografía” in Pardellas, X (dir) *Turismo relixioso: o Camiño de Santiago*. Serv. Publicacións. Universidade de Vigo, pp 49-85
- (2001) *Santiago em Portugal. A devoção e a peregrinação*. Ed. Câmara Municipal. Vila Nova de Gaia
- Sousa, A (2005) “Las peregrinaciones: dramaturgia y ritos de paso” in Pardellas, X (dir) *Turismo relixioso: o Camiño de Santiago*. Serv. Publicacións. Universidade de Vigo, pp 11-31
- Vasconcelos, J (1986) *Tradições Populares em Portugal*. Ed. INCM. Lisboa, pp 61
- Yzquierdo Perrín, R (2003) *Los caminos a Compostela. El arte de la peregrinación*. Encuentro Ed. Madrid

COLABORA:



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

A PARROQUIA XACOBEOA DE SANTA MARÍA DE ONS NO ÍNDICE DOCUMENTAL DE CASTO SAMPEDRO

Por: Belarmino Barreiro Rosales

Pouco a pouco van aflorando testemuños sobre os antecedentes de Ons como arquipélago conformado en parroquia ou freguesía e baixo a advocación mariana de Santa María. Dicar Santa María de Ons equivale a dicir parroquia de Santa María das Illas Ons e o de xacobeo (santiaguesa) por dous motivos: por pertencer ó Señorío da Terra de Santiago, hoxe provincia eclesiástica de Compostela, arquidiocese de Santiago e segundo, por ser as illas un dos batentes da porta marítima xunto co outro, a illa de Sálvora que dan acceso a un dos camiños de Santiago como é o marítimo titulado *Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla* que ten o seu comezo no municipio de Sanxenxo, Meaño, O Grove pasando polas Arousás, Pontecesures, Padrón ata Santiago de Compostela. É por iso que Bueu sen querelo e sen aínda decatarse ten unha parte do seu territorio na ruta xacobeo. Mágoa que tanto a advocación de Santa María como o do seu carácter parroquial e de freguesía se teñan esquecido e perdido polo camiño da desmemoria! Posiblemente debido ó despoboamento intermitente que sufriu o arquipélago das Ons, asunto este a tratar nun futuro, pois no presente ofrecemos os rexistros illáns que constan no índice documental do Fondo Casto Sampedro Folgar (1848-1937), sen datar conservado e custodiado no Arquivo do Museo provincial de Pontevedra (1), procedente da documentación facilitada pola Casa do Marqués de Valadares, ilustrativos dos avatares históricos documentados sobre as illas Ons en relación a esta familia nobiliaria erixida en señorío a título de feudo.

ÍNDICE DOS PAPEIS DAS ILLAS DE ONS E ONZA SITAS NA EMBOCADURA DA RÍA DE PONTEVEDRA (2)

Árbore xenealóxica dos posuidores do morgado fundado por Tristán de Montenegro e razón dos documentos que proban que Dona Gerónima Sarmiento de Montenegro, primeira muller do Mestre de Campo, Don Paio Sorred de Montenegro agregou os seus bens a dito MORGADO que posuía o seu home, que aquela foi filla de Antonio Sarmiento de Montenegro e que entre os seus bens que se lle adxudicaron atópanse ditas illas.

Un extracto de varios documentos correspondentes á illa.

- Convenio verbal que fixeron Pedro Carnero, veciño da Vila de Noia como marido da Sra. María Sánchez de Montenegro irmán de dita María acerca da división da Illa de Ons feito en Trabanca da Pedra a 23 de setembro de 1520.
- Copia simple de dilixencias practicadas polo Asistente de Santiago e D. Luís Montenegro nas Illas de Ons con motivo da aparición dunhas moedas antigas de cobre. Soa ter pasado perante Fernando Díaz de Pedrosa, escribán a 7 de abril de 1553.
- Papel de condicións postas polo Ilmo. Sr. D. Gaspar de Zúñiga e Abellaneda, Arcebispo de Santiago para dar en feudo a illa de Ons a Antonio Sarmiento, fillo de Paio Sorred de Montenegro bisneto de Tristán de Montenegro en data 3 de xuño de 1562, está asinado do Arcebispo.
- Poder que o mesmo Arcebispo deu ó Dr. Carriazo e Lic. Antonio Baca para que desen en feudo as Illas de Ons a Antonio Sarmiento de Montenegro e Luís de Montenegro: feito en Madrid a 3 de xuño de 1562: está simple.
- Testemuño que abraza a concordia que outorgaron o Dr. Carriazo en nome do Ilmo. Sr. D. Gaspar de Zúñiga e Abellaneda, Arcebispo de Santiago dunha parte e D. Luís de Montenegro, Arcediano de Val de Miñor e Antonio Sarmiento de Montenegro da outra, en que estes ceden a aquel as Illas de Ons: pasou perante Macías Vázquez, escribán e notario público da S. M. do municipio e concello da cidade de Santiago nela a 10 de xullo de 1562. O feudo perpetuo que fixo dito Arcebispo de Santiago e no seu nome o referido Dr. Carriazo a favor de Antonio Sarmiento de Montenegro da Illa de Ons en pensión de 10 ducados por razón de feudo: pasou ante o mesmo escribán en 12 do referido mes e ano. E o preito homenaxe que deu dito Antonio Sarmiento de ter e gardar o mencionado feudo dante do mesmo escribán e no propio día 12 de xullo. Está signado de José María Pego, escribán da S.M. seu notario público con asignación na Cidade de Santiago de onde é veciño e como tal desempeñando unha das escribanías de número da mesma en 2 de novembro de 1837 a pedimento do Sr. Marqués de Valadares e de mandado do Alcalde Constitucional de dita Cidade.

- Outro testemuño dos documentos anteriores dado a instancia de dito Sr. Marqués e de mandado do Xuíz de Primeira Instancia de Vigo e contravindo as ordes expresas de D. Antonio Sarmiento no ano de 1583.
- Outros obrados en virtude de querela criminal dada por Jorge da Millara, reitor da *parroquia de Santa María da Illa de Ons* contra Pedro Gonzalo, Esteban e Domingo Fernández, irmáns e seus fregueses por telo tratado mal de obras e palabras ante Antonio Sarmiento de Montenegro, Sr. de ditas illas feudatario da Igrexa de Santiago e preladado dela, quen deu concesión a pedro Pernas, o seu criado para que con vara de xustiza recibise a información por diante escribán que o foron Tomé Fernández Blanco e Juan de Baamonde. Recibiuse a ambas partes e deu nesta causa varios autos do referido Antonio Sarmiento como tal Sr. das Illas no ano de 1587.
- Outros obrados de oficio que Juan Mariano Pardo Merino e xustiza no porto e Coto de Marín polo Mosteiro de Oseira, Xuíz e Alcalde maior das Illas de Ons e Puerca (sic) por D. Paio Sorred de Montenegro e Soutomaior contra Juan Esteban (?) veciño do *Coto da Hos* (sic) por telo atopado na visita que fixo ma ditas illas pastando nas mesmas unha poldra e unha egua e por ter costume de ir a cazar a elas todos os meses do ano sen licencia de dito D. Paio Sorred: arrestouse e puxo en liberdade baixo fianza. Deu principio no ano de 1603 e concluíu en 1604.
- Outros obrados contra Pedro de Dadín veciño da Granxa de Arra polo mesmo Xuíz por telo atopado pastando catro cabalgaduras en ditas illas, que tiveron principio e concluíron nos mesmos anos anteriores.
- Outros obrados polo mesmo Xuíz contra Juan de Outeiro veciño da Lanzada a quen prendeu por telo atopado pastando certos rounes nas illas de Ons e por ter o costume de ir cazar ás mesmas que tiveron principio e remataron nos mesmos anos que os anteriores.
- Testemuño dun expediente formado en 26 de marzo de 1604 por Juan Merino Pardo, alcalde maior das Illas de Ons e a súa terra por D. Paio Sorred de Montenegro e Soutomaior, Sr. de ditas illas con motivo de ter aportado (3) ás mesmas un navío inglés que se perdeu con varios efectos. Tomando declaración a un dos náufragos mandou que se puxesen en custodia persoas e efectos incluso o mesmo alcalde e escribán que lle dá fe ata que o Sr. Conde de Carazena ordene outra cousa, que se envíe un tanto destas dilixencias a D. Paio de Montenegro para que o dirixa ó Sr. Gobernador. Está signado de Antonio Fernández Formigueiro, escribán da S.M. veciño de Pontevedra en ditas Illas de Ons e día referido.
- Requisitoria despachada no ano de 1605 polo referido Juan Merino Pardo á xustiza de Portonovo para que sexa notificado Antonio Díaz, ermitán e Juan Domínguez. Exhibida que foi ó Xuíz de Portonovo deuse por exhortado e consenten que se notifiquen as persoas contidas nesta requisitoria.
- Nomeamento que fixo D. Paio Sorred de Montenegro e Soutomaior como marido de D^a Gerónima Sarmiento, de Xuíz das Illas de Ons e da Samieira en favor de Pedro Vello en primeiro de agosto de 1611 referendado de Gonzalo de Soutomaior.
- Foro que fixo D. Pedro Ruiz Ferreira como apoderado dos Sres.D. Bernardino de Lanzós e D^a (sic) Baltasar de Soutomaior, Condes de Maceda polas vidas de tres sres. Reis de España e 29 anos máis a favor de Juan García de Torres e Juan de Padín de Torres moradores na Granxa de Arra, veciños da freguesía de Santa María Adigna, das dúas illas de Ons grande e pequena en pensión de 500 reais de vellón pagos o día de San Martiño de cada un ano, 100 coellos mortos, a metade o día de nadal e a outra metade no de San Xoán ou 3 reais por cada un, todo posto nas Torres de Sobrán. Pasou perante Bernardo Troncoso de Lira, escribán da S.M. veciño da Vila de Cambados, no Porto de Vilaxoán a 14 de abril de 1677.
- Poder que outorgou D. Bernardino de Lanzós, Conde de Maceda a favor de Francisco Antonio de Pedrosa e Marzoa, escribán de número da xurisdición de Sobrán para que proceda pedir execución contra Juan García e Juan de Padín, veciños da freguesía de Santa María Adigna pola paga de 500 reais de vellón e 100 coellos ou 3 reais por



Santa María de Adigna

cada un que deben satisfacer anualmente polo foro e dereito das Illas de Ons, grande e pequena, da que a pensión estábanlle a deber den de o ano 1677. Pasou ante Mateo Posse, escribán da S.M. da Vila de Carril en Sobrán a 22 de decembro de 1685. Está signado do mesmo. Segue a substitución feita en favor de Antonio García, Procurador de Cangas na Vila de Sanxenxo.

- Arrendo que fixo o Lic. D. Gregorio Mosquera de Soutomaior, reitor propio da Vila de Portonovo con poder do Excmo. Sr. Conde de Maceda que se inxire a favor da xustiza, rexemento e veciños da Vila de Portonovo de toda a tala de leña que estivese de razón de tres anos como é toxo e estrume nas Illas de Ons e Onza, polo tempo de seis anos en prezo cada un de 4 reais de prata. Contén varias declaración. Pasou diante de Jacinto Martínez e Paadín (sic), escribán da S.M. veciño da Vila de Portonovo, nela a 30 de maio de 1710. Está signado do mesmo escribán.
- Título de Xuíz da Illa de Ons dado por D. Antonio Miguel Montenegro e Soutomaior en favor de José de Mesa en 3 de setembro de 1787 referendado do seu secretario, Narciso de Sotelino.
- Expediente orixinal sobre espeto (sic) de cabalerías da Illa de Ons formado a instancia de D. Telmo Gago Montenegro como apoderado do seu irmán D. Antonio Miguel Montenegro, dono de ditas illas que tivo principio en 19 de setembro de 1787 e concluíu en 4 de outubro do mesmo ano cunha notificación feita ó xuíz da illa. Segue un testemuño do mesmo expediente.
- Exposición dirixida á Xunta Superior de Goberno de Galicia pola Sra. D^a Manuela Correa como titora e en representación do seu fillo D. Antonio Manuel Montenegro terminante a manifestar a propiedade que ten sobre as Illas de Ons en que aquela acordou se fagan certas obras cun informe marxinal da Sección de Facenda, data 23 de agosto de 1810 que di que as obras son accidentais só de circunstancias que non poden prexudicar ó Señorío da interesada e que polo mesmo deben entenderse provisionais e sen prexuízo deste e un decreto tamén marxinal da Xunta conforme ó ditame expresado: segue un testemuño que presentou a expresada Sra. D^a Manuela Correa co obxecto de acreditar o Señorío de propiedade das expresadas illas.
- Recoñecemento que fixeron Francisco de Comesaña e Vicente López veciños das Illas Ons e Onza a favor do Sr. Marqués de Valadares como dono delas en representación da súa muller a Sra. D^a Joaquina Montenegro en virtude da cal deben continuar o cultivo de certa porción de aquelas e satisfacer a dito Sr. Marqués a venda que máis adiante estipularán. Pasou ante José Casimiro de Santos, escribán da S.M. e número da Vila de Pontevedra, nela a 20 de xaneiro de 1835. Está signado do mesmo escribán.
- Outro que outorgaron José Martínez, Francisco de Loira o menor, Domingo Villegas, Bernardo Garrido, veciños de Santo Tomé de Piñeiro, José Domínguez, Benito Pastoriza de Ardán e Bernardo Casás de Cela. Pasou diante do referido escribán, Santos a 13 de marzo de 1835. Está signado do mesmo.
- Outro que outorgaron D. Ramón Pla, Domingo Ferradáns e outros veciños da freguesía de Santa María de Beluso. Pasou ante o referido escribán a 14 de marzo de 1835. Está signado do mesmo.
- Testemuño de querela criminal que por parte do Sr. Marqués deuse no xulgado de primeira instancia de Cambados contra Juan Pastor Otón por ter arruinado unha casa que estaba fabricando o seu colono, Lorenzo Martínez nas illas de Ons, do auto de data 14 de agosto de 1835 e da confesión do reo en que ofrece non volver a cometer semellantes delitos e obrigouse á satisfacción de gastos. Está signado de Ambrosio de Seoana, escribán da S.M. e número de dito xulgado en 4 de xullo de 1836.
- Información en dereito de Antonio Sarmiento de Montenegro no preito que trata con Beltrán de Santrugu, francés sobre lenzos que apartaron ás illas.
- Carta a D^a Sancha de Montenegro sobre a vacante do curato de *Santa María de Ons*. (4)



- (.../...) asistencia do mesmo e do promotor fiscal baixo a fe do numerario D.Carlos González Lavandeira en 5 de novembro de 1837 con arreglo á lei de 26 de agosto do mesmo ano aclaratoria das do 6 do propio mes de 1813 e 3 de maio de 1823.
- Poder outorgado por Rodrigo da Carballa, escribán de número da Lanzada a favor de Gonzalo Pérez e Juan Baamonde, ESCRIBÁNS para que no seu nome e ausencia actúen na Illas de Ons como el o faría segundo autorización que ten do Sr. Antonio Sarmiento de Montenegro, Sr. dela, a súa data en Fefiñáns a 15 de agosto de 1562.
- Doazón que fixo Pedro Carnero veciño da Vila de Noia a favor de Antonio Sarmiento de Montenegro e os seus irmáns da cuarta parte enteiramente das *Illa Donos* (sic) en aprobación do testamento de María Sánchez de Montenegro, a súa muller ante Miguel de Agalá, escribán da S.M. e número da Vila de Redondela, nela a 17 de xullo de 1563, está signada do mesmo.
- Poder que outorgou o Sr. Antonio Sarmiento de Montenegro a favor do M. R. Juan Martínez Ternero, Cardeal na Sta. Igrexa de Santiago para que no seu nome se presente diante do Ilmo.Sr. D.Francisco Baltodano, Arcebispo de Santiago a presentar preito homenaxe da *Ínsua Dons* que ten en feudo de dito Prelado en cumprimento das cláusulas do referido feudo que se inserta neste poder: pasou ante García Rez. (Ramírez?), escribán da S.M. na Vila de Redondela a 17 de xuño de 1570. Segue un testemuño do xuramento e preito homenaxe que en uso do poder anterior prestou o M.R. Juan Martínez Ternero perante o Provisor por ausencia do Arcebispo en 28 de xullo de dito ano. Seguen outros preitos homenaxes feitos nos anos de 1574, 1584 e 1587.
- Poder orixinal que outorgaron Rodrigo de Carballa e Alonso Vázquez de Lemos, escribáns de número da Lanzada a favor de Juan de Baamonde e Gonzalo Pérez de Bravos (?) escribáns para que nos seus nomes poidan usar o oficio na Illa de Ons diante do Sr. Antonio Sarmiento de Montenegro, Sr. dela como feudatario da Igrexa de Santiago. Está asinado dos mesmos en Fefiñáns a 23 de agosto de 1572.
- Expediente orixinal formado en virtude de querela criminal que deu Gregorio González criado e factor do Sr. Antonio Sarmiento de Montenegro, Sr. de dita illa como feudatario do Arcebispado contra Juan Ramos e Antonio Diz por roubo dunha vaca e unha xuvenca e tendo recibida información por auto do Xuíz da Illa a 7 de febreiro de 1580 quedouse en tal estado.
- Requisitoria despachada por Juan Rodríguez Leira, Xuíz de Residencia da *Illa e freguesía de Santa María Dons* (sic) e a súa xurisdición a nomeamento e representación do Iltre. Antonio Sarmiento de Montenegro, Señor de dita Illa como feudatario dela polo Arcebispo de Santiago ó xuíz de Cangas e máis xustixas contra un ermitán por ter ido a cazar á illa pequena con lazos e armadillas, a súa data 27 de outubro de 1584 a que foi presentada ó xuíz de Cangas en primeiro de novembro do mesmo e deuse por exhorto.
- Autos obrados e non concluídos por Pedro Espinosa usando de vara de xustiza en representación do Iltre. Antonio Sarmiento de Montenegro dono e Sr. das *Illas Dons* en virtude de feudo que delas alcanzou do Arcebispo de Santiago contra Bartolomé Díaz e Juan Ramos irmáns veciños das referidas illas e vasalos de dito D. Antonio, acusados de ter ido a dúas naves piratas que aportaron (3) a ditas illas.



Ermita da Lanzada

(1) Museo provincial de Pontevedra. Arquivo. Fondo Sampedro. Depomusdoc 4401. Sig. 1.912/5
 (2) *Precede ó título do documento nota posterior manuscrita que di: "Facilitado polo Sr. Marqués de Alcedo"*
 (3) *Aportar: atracar, arribar, achegar a porto. Se non hai porto físico, varar, desembarcar*
 (4) *Interrómpese aquí a relación documental e veñen dous folios e medio en branco como se quedasen pendentes de cumplimentación e logo segue a relación nun último folio de dúas páxinas manuscritas da mesma caligrafía*



O XABÓN DA TOXA FAISE INTERNACIONAL

Por: Javier Fernández Soutullo

No transcórreo do 1850, aproveitando varios acontecementos políticos e sociais que rodearon aqueles tempos, co Marqués de Riestra ao temón, fúndase a Sociedade La Toja, sendo por aquel entón a dona e señora de todo o que pagaba a pena nesa illa.

Por aqueles anos empezaron cun pavillón de madeira e cabanas de aluguer, as cales remataron sendo pasto das lapas.

A Sociedade volve a reconducir a situación, no 1863, axudado pola construción da estrada de Carril a O Grove, aínda que a maioría dos usuarios das termas acudían por mar.

Xa nos albores do século XX empézase a construír o Gran Hotel e, case que parello, a ponte que nos une coa illa da Toxa, paliando en gran medida o acceso aos tratamentos, pois eliminouse o transbordo en barcazas dende o embarcadiro, e incluso o cruce a lombos dun cabalo aproveitando as secas.



Da mesma maneira os empresarios ían dándolle forma a idea de urbanizar toda a illa, nunha clara aposta polo turismo de saúde e ocio. Todo isto requiriría un esforzo económico, social e mesmo político, brutal. Para conseguilo acordáronse do país máis poderoso do momento, Inglaterra, organizando, xa en 1904, unha sociedade nomeada no seu día *The British La Toja Company* sendo o seu principal obxectivo, a expansión, promoción e venda dos produtos e tratamentos da Toxa, por todo o Imperio Colonial Británico.



Previamente enviáronse mostras dos sales, augas e lodos que manaban nos mananciais da illa. Este traballo de análise foi acadado polo prestixioso Dr. santiagués D. Miguel Gil Casares, tamén fundador do Sanatorio da Lanzada dedicado á cura da tuberculose e que leva o seu nome (xa desaparecido).

Así un bo día do mes de xuño de 1909 arriban ao porto de Vigo no vapor Aragón os doutores Mr. Abrahán Carrington-Sikes, Sortain Hancock e Maitlán-Thompson, na compañía de Mr. Gibbons, (xerente de British- La Toja Company) e Mr. Sala alto financeiro da banca británica, quen financiaba o proxecto.

Estes doutores británicos e os seus acompañantes, foron recibidos no porto de Vigo, polo xerente da sociedade La Toja, Sr. Rodriguez Porrero e o xefe médico do balneario Dr Carrero. Desprazándose todos xuntos nun luxoso automóbil de 16 prazas. En dúas horas e media chegan a Vilagarcía, alí recíbeos D. Jaime Solá director da revista Vida Galega, que se converte no cicerone da expedición, e Mr Gibbons, afamado inversor británico quen facía as veces de tradutor.



BALNEARIO DE LA TOJA - PONTEVEDRA (España)
6. Gran Hotel - Visita de varios afamados Doctores Ingleses al Balneario

As paisaxes e vistas da ría de Arousa, engaioláronos. Logo visitaron os pavillóns do Balneario, as salas de tratamento e a maxestuosidade daquel edificio, ao que chamaban Gran Hotel da Toxa. Impresionáronlles as habitacións, os grandes salóns con vistas espectaculares á ría, os frescos de D. Ramón Púlido que tampouco se perdeu a ocasión de coñecelos. Departiron cos doutores do Gran Hotel Srs. Gascía Millany e Carrero, preguntaron polos meses de funcionamento e apertura, sobre o clima, a gastronomía, zonas de ocio e mesmo se a caza era abundante. Contestáronlle que as oficialidades das escuadras rusa e británica acostumaban ir ao río Umia e ás súas ribeiras á caza de chorlitos reais, parrulos, garzas e grúas. Con esta afamada visita comezou a andadura dos produtos da Toxa polo mundo.



Gran Hotel.-Comedor.



ACTIVIDADES "Pineiróns"

Agradecemento á:



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE

Colabora

HOMENAXE A: Ana Liste e Santiago Castroviejo

ANA FERNÁNDEZ ALONSO (ANA LISTE) “VIDA E OBRA SOBRE A ILLA DE ONS”

Por: Celestino Pardellas de Blas

A MODO DE INTRODUCCIÓN:

Como comentamos cando saíu o primeiro número de AUNIOS, o noso obxectivo era dar a coñecer as importantísimas peculiaridades de Ons, case descoñecidas ata entón (1998), para que investigadores cualificados viran nesta Illa un campo virxe para o seu estudo, e con iso, obter os datos suficientes para mergullarnos na súa historia, etnografía, economía, natureza,...., dalos a coñecer, conservalos e protexelos.

O traballo non foi doado, non era fácil atopar quen escribira sobre Ons. Lóxico, moi poucos estudos de investigación había sobre ela, agás pequenos apuntes periodísticos; e escasas persoas visitaran Ons, polo menos que nós coñeceramos, en plan de busca de información.

Pero, paseniñamente, fomos sacando adiante esta revista logrando que moitos investigadores rebusaran nos seus ficheiros, rexistros, carpetas,...., e sacaran á luz aqueles datos que anotaran nas súas visitas e pescudas; se meteran en bibliotecas, museos e arquivos, acudiran a Ons na procura de información,...., e, de todo iso, saíran adiante un bo número de artigos, monografías, informes,...., publicacións que fixeron posible que hoxe Ons sexa máis coñecida en todos os seus aspectos e que moitos investigadores, a universidade e os organismos con competencias estean máis preocupados polo coñecemento desta Illa.

Nos 25 números que levamos publicados, coidamos que cumprimos co noso obxectivo ao tocar todas as características socio-histórico-etnográfico-naturais de Ons. Pero, aínda que seguimos traballando coa finalidade de dar a coñecer cousas novas para investigacións posteriores, decidimos ao seu carón que coñecerades a esas persoas que, cos seus traballos, fixeron posible ter un criterio máis exhaustivo desta Illa. Foi así como acordamos homenaxear en cada revista, a partir do nº 23, ás persoas que traballaron por Ons ao longo da historia e así, dun xeito cronolóxico, comezamos no século XX: concretamente nos anos 30 con Álvaro de las Casas. Continuamos nos anos 50 con Salustiano Portela Pazos. E agora, para este número, tocamos os anos 60 – 70 onde homenaxearemos a dúas persoas. Comezaremos, finais dos anos 60, con **Santiago Castroviejo Bolívar** e de mediados dos anos 70 con **Ana Liste**.

Temos que dicir que nesta década que vai de 1960 a 1970 houbo outras persoas que comezaron e fixeron un gran labor de investigación. Así temos aos universitarios que, contratados polo Irida, realizaron un Informe económico-biológico-social interesantísimo¹, pero como xa foi tocado nesta revista no seu nº: 5, decidimos non volver a repetirnos. Nesta mesma década habería que considerar a Staffan Mörling (1965), pero o seu traballo sacouno nos anos 90 e xa no século XXI varios libros e traballos, polo que pasará a ser homenaxeado no nº 27 (2022), deixando para o 2021 o matrimonio formado por Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolívar polas súas investigacións e traballos realizados nos anos 70 e 80.

Xa en anos vindeiros, seguindo no s. XX, enalzaremos a Pedro de Llano, Fariña Jamardo, Estanislao F. de la Cigoña,...., dando así o noso agradecemento a estas persoas que puxeron a Ons no mapa como unha das culturas populares máis importantes de Galicia.

ANA LISTE. A SÚA VIDA EN ONS.

Ana Fernández Alonso, coñecida en Galicia como Ana Liste, apunta que polo ano 1973 estudaba antropoloxía e comunicación en París. Por aquelas datas proxectaba elaborar un traballo para a Universidade de París, distrito VIII, onde realizara estudos de imaxe e comunicación.



Grupo de universitarios que realizou o traballo socio-económico-biológico para o Irida. Pola esquerda: Xulio Pardellas, Alberto de Coa, Ana Liste, Zapata e detrás Ricardo Arnaiz.
Foto: Tino Pardellas

¹ Xulio Pardellas, Ricardo Arnaiz, Alberto de Coa, e outros. “Situación económico-pesqueira da illa de Ons no ano 1975”. Resumo. Revista AUNIOS nº 5. Asociación cultural PineirÓns. Maio 2002.

HOMENAXE A: Ana Liste e Santiago Castroviejo

Para levar a cabo ese tarefa coidou conveniente que o mellor era o illamento e, polos motivos que fora, pareceulle que a Illa de Ons podería ser o lugar ideal.

Coñecedora de que era unha illa habitada e cunha importante poboación, esta tiña que contar cun ou cunha mestre/a e dende Francia escribiu a: "... *un imaxinario Sr. Maestro*", onde lle expoñía a idea da posibilidade de ser acollida nunha casa de pescadores da Illa. Daquela, D. Santos Pereira Figueroa, era o mestre encargado da escola de Ons e contestoulle axiña de xeito afirmativo, comunicándolle que: "... *que a recibirían en una vivienda humilde la familia de Manuel Reiriz Otero, conocido como <O Terco>*".

No mes de outubro de 1974 desembarcou en Ons a bordo do: "... *entrañable barco de Francisco, el <Cro>*", e, o que ía a ser unha pequena estancia: "... *inicialmente pensé en un mes*", prolongouse durante varios anos, ocupando inicialmente unha habitación da casa de Manuel Reiriz e Lucía Sampedro para, posteriormente, grazas á colaboración dun técnico do Icona, Manuel Baena, ter o privilexio: "... *de ser el primer foráneo con derecho, provisional, a una casa en Ons.*"

A súa idea era fotografar, observar e estudar aquela Comunidade e a súa riqueza cultural. Comenta que era difícil describir o que alí veu, unha comunidade de máis de 300 veciños onde se sentía o abandono ao que eran abocados pola falla dun porto de abrigo para a nova flota de barcos que substituiría ás dornas. Asemesmo, chamoulle poderosamente a atención: "... *la bandera republicana en algunas, muchas, chimeneas*", e o atrevidos que eran os homes illáns enfrontándose ao bravo mar atlántico. Tamén as mulleres e nenos, vixiando constantemente os sementados campos para evitar que as grallas estragan as colleitas: "... *Ágiles como nadie en el manejo del aturuxo, complemento indispensable de las hondas que dominaban desde la cuna*". Do mesmo xeito, veciños especiais, en todos os seus aspectos, como: Francisco, Delmiro, Juanita, Cesáreo, Emilio e Chefa,..., e moitos outros, pero especialmente <Cachote>, do que fala: "... *Cachote, con una expresión de pez mítico, trajinando en su taller a cielo abierto al pie del muelle... El carpintero de ribera que Didio Riobó, el <Señorito> había contratado en la Isla de Arosa hacia 1920 para ayudar a los colonos en la construcción de sus propias dornas...*".

Ana Liste dedicou todo o seu tempo en Ons a pescudar a súa riquísima Cultura Popular, pero tamén facía de embaixadora con todos aqueles que, con ánimo de estudo e investigación, achegábanse ata a Illa. Así pasou en 1975 co grupo de licenciados universitarios que contratados polo novo organismo administrador da illa, o Irida, foran a Ons a realizar un estudo socio-económico-biolóxico, aos que puxo á súa disposición a súa casa para gardar materiais e toma de apuntes, e contribuíu ao contacto destes cos illáns, moi remisos a recibir e establecer amizade coa xente foránea.

Eu, tamén cheguei con ese grupo de universitarios ao ser un dos meus irmáns o coordinador do equipo. Foi así como establecín amizade con Ana, que me abriu as portas dun bo número de familias illáns. Eu acompañábaa nas



Familia de Manuel Reiriz, que acolleu a Ana Liste na súa casa de Caño, nun descanso das súas faenas agrícolas. Foto: Ana Liste



Casa que ocupou Ana Liste no lugar de Caño. Aspecto de deterioro despois de oito anos de deixala Ana. Foto: Tino Pardellas



Tripulación do <Cro> co seu patrón e armador Francisco no medio da foto. Entre eles: Manolo Reiriz, Cesáreo, Méndez, Antonio, Manuel Ferradás,... Foto: Tino Pardellas

HOMENAXE A: Ana Liste e Santiago Castroviejo

súas pescudas pola illa e así coñecín o inimaxinable mundo etnográfico que Ons posuía, sobre o que ela, ao carón de fotografalo todo, investigaba e anotaba.

Por motivos que descoñezo, deixou a Illa dous ou tres anos máis tarde e perdínlle a pista. Sei que estivo traballando como periodista na Voz de Galicia e que a principios dos anos 90 aterrou en Mozambique. Así o conta o Mundo: *“Llegó a Mozambique en 1994 a bordo de un regimiento de la ONU, con la misión de pacificar el país: cambiaron metralletas por azadones y aperos de labranza. Recorrió el territorio enseñando una palabra jamás escuchada: democracia. Encontró un pueblo amable y dolido, víctima de 17 años de una guerra civil no comprendida (impuesta desde el exterior), y un lugar rico y hermoso donde paz y libertad eran posibles..., ella optó por quedarse y continuar ayudando”*.

En Mozambique creou unha empresa, Euromoz, de explotación forestal, na que aínda segue, a pesares das enormes problemáticas, ata con ameazas de morte, que ten por parte dos furtivos e do propio goberno. Ela di: *“Cuando alguien te ataca, no soy de las que se arrodillan”*.



Ana Liste na súa explotación madeireira en Mozambique. Fotos: Ana Liste

Fai seis anos logrei contactar con ela de novo e froito dese contacto é un artigo que foi publicado nesta revista (nº 18, 2013) onde relata, moi resumidamente as súas experiencias durante a súa estancia en Ons. Comentándolle que a íamos a homenaxear na revista, dixo: *“... conservo, en mi archivo de Mozambique, desde los negativos de cientos de fotos que hice, apuntes diversos sobre su cultura, sobre recetas de cocina, el censo de casas que elaboré consignando familia por familia,..., hasta el censo de vacas, que eran muchas, porque conservaban todavía la esperanza de que les construyeran un puerto de abrigo...”*

Fala que, por mor do falso imperativo daquela de conservar a flora e a fauna esquecendo o factor humano, Ons perdeu o seu espazo para sempre, levándose con eles o seu coñecemento e a súa cultura. Lamentaba: *“... la falta de apoyo cuando pretendí y lo hice a mi costa y sin regatear medios, que se protegiera aquel patrimonio de valores humanos y culturales incalculable, por su origen ancestral que los onsistas supieron conservar vivo con una fuerza que solo los pueblos seguros de sí mismo pueden manifestar”*.

Solo me queda dicir que Ana Liste posúe un enorme arquivo documental (fotos e datos) que esperemos que un día, se sae con bo pé das súas problemáticas mozambiqueñas, nos presente en forma de libros ou con doazóns a algún organismo galego que sexa quen de organizalo, documentalalo, arquivalo, poñelo en valor,..., para dalo a coñecer e protexelo.

ANA LISTE. A SÚA OBRA SOBRE ONS

Como xa comentei, o importante de Ana é o traballo de campo realizado na Illa durante a súa estadía. Este labor consistía nunha convivencia diaria cos veciños, axudalos nas súas tarefas, fotografar todo tipo de faenas realizadas por eles e tomar datos de todo o que acontecía.

Todo ese material recollido, é de suma importancia, pois, agás o traballo realizado por Álvaro de las Casas a nivel etnográfico, ninguén lle dedicou tanto tempo á recompilar testemuñas dun xeito tan programado como o facía Ana Liste².

² Non podemos esquecernos de Staffan Mörling, que si fotografou aos illáns e dedicou moito tempo a recompilar datos sobre a dorna e temática mariñeira. Aínda que tamén conviviu cos illáns e chegou a casar alí, sen embargo a temática social, etnográfica e histórica quedou reflectida nos seus traballos dun xeito case anecdótico-sentimental.

HOMENAXE A: Ana Liste e Santiago Castroviejo

Só queda esperar que o saque a luz, xa sexa por iniciativa propia ou polos contactos que os organismos oficiais (Consellería de Medio Ambiente, Cultura e Parques) deberían manter con ela para que eses datos non queden tamén esquecidos ou, o que sería máis grave, perdidos para sempre.

No seu libro: <Galicia: Brujería, superstición y mística>, comenta no prólogo que quere servir de introdución a Galicia, de visión a voo de paxaro ao alcance de calquera sensibilidade para efectuar o cambio de “superstición” por “percepción”, unha forma, di, máis válida e menos científica de saber que algo sucede.

Este libro dividido en cinco capítulos, a Illa de Ons está presente en case todos, sendo no III no que acapara un maior protagonismo e onde etnografía e historia se mesturan para dar a coñecer as peculiaridades desta Illa.

Apartados interesantes sobre o <Mal de ollo>, a <Santa Compañía>, a <Noite e as Herbas do San Xoán>,..., dan a Ons unha representación moi interesante nesta obra.

Tamén temos dous artigos de prensa publicados na Voz de Galicia. O primeiro, escrito en 1988, fai fincapé no abandono da illa polos seus habitantes, expoñendo que iso suporá unha importante perda dos seus valores culturais. Nel fai un repaso aos últimos anos deste novo hábitat, coa chegada de Manuel Riobó, a etapa no que o seu fillo Didio faise co control da Illa e o final trágico deste ao ser perseguido polas súas ideas republicanas en plena Guerra Civil. Remata o artigo tocando o triste desenlace do éxodo dos veciños cara a un porto de abrigo no continente e como Ons vaise convertendo nun atractivo turístico.

O segundo, do ano 1991, fai de novo un repaso á súa chegada á Illa, debullando todo aquilo que lle chamou a atención, destacando a súa pura linguaxe e como coidaban a súa liberdade defendendo a súa filosofía.

Nese ano un concelleiro de Sanxenxo, quizais debido a que descubriu o traballo de Fariña Jamardo sobre a primeira Adscripción de Ons ao municipio de Sanxenxo e algún documento da época que se atopaba no arquivo da Deputación de Pontevedra, atreveuse, un século e medio despois cando a maioría dos veciños de Ons están asentados, afianzados e consolidados en Bueu, municipio ao que definitivamente se adscribiu a Illa de Ons, a defender e pretender daquela (1991) que a corporación de Sanxenxo solicitara a pertenza de Ons ao seu municipio.

BIBLIOGRAFÍA:


- Ana Liste. “Galicia: brujería, superstición y mística”. Penthalon ediciones. Madrid 1981.
- Ana Liste. “El abandono de Ons por sus colonos supondrá una importante pérdida de valores culturales”. Voz de Galicia. 6 de febrero de 1988.
- Ana Liste. “Otra amenaza para Ons”. Voz de Galicia. 24 de abril de 1991.
- Ana Liste. “Fragmentos de la memoria rota”. Revista Cultural AUNIOS Nº18. Asociación cultural PineirÓns. Páxs. 77-80. 2013
- Elena Pita. “Una capataz española perdida en el África negra”. El Mundo-Magazine. 24/09/2006. www.elmundo.es.
- Redacción. “Una empresaria española en Mozambique amenazada de muerte”. Voz de Galicia. 18/06/2007.
- Oscar Gutierrez. “El calvario de una empresaria leonesa en Mozambique”. El País. 7/02/2018. www.elpais.com.
- Ana Alonso. “Proyecto Gran Simio”. La Voz de Mozambique. 24/09/2010. www.proyectogransimio.blogspot.com
- Alicia Calvo. “No volverás viva del bosque”. Diario de Valladolid. 8/02/2018. www.diariodevalladolid.es



Rapazas illáns, axudando aos seus pais a cargar o carro.
Foto: Ana Liste



Manolo Reiriz andando á Seca para a pesca do polbo.
Ana Liste



HOMENAXE A: Ana Liste e Santiago Castroviejo



SANTIAGO CASTROVIEJO UNHA FIGURA SOBRESALIENTE DA CIENCIA BOTÁNICA ESPAÑOLA

Por: Ana Crespo

Académica da Real Academia de Ciencias de España, Catedrática da Universidade Complutense de Madrid

Este artigo que forma parte da homenaxe a Santiago Castroviejo quérese referir á súa aportación como científico, advertindo de antemán que non entrará a describir a grande persoa que foi Santiago Castroviejo; iso prevalece no recordo de quen o coñeceron, e o amaron; e nos que a súa ausencia deixou una profunda morriña.

No mundo científico dun país como España, onde a ciencia moi poucas veces foi foco de atención preferente, hai unha lista curta de personalidades que teñan sobresaído moito. Transcorreron dez anos dende que morreu o botánico Santiago Castroviejo Bolibar (1946-2009). Quizais se poda xa ter unha certa perspectiva do impacto da súa obra científica e valorar algúns elementos cos que o lector poida concluír, con algún fundamento, que pertenceu a esa curta lista; vaia por diante que o mesmo ano en que morreu foi galardoado co Premio Nacional de Investigación Alejandro Malaspina, na área de Ciencias e Tecnoloxías dos Recursos Naturais; é un dos máis importantes recoñecementos que pode recibir un científico no noso país.

Santiago Castroviejo morreu aos 63 anos en plena actividade profesional; o mundo botánico español e de alén das fronteiras nacionais, reaccionou fronte á súa perda con dor e sinalando o moito que tivo tempo de facer e o que a ciencia española lle debía. Só por resaltar algunhas mostras, a noticia do seu falecemento apareceu tanto na prensa e medios de comunicación amplos de repercusión nacional (*El país*, 02.10.09, *In memoriam: Santiago Castroviejo Bolívar*, investigador científico) e en documentos dixitais e revistas do ámbito botánico internacional. Así mesmo, dedicáronse páxinas e artigos en revistas das institucións ás que serviu *El Real Jardín Botánico CSIC*, *llora la pérdida del profesor Santiago Castroviejo Bolibar* (01.10.09 na web institucional), ou *la Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales*, que lle tributou unha homenaxe pública o 25 de novembro de 2009 cuxos contidos foron recollidos nunha publicación da Academia titulada *Homenaje al Excmo. Sr. D. Santiago Castroviejo Bolibar*. Pouco máis tarde, entre outras referencias, publicábase a súa biografía na *Nota necrológica* nas actas do *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural* (107:21-32). Isto adoita pasar cando a repercusión da actividade profesional de quen se foi, é notable e deixa orfandade no seu entorno.

Un seguimento do perfil profesional de Santiago Castroviejo, inevitablemente implica focalizar, tanto no seu currículo literalmente investigador como na actividades paralela que tivo como xestor ou organizador de grandes proxectos científicos e institucionais. Castroviejo viviu unha época apaixonante da historia española, a da modernización que se produce tras a transición política da ditadura á democracia. Os anos 80, foron tamén importantes para a normalización estrutural do sistema de científico e a expansión da investigación; entre outras notables consecuencias, iso conduciu á internacionalización de áreas científicas que por entón tiñan un desenvolvemento máis introspectivo; ese fenómeno ocorreu moi sensiblemente nas ciencias naturais. Santiago Castroviejo, nada alleo aos movementos sociais, políticos e tamén científicos entrou de cheo, como actor ou como líder, nos feitos que lle afectaban directa e indirectamente. Foi, por cronoloxía, por actitude e por condicións varias, un profesional da ciencia española de repercusión nacional e internacional. Como tal viviu o momento de renacer da botánica como ciencia nodular no estudo da biodiversidade e da ecoloxía planetaria, dende que xurde moi iniciática a preocupación polo cambio global. Santiago Castroviejo, dende os primeiros anos da década dos 70 do pasado século, incluso un pouco antes, participou e animou o nacente movemento ecoloxista español en asociacións sociais e nos ámbitos políticos paralelos que ocultaba a ditadura. E iso valéndose das poderosas ferramentas que eran a súa vasta cultura naturalista



Santiago Castroviejo, na súa casa familiar de Tirán. 1989

HOMENAXE A: Ana Liste e Santiago Castroviejo

e a súa potencia crítica baseada na reflexión; ambas animadas por unha inquebrantable e características perseveranza, que algúns chamaban testadurez.

A FACETA CIENTÍFICA

A ciencia botánica, ou historia natural das plantas e fungos, é unha parcela da bioloxía que se preocupa de entender a evolución da enorme diversidade das especies nos seus contextos ecolóxicos. Como é sabido o estudo das especies pode interesar dende moi diferentes perspectivas en enfoques sistemáticos, filoxenéticos ou filoxenómicos, ou poboacionais, ou ecolóxicos e ecofisiolóxicos, ou moi aplicados como os agronómicos e farmacognósticos, ou un longo etcétera. Os botánicos enfócanse en diferentes aspectos do anterior e ademais os sistemáticos teñen a exclusiva en estudar as especies e a súa taxonomía; tanto para descubrilas, describilas e catalogalas como para delimitalas poñendo barreiras conceptuais entre elas.

Santiago Castroviejo, dedicouse a estes últimos aspectos do estudo das plantas. Segundo o seu propio testemuño, considerábase botánico de bota (de campo) e non de bata (de laboratorio) o que concorda basicamente coa súa actividade. Sen embargo dedicou moitas horas ao laboratorio e moitísimas aos herbarios. Tamén ás bibliotecas tamén por pura afección ao libro antigo.

O seu traballo de campo, levábo a práctica moi organizadamente por obxectivos, a veces territoriais, catalogando a presenza das especies na xeografía, outras veces seguindo un deseño para estudos taxonómicos. En Santiago Castroviejo a razón galaico portuguesa, que tamén existía era poderosa e pasional e tamén ocio e afección. Con capitalidade en Tirán, Moaña, Pontevedra e nas Rías Baixas máis en xeral. Neste volume falarase das súas numerosas aportacións á botánica galega.

En todo caso, na década dos 80 Castroviejo emprende un camiño sen retorno tras unha decisión inamovible, disfrazada do aparente escepticismo galego, que foi embarcarse para pilotar unha grande obra botánica e así naceu *Flora Ibérica: plantas vasculares de la península Ibérica e Islas Baleares*. Un compendio “*donde se facilite la identificación de las plantas y donde se ofrezca por cada una de ellas: el nombre científico considerado correcto y sus sinónimos, una descripción que destaque las peculiaridades morfológicas, un dibujo original [...], el hábitat en el que se cría, su distribución geográfica en el Mundo y [...] el período de floración, su número cromosómico, sus nombres vernáculos, etc. [...], sobre la variabilidad morfológica de cada taxon, usos más comunes, conservación, biología, nomenclatura, etc.*” (<http://www.floraiberica.es/proyecto/preambulo.php>). Tal infraestrutura para calquera traballo botánico e moito máis alá, era estritamente necesario, en teoría viable, pero fora un obxectivo inalcanzado por moitos notables predecesores. Santiago Castroviejo dispúxose a iso e realizou unha investigación científica extraordinaria el mesmo e o seu equipo e ademais soubo sumar esforzos propios e alleos, de maneira que organizou un proxecto de longo prazo, conta a corrente das formas habituais de producir ciencia en artigos curtos, que era o común nos seus tempos e aínda máis nos actuais. Situouse como líder *inter pares* logrando estimular e acoller ideas tanto organizativas como de concepto e alcance científico. Dedicou a iso o maior esforzo da súa vida profesional. E conseguíuno, xunto con todos os que lle acompañaron, españois e algúns estranxeiros, especialmente portugueses, no esforzo enorme, titánico. “*Dos 21 volumes previstos, publicáronse 20. Entre os 20 xa publicados atópase o 7, que ten dous tomos, e o 16, que ten 3. O que queda é o 19, que tamén ten dous tomos pois refírese a unha das grandes familias, as gramíneas, que con máis de 500 especies no “cabe” nun só tomo. En resumo quedanos un volume dividido en dous tomos. A previsión é que o primeiro dos dous se poda publicar cara a maio e o outro nun par de anos...*” (en palabras textuais de Carlos Aedo, coordinador xeral do secretariado de *Flora Ibérica*, investigador do *Real Jardín Botánico CSIC* da mensaxe recibida recentemente por quen escribe este texto). O proxecto executouse con financiación pública nacional, competitiva, reavaliada tipicamente cada tres anos. O éxito da obra foi e segue sendo impresionante. É moi difícil calcular o seu impacto numericamente porque é unha infraestrutura que se usa continuamente por profesionais españois e estranxeiros de campos e ámbitos moi diversos; tamén os parámetros bibliométricos son imposibles de medir con solvencia nesta obra porque as citas son heteroxéneas, están dispersas e os bancos de datos son aínda incompletos. É raro que un traballo botánico profesional relacionado coas plantas da Península Ibérica non consulte *Flora Ibérica*.

Esta foi a súa grande obra pero ao tempo, Santiago Castroviejo facía investigación taxonómica, sobre plantas que non se recollían en *Flora Ibérica*. Pese ao aroma de clasicismo humanista que arrastra a súa fermosa denominación, a botánica é unha ciencia experimental e Santiago Castroviejo a quen por certo, gustáballe chamarse naturalista, era un investigador científico moderno, posto ao día, integrado na comunidade científica internacional, e sempre

HOMENAXE A: Ana Liste e Santiago Castroviejo

atento ás vangardas. Castroviejo estaba pendente e suxeito ao engarzamento da sistemática biolóxica como un pilar imprescindible da bioloxía evolutiva en relación coa diversidade organismos. Castroviejo era máis ben refractario ao que puideran ser modas en canto a enfoques e temáticas, que ían xurdindo no entorno científico. Sen embargo, non tivo dúbidas en incorporar intelectualmente as que se asentaban en consensos, as novas técnicas citomorfolóxicas, e/ou microscópicas avanzadas para o estudo de caracteres ou nos seus últimos tempos á análise filoxenético de base molecular e as ferramentas bioestatísticas. O equipo inicial de Flora permaneceu ata rematar o traballo preparado para iniciar outros. Con moito saber, moita experiencia e moita escola. Moitos dos mozos que se formaban facendo as súas teses en *Flora* abríanse outros horizontes con novos enfoques e novos problemas e así seguiu sendo; o gran proxecto de Santiago Castroviejo foi tamén unha canteira de excelentes investigadores e profesores. A súa impronta de rigor científico e bo facer calou moi fortemente en parte da mellor botánica española.

PROXECCIÓN COMO XESTOR CIENTÍFICO E INSTITUCIONAL

Sen dúbida a *Flora Ibérica* foi un reto para a capacidade de organización e para o saber facer no logro do liderado que alcanzou Santiago Castroviejo. Pero foi inseparable dese logro, e esencial para logralo, a súa experiencia institucional e o seu comportamento na relación sociolaboral de cada día no *Real Jardín Botánico CSIC*. Aínda que realizou numerosas estancias en distintos centros botánicos de Europa e América, especialmente no Kew Gardens do Reino Unido, Santiago Castroviejo traballou toda a súa vida en e para o *Real Jardín Botánico CSIC*, “... siempre, esto es, antes, durante y después de su mandato como director, tuvo la clara visión institucional de contribuir en todas sus acciones a engrandecer el prestigio del centro” cita literal de Gonzalo Nieto-Feliner; Homenaje ao Excmo. Sr. D. Santiago Castroviejo Bolívar, (na Real Academia de Ciencias en 2009 e comentado ao principio deste texto). Foi Director deste prestixioso centro de investigación botánica de 1984 a 1994. A historia dirá como pode compararse a súa xestión coa doutros eminentes directores do *Jardín*, valorando loxicamente os contextos históricos de cada un, pero é un feito que Castroviejo foi artífice do rexurdimento do centro tras a difícil etapa da ditadura española no que sufriu un practicamente continuo abandono polos poderes públicos; abandono moi custoso para o centro complexo que é un xardín botánico clásico, para os científicos que traballaron alí e o foi tamén para a ciencia botánica.

Por último e non é intrascendente, Santiago Castroviejo sabía escribir, gustáballe facelo dun xeito característico, barroco, facéndose comprender. E como adoitaba ocorrer, dende mil novecentos oitenta e tantos, aos máis competentes científicos españois, proporcionáronlle os fondos necesarios para expedicións de recolección e catalogación en distintos territorios; en Centroamérica e Sudamérica, en rexións continentais do sur de Eurasia, por sinalar algunhas de maior relevancia. As súas propostas para financiación, maioritariamente acudindo a convocatorias competitivas nacionais ou internacionais, eran consistentes, realistas e ben argumentadas; logo traducíanse en resultados de interese científico e de interese para as institucións como *Flora Ibérica* e outros proxectos e programas. Son resultados adicionais numerosos artigos taxonómicos, centenares. As súas respectadas autorías taxonómicas tamén numerosas. Os miles de pregos que aportan mostras de especies valiosas para os herbarios. Todo iso sigue facendo crecer aínda o interese da súa obra. Iso e algunhas outras aportacións que non se comentaron contribuíron ao seu excepcional patrimonio que legou á ciencia. O tempo faino máis acreedor do Premio Nacional de ciencia, que non chegou a ver, por moi pouco.



Santiago Castroviejo (esquerda) con Enrique Valdés Bermejo (centro) recoñecido botánico galego. 1976

HOMENAXE A: Ana Liste e Santiago Castroviejo

FLORA DA ILLA DE ONS E A CONTRIBUCIÓN AO SEU COÑECEMENTO DE SANTIAGO CASTROVIEJO¹

Por: Francisco Javier Silva-Pando

Conservador do Herbario LOU. Centro de Investigación Forestal de Lourizán. AGACAL.
Apartado 127, 36080-PONTEVEDRA.
francisco.javier.silva.pando@xunta.es

A Illa de Ons ten una longa tradición de visitas botánicas para a recolección de material, o que deu lugar a varios catálogos de Flora Vasculare. A primeira noticia que temos corresponde a Baltasar Merino, S.J., autor da *Flora de Galicia* (1905-1909), botánico burgalés que exerceu a Botánica no *Colegio de los Padres Jesuítas* en Camposancos (A Guarda, Pontevedra), quen visitou a illa en 1899 e citou na súa Flora 15 plantas das illas (p.e. *Cistus psilosepalus*, *Sedum acre*, *Armeria berlenguensis*, *Leucanthemum vulgare*, *Koeleria arenaria*, etc.), e incluso describe unha nova variedade, *Calendula suffruticosa* var. *gallaecica*).

Ata as herborizacións do Dr. Santiago (Tatayo) Castroviejo Bolibar cara a 1967-68, temos constancia de escasas herborizacións nas illas. Despois de cursar os seus estudos de Licenciatura en Ciencias Biolóxicas pola Universidade Complutense de Madrid (UCM), realizou a tese de licenciatura sobre “*La Vegetación y Flora de las Islas de Ons y Onza*” no ano 1969. Este traballo foi o primeiro intento para coñecer a variabilidade florística e da vexetación das illas citadas, estudos que con maior ou menor fortuna, seguiron outros autores nos anos posteriores. Na primeira parte do traballo, faise unha breve descrición das dúas illas e un bosquejo da vexetación fitosociolóxica, que é practicamente un resumo do traballo *La Vegetación de Galicia* (1968), do seu director da tese de licenciatura, Prof. Dr. Francisco Bellot Rodríguez, adaptado ás illas.

No apartado da flora, S. Castroviejo inclúe 178 taxons, dos cales 12 o son a nivel varietal e un a nivel de forma. Nas súas conclusións menciona 180 especies, pero *Crucianella maritima* aparece duplicada erroneamente na familia Crucíferas, o mesmo que *Calendula arvensis*, pero co mesmo número; tamén coloca erroneamente *Ornithopus compressus* (Leguminosas) na familia Liliaceas e *Malcolmia littorea* en Leguminosas, e *Erodium sabulicola* está subordinado hoxe en día a *E. cicutarium*.

Se temos en conta as plantas citadas por Merino (Tatayo non inclúe 6 das citadas por este), o resto son novidade para as illas, con citas interesantes como *Erodium maritimum*, *Fallopia dumetorum* (xa citada por Merino en 1897 do río Miño), *Medicago rugosa* (non se volveu a citar de Galicia), *Lavandula stoechas* (desaparecida da illa pero presente na Península do Castrove). *Diploaxis erucooides* e *D. viminea*, estas últimas especies raras en Galicia e a segunda, non citada da provincia nin se volveu a herborizar nas illas. Sobre os dous endemismos amplamente recoñecidos nas illas, *Cytisus insularis* e *Leucanthemum merinoi* (este último descrito conxuntamente co Dr. Robert Vogt), non os recolle na súa memoria de licenciatura, aínda que durante os anos posteriores sempre lle roldou na súa cabeza a singularidade da primeira fronte a *C. scoparius* e *C. striatus*. El citou só *C. scoparius*. A segunda é froito dos traballos da súa tese doutoral.



Centaurea x tatayana de Muela de Pinilla (Masegosa, Cuenca) (Cedida por Oscar García Cardo)



Diploaxis erucooides Planta que non se volveu a recoger desde 1969 (Autor J. Ramírez, Fonte: www.anthos.org)

¹ Os nomes científicos empregados no texto corresponden a nomenclatura actualizada das plantas citadas por Tatayo e outros autores.

HOMENAXE A: Ana Liste e Santiago Castroviejo

Chama a atención a ausencia dunha serie de plantas frecuentes e de notable visibilidade, como son *Adenocarpus complicatus* (que despois describiu como *A. lainzii*), *Arctotheca calendula*, *Armeria pubigera*, *Calluna vulgaris*, *Foeniculum vulgare*, *Otanthus maritimus*, *Rumex acetosa* subsp. *biformis* (recombinada a nivel subespecífico conxuntamente co Dr. Enrique Valdés-Bermejo (compañeiro e amigo entrañable nos seus anos postdoctorais da Universidade Complutense e o Xardín Botánico de Madrid) o *Pancratium maritimum*, entre outras, todas moi chamativas co para non observalas no campo. Tamén destaca no seu catálogo a ausencia de especies da Familia Cyperaceas, das cales citáronse nos catálogos posteriores 12 taxons. O seu catálogo de 1969 inclúe un total de 10 especies exóticas, o que na comparación con catálogos posteriores permite avaliar o avance da introdución dese tipo de plantas. Unha curiosidade sobre estas plantas invasoras, é que nas illas de Ons e Onza non crece *Carpobrotus edulis*, uña de gato, pero si *C. acinaciformis*, xa citado por Tatayo.

Un aspecto a tratar é o material bibliográfico de que dispuxo para levar a cabo as determinacións. Ademais da *Flora de Galicia* de B. Merino e o *Prodomus Florae Hispanicae* de M. Willkomm e J. Lange, disporá das floras portuguesas de Pereira Couthinho e G. Sampaio, e as francesas de Coste e Bonnier, así como as monografías publicadas na revista *Anales del Jardín Botánico A.J. Cavanilles de Madrid* e as *Aportaciones a la Flora Gallega* do Dr. Manuel Lainz Gallo, estas últimas ás veces de difícil comprensión para un neófito como era Tatayo na aquela época. Con todo, xa sinalabamos a ausencia de plantas citadas previamente por Merino. Pola nomenclatura empregada para designar os distintos taxons, vemos que non debeu utilizar os dous primeiros tomos de *Flora Europaea*. Como exemplo, cita *Salix cinerea* ou *Viola sylvestris* cando os nomes válidos nesa Flora son *S. atrocinerea* e *V. reichenbachiana*. Tamén destaca a utilización das variedades recollidas nas floras sinaladas ao principio, que no caso de *Flora Europaea* trata, se procede, como subespecies.

A memoria de licenciatura móstranos un xove biólogo nos seus primeiros pasos no campo da Botánica (hai que recordar que comezou con traballos zoolóxicos, acompañando ao seu irmán Javier), nun traballo realizado con seguridade durante un curto período de tempo en verán, chegando a recolectar en decembro e sen acompañamento dun titor experimentado, o que se aprecia polo número de material identificado. De calquera forma valeulle para a realización da súa tese doutoral que versa sobre *Flora y Cartografía de la Vegetación de la Península del Morrazo* (1972), lida na Universidade Complutense de Madrid, onde por comparación coa súa memoria de licenciatura realizada 4 anos antes, apréciase unha notabilísima evolución dos seus coñecementos botánicos. A súa vinculación co estudo da Flora galega, en especial coa litoral, continuou coa dirección da tese doutoral de Elena Lago Canzobre, que versaba sobre o *Estudio citotaxonomico de la flora de las costas gallegas* (1992), onde se incluía diverso material recolectado nas illas.

Despois de Tatayo, publicáronse diversos catálogos sobre a Flora das Illas de Ons e Onza, non sempre tendo en conta o traballo de Tatayo. Tamén houbo erros importantes, como por exemplo as citas de *Crocus nudiflorus*, *Cares vesicaria*, *Anthyllis vulneraria* subsp. *coccinea* ou *Colchicum autumnale* (Souto & de Sá, 2005), plantas que crecen lonxe das Illas Atlánticas galegas. O Catálogo de Bernárdez et al. (2006), non inclúe plantas mencionadas por Tatayo en 1969, como *Echium vulgare* ssp. *pustulatum*, *Erodium maritimum* (Endemismo costero galaico-francés) ou *Fallopia dumetorum*, e as incorrectas determinacións de *Asphodelus albus* (corresponde a *Asphodelus lusitanicus* ssp. *ovoides*) e *Carum carvi* (probablemente *Carum verticillatum*). O Catálogo de Blanco (2007) refírese ao material recolectado nos anos 1998-99 e depositado o Herbario LOU. En cambio, no traballo de Bernárdez et al., (2015), baseado en Bernárdez et al. (2006), apréciase a participación de botánicos con longa experiencia, e no mesmo corríxense unha parte das determinacións erróneas e incorpóranse máis de 170 novos taxons, así como a totalidade das plantas citadas por Tatayo. Na táboa adxunta resúmese a evolución do número de taxons citados nas illas:



Romulea clusiana (Autor Francisco Javier Silva-Pando)

HOMENAXE A: Ana Liste e Santiago Castroviejo

Autor	Castroviejo	Souto & de Sá	Bernárdez et al.	Blanco	Bernárdez et al.
Ano	1969	2005	2006	2008	2015
Nº taxons	178	351	354	258*	560

*Só materiais herborizados.

En primeiro lugar, destacar o incremento no número de taxons debido, tanto á herborización máis intensa que dá lugar tanto a novas plantas silvestres, como especies introducidas, cultivadas ou invasoras; estas últimas eran 10 en 1969, en 2006 eran xa máis de 45 e actualmente roldan as 100 especies. A maioría das especies silvestres son comúns na zona costeira das Rías Baixas, pero a pesar de todo, non se volveron a recolectar plantas como *Blechnum spicant*, *Malva alcea*, *Raphanus raphanistrum* subsp. *raphanistrum* ou *Acacia longifolia*, citadas por Tatayo en 1969. Das especies introducidas e invasoras, algunhas son testimoniais, pero outras teñen un claro carácter invasor, como *Acacia melanoxylon*, *Arctotheca calendula*, *Oxalis pres-caprae*, *Robinia pseudoacacia* ou *Tradescantia fluminensis*. O incremento das mesmas está relacionado coa ocupación de antigas vivendas ou de antigos almacéns transformados en vivendas, xardinería e á forte presión turística que sofre dende os anos 80 e que foi en aumento.

Da comparación no tempo dos catálogos citados, pódense sacar conclusións sobre a perda de hábitat para algunhas especies ou a velocidade de dispersión doutras.

O forte carácter de Tatayo, permitiulle continuar co seu labor botánico e conseguir co impulso nos seus comezos do seu compañeiro e amigo, Dr. Enrique Valdés-Bermejo, que se fixera realidade – xa só faltan 2 tomos da familia Gramineae – a *Flora Ibérica* que desde os tempos de Willkomm & Lange os botánicos españois e europeos

estabamos esperando ter. Deixando aparte a súa capacidade científica, visible polas súas múltiples publicacións e recoñecementos, destaca a súa capacidade para concitar adhesións e conseguir a participación de botánicos españois e europeos no proxecto *Flora Ibérica*; a súa “maxia” para lidar en conflitos e disputas entre aqueles e o seu saber manexarse nos vericuetos do Poder, fixo posible esa obra, que realmente comezou na súa memoria de licenciatura da *Flora de las Islas Ons y Onza*.



Cystisus insularis (Fonte: www.big.org)

AGRADECIMENTOS

Ao Dr. Rubén Pino Pérez polas súas aportacións e comentarios.

BIBLIOGRAFÍA

- Bernárdez Villegas, J.G. (2006). Estudio florístico de la “Illa de Ons”, Parque Nacional Marítimo-Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia. OO.AA. Parques nacionales: Ministerio de Medio Ambiente. Madrid.
- Bernárdez Villegas, J.G., Acedo Casado, C., Mouriño Lourido, J., Lence Paz, C. & Rigueiro Rodríguez, A. (2015). Catálogo florístico del parque Nacional Marítimo-Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia. Documentos Jardín Botánico Atlántico, Gijón 13: 5-236.
- Blanco-Dios, J.B. (2008) Contribución al conocimiento de la flora vascular de la Isla de Ons. Boletín BIGA 4: 47-58.
- Castroviejo Bolívar, S. (1969) La Vegetación y Flora de las Islas de Ons y Onza. Tesina de Licenciatura. Facultad de Ciencias Biológicas. Universidad Complutense de Madrid. Madrid.
- Lago Canzobre, E. & Castroviejo Bolibar, S. (1992) Estudio citotaxonomico de la flora de las costas gallegas. Cuadernos da Área de Ciencias Biolóxicas, 3. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. Edicións do castro. Sada.
- Souto Figueroa, M.G. & De Sá Castro, M.P. (2005) Flora da Illa de Ons. Diputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.

A TOXA, SETEMBRO DE 1850. EDUARDO PONDAL, UN POETA NAMORADO

Por: Patricia Arias Chachero

La vida del Póeta es un misterio,
Un misterio magnífico su alma¹
Eduardo Pondal

Eduardo Pondal (1835-1917) é, xunto a Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez, un dos nomes claves da literatura galega do século XIX. Culto e perfeccionista, asinou decenas de versos maxistrais; moitos, redactados con verdadeira devoción para ser postos ao servizo da causa galega. No persoal, parece que foi o un home de forte carácter, introvertido e reservado, con tendencia á soidade; particularidade esta que se irá acentuando co paso dos anos. Amigo dos seus amigos e fortemente comprometido co papel do poeta como axitador de consciencias, iniciou o seu labor creativo en revistas e xornais, ao pouco de abandonar a adolescencia, asinando, en castelán, versos que, con frecuencia, abordaban a temática amorosa.

En 1925, Fermín Bouza-Brey rescatou fragmentos dunha destas composicións. Baixo o título “*Recuerdos –Septiembre de 1850- La Isla de la Toja*”, recolle as lembranzas dun destes amores mozos. Di así:

Yo recuerdo la niña hechicera
Que en Helenes la dulce nació
Otra virgen tan pura y tan bella
A mi orillá jamás abordó
Yo recuerdo a la niña enlutada
Adornada de negro crespón

Ramón Cabanillas, que estudou estes versos en 1929 no seu discurso de ingreso na Real Academia Española, anota que probablemente, esta sexa a composición máis antiga do autor de *Queixumes dos pinos*. En setembro de 1850, data que figura no título, Pondal ten 15 anos cumpridos e desde hai dous, pasa longas temporadas en Compostela, onde estuda o Bacharelato e onde se relaciona coas mozas e mozos que frecuentan o Liceo de la Juventud. Entre eles está Manuel Murguía, andando o tempo esposo de Rosalía e naqueles anos de mocidade, grande amigo do poeta que nos ocupa. Foi precisamente Murguía (1933: 184) quen deixou escrito que naquela altura Eduardo Pondal era “un mozo alto, airoso, de cabelos e ollos negros, moreno de cara, áxil de movementos, todo vida e franqueza no seu porte. Así o recordo sempre, por máis que feríndoo, ben axiña por certo, as pasións que enxendra a mocidade, lle roubaron algo do bon aspecto que tan ben lle sentaba”.

De lle facermos caso ao poema rescatado por Bouza-Brey –e téñase presente que se abre cun pronome en primeira persoa-, o suxeito lírico, inda mozo, tería pasado algúns días na Toxa repoñéndose, quizais, dalgunha enfermidade ou desgusto. Durante a estancia tería trabado amizade cunha moza, case unha nena (v. 1), pontevedresa (v. 2), que gardaba loito (vv. 5 e 6) pola morte dun ser querido e a quen supoñemos acompañada da súa familia, coa que procuraba a tranquilidade necesaria para repoñerse da fatal perda.



Eduardo Pondal con 24 anos, nove anos despois de visitar A Toxa
(arquivo RAG)

¹ Versos finais dun poema titulado “Á mi jóven prima Emilia Pondal que me ha dado un beso á trueque de saber cual es la vida y poder del poeta”, publicados en *La Ilustración de La Coruña*, 29/01/1860.

Convén lembrar que en 1850 A Toxa non era inda o suntuoso balneario que será anos despois. Segundo o doutor Antonio Casares, que escribe sobre ela nove anos antes de que o fixese Pondal, na illa: “no hay paseos, no hay distracciones y no una vez sola se han visto los enfermos sin pan para comer [...] A pesar de esto el número de enfermos que ansiosos de encontrar salud van á los baños de esta Isla, se acrece continuamente, sin que pueda atribuirse tal concurrencia á elogios interesado ó noticias supuestas”. Nestas condicións ou noutras moi semellantes, tería descansado o poeta, acompañado ou non, dalgún dos seus irmáns ou familiares máis próximos.

En 1961, Ricardo Carballo Calero, a quen homenaxearemos no Día das Letras Galegas do ano 2020, publicou un libro que leva por título *Versos ñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*. Un volume singular preparado grazas á valiosísima documentación que lle facilitou Isidro Parga Pondal, sobriño-neto do autor que nos ocupa, e en cuxas páxinas atopamos un poema inédito titulado “Rescoldo y cenizas”:

Isla oscura de la Toja,
pobre, sin verdor y yerma;
albergue de humildes pinos
y de indigente maleza;
grato asilo de las aves
y de las brisas ligeras:
triste y punzante recuerdo
tú eres para el poeta,
que, como un dardo, en la mente
siempre clavado te lleva.
Oh isla, oh desierta Loujo;
para los demás desierta;
para mí... de tus hermanas

la más simpática y bella.
Ah, ¿dónde hallar un veneno,
aunque en el infierno fuera,
que en un letargo profundo
adurmiera mi existencia,
y, de mí mismo olvidado,
olvidar también pudiera
aquellas felices horas
que el alma, triste, recuerda...?
Ha muchos años que fue...
y aún por la herida abierta
el corazón sangra a veces
y de vivir ya le pesa.

En nota previa engade o editor que se trata dun texto autógrafo e que o orixinal non contén nin unha “soa enmenda, i é perfectamente craro, como caligrafiado sosegadamente. Será copia interrumpida dun borrador que non poseemos”. Parece que o eu lírico destes versos, ambientados tamén na Toxa, escribe desde a idade adulta (v. 23) para lembrar un amor que non foi inda superado, que non foi esquecido e que fai que o corazón inda o lembre, “sangue”, polo menos ás veces (v. 25). O encontro amoroso asóciase de novo á illa do Grove, “escura” no primeiro verso pero para o poeta a “más simpática y bella” (v.14), asociada ás “felices horas” (v.21) que quixera esquecer pero non pode.

Na *Historia da Literatura Galega* (1981: 250), tras aludir a estes versos, Carballo Calero cóntanos que Eduardo Pondal viviu sendo moi novo, un amor intenso e infeliz, que o marcaría de por vida. Explícanos, que entre os papeis que a familia conservou se atopaba unha carta, encartada con coidado e quizais gardada na carteira durante anos, na que se pode ler: “Sr. Dn. Eduardo Pondal/ Agradezco que todo el mundo me quiera/ pero sin miras de ninguna clase./ Yo amo y respeto ami 1º y último/ esposo (E.G.E) hasta la eternidad, es en/ teramente imposible llenar ninguno este vacío/ y para que V. nada ignore, le digo que/ después de Dios, yo no pienso más que en/ mis hijas, y en la muerte, por lo que nada/ aprecio que V. ni otro ninguno se moleste por el Estilo/ S. de V”. Parece pois que o poeta pretendeu a unha muller viúva, con fillas ao seu cargo, que o rexeita tallante.

A mesma sinatura –S. de V.- leva estoutro fragmento que Calero tamén cita: “Supongo que con los truenos tampoco V. se asustaría/ me alegro; Dios y la Virgen/ nos salvará de todos los peligros, espero ,e” prodiga todos los consuelos, que con mis niñas/ no preciso de más/ la Virgen me hace que/ me conforme con los designios de la Providencia”.

O certo é que Eduardo Pondal gardou celosamente ambos textos e que hoxe resulta imposible saber se o loito do seu amor de xuventude, o da Toxa, ten ou non algo que ver con estoutro que presupoñemos máis serodio. O que, de lle faceremos caso a Manuel Murguía, non debemos dubidar é que o mozo Eduardo Pondal estivo profundamente namorado dunha



Bañistas na Toxa

rapaza, quizais a que coñeceu no Grove, e que o fracaso deste amor, marcou a traxectoria literaria do poeta. Deixemos falar a Murguía (2004: 108):

Cantando la mujer amada, exhalando sus quejas, diciendo las tristezas que le devoraban, era el poeta de todos aquellos que sentían iguales dolores, o alimentaban un amor contrariado.

Desgraciadamente aquellas estrofas no eran sólo hijas de la imaginación: el poeta había puesto en ellas su sangre y su carne. Así fue posible que llegase aquel día en que, rendido al sufrimiento, enmudeció buscando en la soledad de los campos paternos la quietud que no tenía [...] Cuando salió de su destierro [...] La canción amorosa había espirado en sus labios. Otros eran los ideales que le animaban.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- BOUZA BREY, FERMÍN (1925) “A formazón literaria de Eduardo Pondal e a necesidade de unha revisión dos seus “Queixumes”, *A Nosa Terra*, nº 209, 1-II, p. 6.
- CARBALLO CALERO, RICARDO (1961) *Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*, Vigo, Galaxia.
- (1981) *Historia da Literatura Galega*, Vigo, Galaxia.
- CASARES, ANTONIO (1841) *Análisis de las aguas minerales descubiertas en la Isla de Loujo ó Toja Grande*, Santiago, Imprenta de la Viuda é Hijos de Compañel.
- MURGUÍA, MANUEL (1933) “Eduardo Pondal e a súa obra”, *Boletín de la Academia Gallega*, Ano XXVII, nº 248-249, A Coruña, Real Academia Galega.
- (2004) *Los precursores*, A Coruña, La Voz de Galicia.



LA TOJA: Balneario Antigo, Pabellon
Moderno, fachada al mar

Balneario da Toxa

ANTÓN MASCATO, Atila no Grove

Crónica política e Memoria da masacre (1923-1948)

Por: Patricia Arias Chachero

Segundo o dicionario etimolóxico a palabra esquecer procede do latín vulgar excadescere; termo formado a partir do prefixo ex e o verbo cadere, combinación que viría significar algo así como “caer fóra”. Creo que xusto iso tentou o autor deste libro, evitar que o pasado, a historia da súa vila, O Grove, caese fóra. Evitar que o sucedido ficase tombado, deitado. Tentou, con éxito, cómpre dicilo xa, que o que pasou, ficase en pé, erguido e visible. Quizais por todo isto, a palabra Memoria figura así, en maiúscula, na portada do libro, e quizais precisamente por iso, o autor, decidiu iniciar o seu escrito cun texto de Lourenzo Fernández Prieto no que se reflexiona sobre os conceptos de memoria e historia.

Fronte a esquecer, o termo recordar procede de re cordis, isto é, volver pasar polo corazón. Os romanos crían que a memoria estaba no corazón e por iso cando esquecían algo non levaban a man á cabeza, como facemos hoxe nós, senón ao lado esquerdo do peito. Recordar sería pois, volver pasar polo corazón aquilo que sucedeu. Tamén disto sabe moito o autor deste libro, Antón Mascato, que leva moitos anos reunindo información sobre o que viviron as veciñas e veciños na súa vila nata; interesáballes, sobre todo, aquilo que pasou desde o inicio da ditadura de Primo de Rivera até a morte de Francisco Franco. No longo proceso de preguntar a uns e outros, supoño que o acto de recordar provocou, en moitos momentos, verdadeira dor a aqueles que debían lembrar para que Mascato nolo puidese contar. É de xustiza explicarlles que o seu esforzo, o seu dó, era importante, era socialmente importante.

Nas catrocentas páxinas do documentadísimo traballo que resultou, coñecemos historias estarrecedoras como a de Juan Allo Sabor, preso en Ezkaba, en Pamplona; quen, tras coñecer a morte do seu irmán, decide fugarse en maio do 38 con outros 800 presos. Todos eles mal alimentados, sen roupa de abrigo, desesperados, foxen da prisión na procura dun futuro mellor. Dos 800 que escaparon, a de Ezkaba é a maior fuga de presos do estado español, 600 regresaron e sufriron as represalias e case 200 foron fusilados, un deles o grovense Juan Allo Sabor.

Compartía prisión con Jacobo Otero Goday, médico na vila, e Xacobe Barral Otero, alcalde republicano no Grove de 1936, destituído o 28 de xullo dese mesmo ano, preso na Illa de San Simón e máis tarde en Ezkaba, no forte de San Cristóbal; onde tentaron impedir que os seus veciños e outros galegos fuxisen, insistíndolles en que non tiñan roupa de abrigo, nin comida e que, nin sequera, sabían ben onde estaba a fronteira con Francia. Otero Goday non logrou evitar a morte de Allo Sabor pero o seu sentido da xustiza e da solidariedade, fixeron que conservase durante anos unha pequena manta de retallos que Carme, a nai de Juan, tecera para que o seu fillo non pasase frío na prisión. Moitos anos despois, Jacobo Otero devolveulle a Carme Sabor a manta que non puido cubrir o corpo do seu fillo.

Un dos mellores amigos de Xacobe Barral Otero era Paco García Moldes, o último asasinado no Grove a consecuencia das súas ideas pois nunca ningún crime cometera. Morreu en 1948 sentado nun banco, lendo o xornal, no café Bolero. Dous homes uniformados disparáronlle a sangue frío aproveitando un apagón de luz que eles mesmos provocaran. Cal era o “delito” de Paco García Moldes? Quizais ter sido amigo de Alexandre Bóveda ou de Roberto Blanco Torres, quizais ter defendido con honradez a causa republicana, demostrando sempre ser un demócrata coherente e comprometido ou quizais esforzarse en axudar a amigos e veciños presos, defendendo encausados e salvándolles a vida a moitos habitantes do Grove.

Sorpréndese un, lendo este libro, que nun lugar como O Grove, pasasen tantas cousas terribles.

A Francisco Otero García perseguírono e matárono a balazos á altura da actual Galería Besada, na rúa Concepción Arenal. Xa amencía e foron varias as persoas que presenciaron o que sucedía. A Ricardo Besada Figueiro, O Chiquitín, paseárono na noite do 29 de agosto de 1936, o mesmo día que asasinaron a outros tres grovenses. Sobreviviu aos disparos e abandónano dándoo por morto, consegue arrastrarse até unha casa onde unha veciña logra reunir a valentía e fortaleza para socorrela e axudalo a poñerse a salvo. Mantivo en silencio, durante anos, o nome dos “seus” asasinados.

O libro está cheo de relatos particulares como estes, pequenos relatos que configuran a historia dun lugar, a historia dun pobo. Un traballo necesario, valente, honesto e ben documentado.

ANTÓN MASCATO

ATILA NO GROVE
Crónica política e Memoria da masacre
(1923-1948)



POSITIVAS

Atila no Grove. Edicións Positivas, Santiago de Compostela, 2019



FOROS, QUEBRANTOS E DOAZÓNS Á IGREXA DO APÓSTOLO

Por: Francisco Calo Lourido

Escribo estas páxinas no Nadal deste case rematado 2019, mes no que saíu do prelo un meu libro que titulei *Vida e traballo no mar dos galegos*. Na fin do mesmo coidei acaído poñer que se rematou de imprimir no mes “no que se cumpre o 850 aniversario da concesión do foro de Fernando II a Pontevedra, agromando así unha grande vila de mareantes e mariñeiros”. Precisamente, para conmemorar esta data, editouse unha fermosa monografía, na que fun invitado a participar, a carón doutros especialistas, por Xosé Abilleira, coordinador da mesma. Bulíndome todo isto na cabeza, pareceume que podería resultar interesante dedicar esta breve colaboración, para unha revista con tanto sabor a salitre como *Aunios*, a falar dos foros que Fernando II concedeu a tres grandes vilas marítimas, Padrón, Noia e Pontevedra, as tres moi vencelladas ao culto xacobeo e ás peregrinacións a Compostela. Podería engadir os concedidos polo seu fillo, Afonso VIII de Galicia-León (IX para a historia oficial española) e completar así o rosario de portos galegos desde Viveiro, Betanzos ou A Coruña ata Muros, Baiona e Tui; pero facer isto desbordaría o marco físico deste breve artigo.

A maioría das veces que os meus alumnos de historia me chegaron cun feixe de documentos -habitualmente cosidos, formando un volume- para que lles dixese de que trataban, resultaban ser os foros que rexeron, nalgún caso durante séculos, o dereito das súas familias a usufrutuar as terras doutras persoas ou institucións. Nesta acepción, o foro é un contrato enfiteutico de longa duración polo que unha parte cede a outra o dominio útil dun ben a cambio do pagamento anual dun canon, mais conservando o dominio efectivo do ben cedido. En Galicia funcionou esta fórmula, con variantes, desde a Idade Media ata a súa amortización, previo pago, na época de Primo de Rivera. Na acepción que agora me ocupa é igualmente un instrumento xurídico contractual, mais entre un rei, bispo ou nobre laico (por exemplo, o de Caldas de Reis, de 1254, foi outorgado por Don Juan Arias, Arcebispo de Santiago) e unha poboación que, deste xeito, adquire unhas liberdades e dereitos, así como un rango urbano, non necesariamente de cidade, pois para selo precisaba contar con tres cousas: concello propio, murallas e bispo. Pontevedra só tiña as dúas primeiras, polo que, ao longo da Idade Media, non pasou de ser vila.

No século XII están a xurdir por toda a Europa occidental multitude de asentamentos urbanos “con papeis”, e dicir, con foros que garanten as súas liberdades e dereitos e tipifican as cargas fiscais e punitivas. A nosa terra e, máis concretamente, a súa costa vivirán este mesmo proceso europeo, co que podemos dicir que o Reino de Galicia latexaba no medievo perfectamente sincronizado cos países extrapeninsulares.

O rei Fernando II, nacido e criado en Galicia, acordou con Afonso Henriques, primeiro rei portugués, a Paz do Lézec (1165), así chamada por ser asinada en Pontevedra “super flumen Lerice in vetula ponte”. Durante o seu reinado e o do seu fillo Afonso VIII

floreceu aquí a lírica galaico-portuguesa, así como a arte, exemplificada no Pórtico da Gloria da catedral de Santiago. Pai e fillo decidiron facer nesta catedral, o cal é moi significativo para destacar a importancia do reino, o sepulcro dos monarcas de Galicia, sendo enterrados alí ambos os dous, amais doutros membros da familia real e cortesáns e, tanto un coma outro, concederon unha serie de foros, tendo os dos núcleos costeiros unha intención decididamente comercial. No artigo que escribín no devandito libro do foro de Pontevedra, relacionei estes, e a súa vocación mercantil, con varias fundacións



Fernando II. Tumbo A. Foto: Catedral de Santiago

dos condes de Alsacia en Flandres: Gravelines, Nieuwpoort, Damme, Calais, Dunkerque... (Calo, 2019: 60). Todas estas fundacións ou refundacións, foráneas ou galegas, referendadas por un foro non foron feitas con vistas a crear asentamentos pesqueiros (iso viría dado), senón comerciais.

Dos foros de Fernando II, tres deles foron feitos para outros tantos lugares costeiros, sendo o primeiro o de Padrón, en 1164. Marcáronse nel, entre outras disposicións, os prezos dos comestibles, peixes incluídos, e mandouse que ninguén da vila pagase portádego “en toda a miña terra, non sendo no castelo de Oeste por sal e peixe”.

Catro anos despois, en 1168, concederá, estando en Lugo, o foro de Noia. Nel facultou ao seu “leal Don Pedro, electo de Compostela” que puidese edificar e establecer un “novo burgo e porto na Terra de Santiago na comarca de Santa Cristina de Noia [de Barro] á beira do Tambre para gloria de Deus e de dita Igrexa, que vos elixiu por Pai e Pastor”. O tal burgo e porto deberá ser chamado “Todo bo” (*Totum bonum*). Nel mandouse que non pagasen máis “portádego e peaxe que o que adoitan pagar as naves”. Dese portádego das naves reservou para el e o seu fisco a metade. Mandou tamén que desde o Faro (A Coruña) ata este porto, que se chamará “Todo bo”, e desde el ata Santa María da Lanzada e mesmo ata Padrón “deixe de se observar o mal costume do naufraxio, polo cal os náufragos ou navegantes se ven precisados a entregar as súas naves e o seu cargamento aos Señores da terra; e que aos mareantes que dentro dos ditos termos lles sucedese padecer naufraxio ou perigo de se perder, se lles restituían as súas naves e todas as súas cousas sen diminución e molestia algunha, se é que puideron escapar da tempestade. Mais isto ha de se entender dos barcos que veñen consignados ao porto do Apóstolo, e non de outros”.

Declara, finalmente, que fai todo isto “para restauración do porto do Apóstolo”, dando isto a entender, como di López Ferreiro (1895: 171-177), que o anterior porto tería sido destruído ou por un incendio ou por un avance das augas do mar sobre a terra. Aínda a día de hoxe, a tradición conservada en Noia di que o primitivo porto estaba entre Barro e a Barquiña, moi preto da actual vila.

Dous anos despois deste foro de Noia (así chamada a nova poboación ante a falta de éxito de “Todo bo”, que non chegou a callar), o rei Fernando e a raíña Dona Urraca, filla de Afonso Henriques de Portugal, concederon, estando en Ciudad Rodrigo, o foro a Pontevedra. Este foro, brevísimo e a día de hoxe perdido, coñecémolo íntegro por un fermoso privilexio rodado de confirmación de Afonso o Sabio, feito en pergameo en Sevilla o 5 de xuño de 1264.

Neste foro, o único que semella interesar, amais de eliminar algúns impostos (loitosa, goiosa, fosadeira...), é o relacionado co comercio marítimo, como vemos na disposición de que de todo barco que vaia á costa, que sufra un naufraxio, un quebranto en terra do monarca, as tres cuartas partes dos restos que se recollan serán para os seus propietarios e a cuarta restante para o rei. Hai que lembrar que, á falta de foros que clarificasen os dereitos de cada quen, o habitual era que todo canto saíse á costa, produto dun sinistro, pasase a pertencer ao señor natural do territorio, e outro tanto acontecía, se o que o mar deitaba na praia era unha presa aproveitable.

A varada dunha balea en Corrubedo, en 1577, suscitou un preito entre os meus veciños da xurisdición de Noia e o arcebispo compostelán que a reclamaba como súa (Cabeza de León, 1930: 227-234). Todo canto o mar tiraba en terra, desde madeira, sempre escasa na beiramar, ata, xa na nosa época, contedores co máis insospitado dentro, era —e é— inmediatamente aproveitado polos moradores da zona. Todo o que saía á praia era unha creba, e moitos desocupados forzosos, sobre todo na inverniá, dedicaban as baixamares a percorrer a costa na procura delas. Lembro de ir eu tamén ás crebas cos amigos, sendo cativo, e na miña ría de Muros e Noia temos a illa da Creba na parte na que aquela se estreita entre Esteiro e Portosín. Leva un nome moi acaído, xa que, efectivamente, se creba aí a ría, dividíndose en dúas zonas moi diferentes e actuando dun xeito semellante ao de Tambo na ría de Pontevedra. O nome de quebranto, do que procede creba, é o que aparece continuamente nas *Partidas* de Afonso X. Este rei do S. XIII xa deixou dito na Partida V, Título IX, Lei VII que todo canto se recolla dos quebrantos dos barcos pertence aos seu lexítimos propietarios, a non ser que “fuesen de los enemigos del rey et del regno; ca entonce quienquier que las falle deben seer suyas”.



Illa da Creba. Ría de Muros e Noia. Foto Mapio.net

O interese dos monarcas ao conceder foros a núcleos costeiros era o de posuír portos comerciais de reguengo; máis a Fernando II pouco lle duraban en propiedade pola importancia e peso do Apóstolo Santiago, cuxa igrexa compostelá acaparaba doazóns naquela Galicia do S. XII. Xa en 1167, Afonso Henriques traspasou o río e ocupou o castelo de Cedofeita en Lérez; asediouno Fernando e, no proceso dun forte temporal, un raio deitou abaixo a torre, o que atemorizou aos portugueses, permitindo que as tropas do rei de Galicia o reocupasen. De seguido, coidando que o raio fora unha acción de Santiago, doou o castelo á mitra compostelá (Calo, 2016: 133). Despois da concesión do foro, en 1169, uns peregrinos que circulaban polo camiño portugués foron inxuriados por homes do rei (*quando peregrini sti. Iacobi in strata eius ab hominibus meis capti fuerunt*) polo que este, en desagravio, doou Pontevedra, xunto co castelo de Cotobade, á igrexa de Santiago (Calo, 2007: 175). A partires dese ano, a nosa Boa Vila deixará de ser reguenga para engrosar o señorío de Compostela, transformándose ao longo dos séculos medievais na verdadeira xoia do mesmo.

BIBLIOGRAFÍA:

- CABEZA DE LEÓN, Salvador (1930): “Notas de un preito antre os veciños de varias freiguesías da xurisdición de Noia e o Arcebispe de Sant-Yago, sobre o aproveitamento de unha balea botada pol-o mar, 1577”. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, V. Nós. A Coruña, pp. 227-234.
- CALO LOURIDO, Francisco (2007): “Achegas históricas para o estudo do Camiño Portugués a Compostela”. In *Actas do Congreso O Camiño de Santiago para o século XXI. O Camiño Portugués*. Consellería de Innovación e Industria. Xunta de Galicia. Compostela, pp. 175-193.
- CALO LOURIDO, Francisco (2016): “E os da banda d’alá son máis estranxeiros que os de Madrí?”. *Portugalia*. Nova Série, Vol. XXXVII. Departamento de Ciéncias e Técnicas do Património. Faculdade de Letras da Universidade do Porto, pp. 131-147.
- CALO LOURIDO, Francisco (2019): “O foro marca o inicio dunha grande cidade porto”. In ABILLEIRA, X. (coord.): *Estudos sobre o foro de Pontevedra (1169)*. Concello de Pontevedra, pp. 57-61.
- Las Siete Partidas del Rey Don Alfonso el Sabio cotejadas con varios códices antiguos por la Real Academia de la Historia*. T. III, Partida Cuarta, Quinta y Séptima. Madrid (1807), pp. 240-241. [fama2.us.es/fde/lasSietePartidasEd1807T3.pdf]
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1895): *Fueros municipales de Santiago y de su Tierra*. Ediciones Castilla, S. A. Madrid (Hai ed. facsimilar de 1975).



TOPONIMIA: CAUSA – EFECTO “SAN VICENTE DE O GROVE”

Por: Xosé Fuentes Castro

Alguén dixo, que <o tempo é a sombra do relativo>. Cando queremos darnos conta morreu o recordo e todo o temporalmente valorable.

Está a acontecer algo semellante cos nomes de sempre (topónimos). Ao mudar as sociedades de xeito de vida no eido do traballo e pasar da sociedade rural agraria, labrega, á sociedade asalariada, os nomes dos lugares, corredoiras, camiños,..., van esvaéndose na memoria, porén no recordo ao non formar parte do día a día.

Xa non se fala polas noites a carón da lareira das angueiras do día que ven e dese xeito van quedando no esquecemento os nomes que eran comúns noutros tempos. Mañá, temos que sementar patacas en Salcido; pasado, nos Cons de Xan Vidal,...

A tarefa de planear por onde é máis doado transitar co carro cargado de esterco: Se polo camiño de Ruidantes, polo da Santiña, polo de Suasventanas,... Así, eran as conversas de costume; os nomes vivían con nós. Este tesouro toponímico multiseccular está en vías de extinción ao caer en desuso. Cómpre logo facer un esforzo de recuperación, rotulación e conservación desta riqueza cultural antropolóxica que está desatendida pola sociedade, polos poderes públicos (concellos), asociacións culturais,...

Esta situación está a darse de xeito dramático no concello de O Grove, especialmente na parroquia de San Vicente.

Unha sociedade decente non pode mirar para outro lado, malia ter mudado o xeito de vivir.

Ao írmonos desposuíndo dos recordos vaise escurecendo o espírito, mutilando a beleza, facendo fraco favor aos devanceiros que nos deixaron esta riqueza.

“*O home reflíctese nas súas cousas*” dicía Nietzsche. É preciso que o reflexo da sociedade camiñe nese senso de non esquecer, de recuperar.

Estamos vencellados á toponimia de tal xeito que somos parte dela; está inserida no noso ser.

Compre pois preservala para sermos dignos de nós.





A SOLAINA. Rúa Peralto B, 8 • T. **986 73 34 04** • 36980 O GROVE (Pontevedra)
SOLAINA. Avd. Beiramar (zona del puerto) • T. **986 73 29 69** • 36980 O GROVE (Pontevedra)

*Cocina Casera
de Calidad*

A LONJA VELLA

**ESPECIALIDAD EN
CALDEIRADA DE PESCADOS**

Avenida de Orense, 76 - 36900 MARÍN
 Pontevedra
 Telf. 986 892 097

Raxeira
restaurante

Amplia comedor con
incomparables vistas sobre
La Lanzada, ideal para
comidas familiares y de empresa

Pescados y mariscos de la Ría

Carretera de
La Lanzada, 10
986 742 023
986 744 436
Sanxenxo
Pontevedra

Raxeira

Raxeira
Vivienda vacacional

- Habitaciones con baño y T.V.
- Zona ajardinada
- Aparcamiento privado
- A 200 m. De la playa

Carretera de
La Lanzada, 25
986 742 023
607 223 605
Sanxenxo
Pontevedra



**Jaime Solá, 10
O GROVE**

Telfs.: 615 40 54 38 - 986 73 02 55

David González Miguez

**TABERNA
OS CANDIS**

**Rúa Oscura, 13
Tel. 986 73 39 73
36980 O GROVE**

**TABERNA
casaABEL**


**Rúa Platería, 63
O GROVE Pontevedra
Telf. 986 73 02 24
www.casaabel.com**

**ASADOR
O CHIRINGUITO**

**ASADOR
O CHIRINGUITO**

**Telf. reservas:
986 73 17 01**

**Av. de Beiramar, 84,
36980 - O Grove,
Pontevedra**



SANTA MARÍA DA ILLA DE ONS, IGREXA E/OU MOSTEIRO?

Por: Arturo Sánchez Cidrás

Na Ruta Marítima Xacobeá os peregrinos do Sur ben se poden achegar a Illa de Ons para facer unha parada e observar pezas e estruturas que lles amosarán parte do pasado relixioso da comunidade illan.

Son as pedras agochadas nun hórreo de Canexol as que nos traen á memoria aquel artigo de Celestino Pardellas, director desta revista, saído no xornal A Comarca do Morrazo¹ onde se pode ler: “... Posiblemente, pertencentes a construcións monacais, son as pedras moi ben traballadas, e ata con algunha inscrición, que se atopan espalladas por piornos, cortellos, casas e polos muros das illas leiras.”

Isto, e o empeño de Celestino, é o que nos serve de desculpa para recompilar datos e hipóteses que esperamos que no futuro, máis ben próximo, se enriquezan coa aportación de novos documentos e evidencias incuestionables que axuden a resolver o seu misterio.

Os ingredientes xa están servidos e a estes poderíamos ir engadíndolles outros como a sepultura antropomórfica da Laxe do Crego e algún elemento que aparece hogano.

Coñecedores de que as hipóteses a barallar sobre a procedencia (igreja, mosteiro,...), datación, etc. das mesmas poden ser moitas e polo que, sen esgotar unha mirada máis ampla e ata distinta, trataremos de acoutalas no espello da documentación.

Comezarei por aglutinar referencias sobre a igrexa de Santa María e/ou do posible mosteiro da illa de Ons para que axuden a esclarecer o que de escuro haxa ao respecto, pois moitas son as alusións ao que nesta illa houbo pero non tantas as certezas. Para iso cabe preguntarse, desde cando sabemos que houbo igrexa en Ons? Baixo que advocación estaba? E así unha morea de preguntas máis aínda que non teñamos unha resposta asegurada.

No século IV, o bispo San Hilario de Poitiers (315-367) dicía que os Apóstolos fundaran moitas igrexas por todos lados, ata nas illas do Océano: “*Apostoli plurima tabernacula condeidertunt, [...] quin etiam in Oceani insulis, habitationes Deo plurimas paraverunt*”².

Outra referencia indirecta da posibilidade de que houbera igrexa ou edificios relixiosos en Ons sería se se confirmase que fose alí onde vivira o bispo Consencio³ a inicios do s. V.

O que pode dicirse con certeza é que unha das primeiras mencións directas da existencia dunha igrexa na illa de Ons a temos documentada no Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela. Data do ano 835 cando o rei Alfonso II deixou aos monxes que xestionaban daquela o pequeno oratorio da Corticela⁴ “*para o seu sustento e vestido, pro victu atque vestitu, lles fixo doazón das illas de Ons, Sálvora, Framio, Sinales e Arousa*”⁵. O motivo foi o de agradecerlles por encargarse estes da custodia do sepulcro de Santiago⁶ (cosa que realizaron ata o s. XII, cando pasou a facelo o Cabido).

Posteriormente o rei Alfonso III e o bispo Sisnando I amplían o oratorio creando a igrexa da Corticela⁷ que, se nun principio estivo consagrada a tres santos⁸, púxose ao pouco tempo baixo a advocación de Santa María (1ª igrexa dedicada á virxe en Santiago)⁹. E



Alfonso II

¹ Pardellas, Celestino, “*A Illa de Ons: arquitectura e destrución urbanística (I)*” A Comarca do Morrazo 16-29 de novembro de 1996

² Reproducido no s. XI por Alfonso VI. Recollido por López Ferreiro, Antonio. Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela. Tomo I páx. 327 e 328 Santiago. Coa mirada de hoxe en día a lista sería moi ampla en canto a illas oceánicas coñecidas, pero no s. IV o número delas era bastante reducido. Cies, Ons, Sálvora, etc. si o eran...

³ López Ferreiro, Antonio. Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela. Tomo I páx. 387 e 359 Santiago. 1898. Consencio, bispo da Sede por Caldas de Reis, e que “*habitaba nunhas illas, in illis in quibus habitamus, insulis, que ben poderían ser as de Ons ou a de Arousa e Grove*”, o que suporía unha estrutura eclesial da que, de ser certo, non quedou constancia algunha. Consencio ou Cosencio, como recolle Monseñor Teófilo Ayuso Marazuela no seu libro “La Vetus Latina Hispana: Prolegómenos, T.I, páxina 490, reflicte a súa correspondencia epistolar con San Agustín na que lle conta o de “in illis in quibus habitamus...”.

⁴ Nun principio fóra do recinto catedralicio. A comunidade viviría no que logo sería S. Martiño Pinario.

⁵ López Ferreiro, Antonio. Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela. Tomo II páx. 59 Santiago. 1899

⁶ Tamén o facían a comunidade de monxes de Antealtares.

⁷ Hoxe no interior da Catedral.

⁸ Con altares a San Estevo (o principal), a San Silvestre e a Santa Comba.

⁹ Xacopedia. A capilla da Corticela: https://xacopedia.com/Corticela_capilla_de_A

sería o mesmo Alfonso III o Magno, no 899, o que confirmara¹⁰ a doazón das illas da costa galega coas súas pertenzas, pero ao Cabido Compostelán¹¹. No caso da illa “Aones” ou Ons ven citada coa súa igrexa baixo a advocación de San Martiño.

Xa coñecemos unha igrexa e ao santo que a preside. San Martiño, como o mosteiro, logo Pinario, dos beneditinos da Corticela, propietarios da illa no primeiro momento documentado aquí. E igual que moitos outros mosteiros e igrexas galegas coa mesma advocación, con concomitancias argumentais para unha posible datación.

Mais imos a seguir acumulando referencias ou mencións documentais que suxiran algún elemento relixioso en Ons que nos axuden a desvelar algúns dos enigmas que ao respecto a illa posúe.

E así atopámonos que Alfonso VII, na primeira metade do s. XII, outorgou a favor do mosteiro de Ermelo “... *un privilexio concedéndolles a igrexa de San Martiño e os reguengos da illa de Ons [...] na praia das areas gordas [na parroquia de Coiro]. Non lonxe da mesma os eremitorios de Domaio, San Simón e o mesmo de Ons.*”¹². Hai que ter en conta que houbo anos deste século, como o 1115 en que as illas tiveron que estar despoboadas por mor das incursións sarracenas¹³.

Como non, recorreremos ao estudoso Frei Martín Sarmiento que sen aportar data concreta di: “... *Débese coñecer se alí, igual que nas de Ons e nas de Tambo houbo de tempo antigo mosteiro; pois do mesmo testamento (‘manadas’) [...] consta que había relixiosos en Tambo, Dons e Sias, e serían da nosa orde [beneditina]*”.¹⁴

En Salustiano Portela Pazos, dentro da indefinición temporal, atopamos lindes da existencia dun pequeno cenobio: “*Tamén persiste alí a tradición dun cenobio, en pasados séculos, sen dúbida o que aínda existía no XV, con indicación de lugar de emprazamento e engadidos de lenda popular*”¹⁵.

Con respecto a isto Lino Pazos¹⁶ non dubida en absoluto da existencia dun mosteiro na illa de Ons e para referendalo achéganos mencións como as citadas de Sarmiento, Hipólito de Sá¹⁷, Salustiano Portela e outros¹⁸.

Máis a luz volta a acenderse por mor dunha causa xudicial, *contra un ermitán*, interposta o 27 de outubro de 1584 ante ou xuíz de Cangas por “*Juan Neira, xuíz de residencia da illa e freguesía de Stª María de Dons*” por “*ir a cazar á illa pequena [Onza] con lazo e esparrela*”¹⁹. Isto evidencia documentalmente a existencia, a finais do s. XVI, de eremitas e igrexa na illa de Ons.

Tres anos máis tarde, 1587, a causa doutro preito ou “... *querela criminal dada por Jorje de Millara, Rector da parroquia de Sta Mª da Illa de Ons, contra Pedro González, Esteban e Domingo Fernández, seus fregueses, por telo tratado mal de obras e palabras, ante Antonio Sarmiento de Montenegro, Sor de ditas Illas...*”²⁰. Ata coñecemos como se chamaba o párroco e, aínda que sexa pola omisión, este parece non ser monxe de ningún cenobio ou mosteiro. Sen embargo é a primeira vez que a illa aparece como parroquia (no 1584, freguesía), o que non quere dicir que o fose, ou polo menos así non consta en séculos posteriores. Sinalar que o que exercía de dono da illa por estas datas era Antonio Sarmiento, aínda en litixio pola propiedade co cabido da catedral de Santiago de Compostela.

En canto ao que supón para a propiedade futura da illa pero tamén do que non se di que haxa (mosteiro, igrexa, ...), é o ano 1562 no que “*Concluíndose con ilo as disputas e preito que sobre tales pertenzas mantiveron os prelados santiaguistas e a poderosa casa dos Montenegro*”[...] “*recibe do Arcebispo D. Gaspar de Zúñiga y Avellaneda a illa de Ons e as súas dúas (Centulo e Onceta) inmediatas en feudo perpetuo, previo o cerimonial de preito homenaxe protocolario*”²¹ a consecuencia do cal asináronse poderes para que se actuaran na illa mantendo a orde, o que implica que nestas datas seguen a estar poboadas.

10 E posteriormente (20-4-911) tamén o confirmaría nun diploma o seu fillo Ordoño II

11 Recollido tamén por López Ferreiro do Arquivo Catedralicio de Santiago no Tombo A. folios 4 v. e 5 v. As confirmacións da doazón en reinados posteriores tamén no mesmo arquivo e documento pero folios 6 e 12.

12 Sá Bravo, Hipólito de, “*El monje brujo*” en Faro de Vigo do 25 de abril de 1967

13 A costa galega sufriu ataques, nestas datas, dunha flota (mestura de xentes diversas: hispaleses, sarracenos, lisboeses, etc.) ao mando de Aben-Maimun. Lopez Ferreiro no T. III páx.438 da “*Historia dela Santa Iglesia...*” pon unha cita da *Compostelana* na que reflicte estas incursión e as súas consecuencias: “*Nas costas de Galicia están apoderados das illas Flamia, de Ons, de Sálvora, de Arosa, de Quebra e do monte Louro, preto de Muros.*”

14 Frei Martín Sarmiento en “*Viaxe a Galicia 1745*”, folio 106 r. No folio 120 v. vólvese a mencionar un testamento dado en Santa Clara no 1420.

15 Pazos Portela Salustiano. “*Apuntes para la Historia de la Isla de Ons*”. Cuadernos de estudios gallegos. Tomo XXVII de 1954. Páx.-36-37. Cita do Museo Pontevedra- Arquivo Sampedro facilitados polo Marqués de Maceda

16 Pazos Pérez, J. Lino. “*Guía das ermidas illeiras nas Rías Baixas*”. Deputación de Pontevedra. 1999. Páx. 64.

17 “*Na illa de Ons viviron monxes beneditinos da Recolección e reuníanse na igrexa ás horas dos Divinos Oficios*”

18 “*Tamén persiste a tradición, con engadidos de lenda, de que existiu no XV un Mosteiro situado no mesmo lugar que ocupa outro aínda existente {¿?} en estado ruinoso*”(Salustiano Portela).

“*Estivo a súa igrexa vinculada ós monxes de Calogo e despois ós de Ermelo. Os fieis de Ons eran atendidos por un monxe ou sacerdote que eles mesmo designaban*”.

“*En Ons sempre houbo monxes que viviron coma ermitáns, só abandonaban a illa cando era asolada por piratas*”

19 Arquivo Histórico Nacional. Sección Nobreza. No Arquivo dos Marqueses de Mos – nº 77 (1584). Neste mesmo arquivo hai outra denuncia no ano 1605 contra outro ermitán, non residente en Ons, por pastar ilegalmente gando vacún e equino.

20 Portela Pazos, Salustiano, “*Apuntes para la Historia de la Isla de Ons*” en Revista Cuadernos de Estudios Gallegos XXVII – 1954. Páx. 53. Cita do Museo Pontevedra- Arquivo Sampedro facilitados polo Marqués de Maceda

21 *Ayer de Pontevedra*. Efemérides. Modesto Rodríguez Figueiredo. Páx.149

Uns anos despois, no 1594, o cura de Leiro (Rianxo), Amaro González, di que *“había moitos ladróns corsarios²² e luteranos, que roubaban canto atopaban así de barco, como do demais... Neste tempo saqueouse a illa de Hons, e dicían queimaran a igrexa dela, mais non fixeron mal aos veciños senón levarlles seus gandos e bens...”*²³

O que ardeu non debeu ser moito pois no ano de 1598 seguía Ons a ter igrexa, con advocación de Santa María da Illa de Ons, no Arceidiagado do Salnés tal e como se reflicte documentalmente nunha visita arcebispal nese mesmo ano²⁴.

Anos despois, 1611, vemos a vinculación de Ons co mosteiro de Oseira cando menos no que respecta á administración de xustiza xa que houbo *“nomeamento de Juan Pardo, meiriño e xustiza no porto de Marín polo mosteiro de Oseira, para o cargo de alcalde maior e xuíz das illas...”*²⁵

A festividade de San Martiño segue a aparecer relacionada coa Illa de Ons aínda que sexa como referente para o pago da metade do aforamento dese territorio a Baltasara de Montenegro²⁶ a partires de 1685.

Para a seguinte referencia da igrexa temos que achegarnos aos inicios do s. XIX, para que *“Salvador López Gil, cura de Sanxenxo e Comisionado pola Xunta Superior do Reino para a fortificación das illas de Ons e Onza”*²⁷ ideou repoboar e alugar a illa para facer fronte aos gastos das obras. Tamén propuxo arranxar o que quedaba da antiga igrexa para que lle fose útil aos traballadores-colonos.

O 31 de xullo de 1837 adscribese a Illa de Ons ao concello de Sanxenxo e non *“teñen igrexa nin ningunha crás de santuario”*²⁸.

A principios de 1838 cunha carta ao arcebispo de Santiago do monxe bieito exclaustrado Frei Manuel Mos *“solicitando o seu permiso para facer e bendicir unha capela na Illa de Ons para dicir o Stº sacrificio da Misa”*. provocou unha correspondencia epistolar²⁹, a petición do arcebispo, con párrocos de Noalla, Beluso e Bueu dalgún xeito implicados cos veciños da illa. O cura de Noalla, no que atinxe á igrexa e ao seu estado di: *“..14 veciños con casas de vivir cuxo número de almas ascende a 83 [...] Esta illa pola súa proximidade pertence a San Estevo de Noalla, de quen foi sempre dependente; antigamente foi parroquia e aínda consérvase case medio edificio da igrexa co altar que a pouca costa lle pon corrente lle titulaba S. Martiño de Ons...”* E o que si é importante, para seguirlle a pista ao de Sta María de Ons, son as palabras case iguais nas cartas do cura de Beluso e do de Bueu: *“souben de suxeitos de moita idade que por tradición dicíase que unha pila de auga bendita que hoxe hai na parroquia de Stª Mª de Beluso viñera da Pila de Ons, así tamén como a imaxe de Nosa Señora que se di que foi a Patroa de Stª Mª de Ons na illa, que está colocada ao lado do evanxeo, coa devoción da Virxe do Carme na referida igrexa de Beluso...”*

E así chegamos ao ano 1848 que o Marqués de Valadares manda edificar unha igrexa³⁰ que no mes de outubro dese ano é bendicida, coa advocación de S. Xaquín na honra da súa muller Joaquina Montenegro.

Érase unha vez...

Postas as bases da documentación máis coñecida sobre o tema *«igrexa e/ou mosteiro»* na illa Ons só nos quedaría rematar aportando algo novidoso, ou sacando conclusións irrefutables, ou separando as lendas e historias repetidas sen fundamento, ou ..., ou cuestionándoo todo. Mais o espazo para o artigo ven limitado e as gañas de ser ‘politicamente correcto’ parece que prevalecen, aínda que non de todo... Estas serán as desculpas para, nun remuíño de ideas, facer que xurdan preguntas, respostas, afirmacións, dúbidas, etc. que nos permitan un enfoque creativo³¹, estratexias novidosas e nos aclaren, ou todo o contrario, os coñecementos que temos da illa de Ons.

Comezaremos polo mosteiro da illa de Ons. Houbo ou non tal mosteiro? De habelo: cando? De que tipo? Como era? Onde estaba?

De haber existido o mosteiro ou algo semellante, cos datos que temos seríanos moi difícil datar a súa fundación e desaparición onde, entre outras cousas, parámetros de seguridade condicionaron no tempo a ocupación da illa³². Mais antes de nada habería que dife-

²² Especialmente activos neste último decenio do s. XVI. Lembradas nos libros de historia, pola fama das personaxes, serían as incursións pola costa galega (Cíes, Baiona, Vigo,...) de Francis Drake, Henry Norreys, etc..

²³ López Ferreiro, Antonio. “Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago”. Tomo VIII. Santiago 1905. Páx. 315.

²⁴ Arquivo da Catedral de Santiago (1598) Visitas do Arcebispo Libro III, 1598, IG-277, f. 186 vº Cita aportada por Paula Ballesteros Arias e Cristina Sánchez de «Ons: una illa habitada» Capítulo 4 (X) ‘Arco con gravado’

²⁵ Diego Arias recibira en 1112, da raíña Urraca, *“Marín co Coto reguengo e as igrexa”* (Tumbo novo. Libro VII fol. 2. Arquivo Histórico de Ourense). Co posterior ingreso de Diego Arias no mosteiro de Oseira este fixo doazón a este convento de todos os seus bens co que ía incluído o Coto marítimo de Marín que alcanzaba o mar ata a Illas de Ons.

²⁶ Rodríguez Figueiredo, Modesto. *Ayer de Pontevedra*. Efemérides. Páx. 264: Baltasara de Montenegro, casada co 1º conde de Maceda, Bernardino Lanzos, afora Ons a Juan García Torres e a Juan Padín de Torres, da Granxa da Arra e veciños da freguesía de Adina, por 800 reais de velón anuais a pagar 500 polo S. Martiño e o resto en cartos ou en especies (100 coellos en total) repartidos polo Nadal e polo S. Xoán...

²⁷ Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela (ACS). Mazo 423. Ano 1810.

²⁸ Fariña Jamardo, Xosé. “A adscripción municipal da Illa de Ons”. Pontevedra nº 4 páx. 136. Revista de Estudos Provinciais. Deputación Provincial de Pontevedra, 1990. A adscripción da Ons a Bueu faise por Real Orde do 20 de novembro de 1844.

²⁹ Cartas ao arcebispo. Cartafol 60 (antes Mazo 1141). Serie Varia. Arquivo Diocesano.

³⁰ A actual Igrexa vella situada por riba de Canexol. Para ampliar os pormenores da igrexa de Ons ler artigo *“A igrexa vella da illa de Ons”* de Arturo Sánchez Cidrás, na revista Aunios, número 22. Ano 2017. Páx. 55-61.

³¹ Por moi *‘sen pés nin cabeza’* que se nos antolle, a priori non hai que esgotar ningunha hipótese por pouca posibilidade que teña de ser certa.

³² Esta estaría relacionada coas incursións marítimas de distinto tipo e procedencia: musulmáns, normandas, piratas, ... ou por non adaptarse á súa estrutura de comunidade aos preceptos ou regras novas.

reñiar e definir o significado estrito das palabras eremitorio, cenobio, mosteiro, convento, abadía, priorado, etc. Con respecto a elas, nas referencias de Ons, destas palabras chegaría con cinguirnos ás tres primeiras e, a súa vez simplificalas ou acoutalas a un lugar, ou a un edificio, onde vive alguén unha vida relixiosa.

Tamén teríase que barallar a posibilidade de que ao longo dos séculos (VI ao XVI) houbera alternancia das distintas formulas de retiro persoal ou comunitario que se viron acompañadas coas épocas de poboamento e despoboamento dada polas distintas incursións xa mencionadas. Proba disto e a semellanza a outras illas, por exemplo as Cíes³³, temos eremitas en Ons documentados no s. XVI.

E se ampliamos o horizonte de visión e o estendemos a outras illas e terras próximas ao mar do litoral galego atoparíamonos con moitísimas coincidencias non só de lendas, elementos atopados, advocacións relixiosas, etc. senón, e tamén, dun pasado reflectido na toponimia.

Moitos destes indicios comparativos poderían apuntar, polo menos no primeiro momento, a un pequeno cenobio da época altomedieval. Se houbera que datar o século ideal sería o VII, pois aínda que foi S. Matiño de Dumio o que iniciou a cristianización do pobo suevo³⁴, dos seus ritos e ata dos mesmos lugares de culto pagan nos que estes se practicaban, sería o godo San Frutuoso, tamén bispo de Braga, o que continuaría o seu labor e o que máis influiría no acontecer relixioso da nosa contorna xeográfica; o verdadeiro artífice do agrupamento de ermitáns (para mellor subsistencia e acomodo) cós que fundou pequenos cenobios³⁵, mosteiros³⁶, igrexas, ermidas³⁷, etc. Aceptaríamos como premisa que o que puido haber en Ons era un pequeno espazo onde un reducido grupo compartía vida de xaxún e oración (cenobioàvida en común). Se isto foi así, por que non analizar se este agrupamento fora familiar³⁸, dúplice³⁹, mixto⁴⁰ ou de xénero (masculino ou feminino)?

O de que houbera monxas en Ons non sería algo estraño, xa que noutras illas da contorna hai indicios de que as houbo⁴¹. Aparte do xa citado, vémoloo afianzado ao utilizar esa arma chamada *toponimia* que nos serve para fundamentar aspectos da paisaxe, dos acontecementos, etc. que definen a un pobo e á súa xeografía.

Fixándonos no mapa de Pontevedra que Francisco Coello⁴² publicou en 1856 podemos decatarnos que o actual topónimo da furna *Buraco do Inferno* era coñecida como “*Caverna chamada el Convento de monjas*”. No mesmo mapa podemos ler o topónimo *Iglesia*⁴³, actual *Canexol*, e o de “*Cama do Crego*” que fai referencia á sepultura antropomórfica⁴⁴ que hai nunha laxe que está entre as praias de Canexol e dos Cans e á que se pode chegar na baixa mar. Os topónimos relixiosos nese lugar son



Furna do Buraco do Inferno

33 Dous eremitas na Illa Faro no s. X e un ermitán na de S. Martiño no s.XIII. Logo no s. XIV, mosteiros nas tres illas.

34 Que procedente de Centroeuropa estaba asentado no noroeste peninsular e no s. VI tiñan a Braga como capital.

35 Agochados entre montañas ou nas illas como a de Tambo e noutras como os que fundou na illa León, preto de Cádiz.

36 Uns vinte mosteiros por todo o occidente peninsular.

37 Como a que había en Marín, a da Nosa Sra. da Guía. A pesar de ser pouco probable polas datas da súa fundación (s. VII) esta estivo atribuída a S. Martiño de Dumio.

38 Con anterioridade ao s. XI era habitual comunidades “ascético familiares”. Moitas familias optaban por fundar mosteiros nas súas casas, fundar igrexas, etc.

39 Mulleres e homes están separados pero comparten unha mesma autoridade e algúns lugares comúns como a igrexa. “*En Galicia o fenómeno dúplice tivo especial arraigo, sendo a forma máis habitual de fundación monástica ata o século XII*”. “*As casas dúplices teñen a súa orixe nos primeiros estadios do monacato hispano; un monacato de raíz suevo-visigoda, moi escasamente documentado...*”. Blanco Brey, Iria. “O monacato dúplice na Galicia medieval: orixes, desenvolvemento e o caso da provincia de Pontevedra”. Malgures. Tomo XII – 2017. Asoc. Cultural de Estudos Históricos de Galicia. Páx. 81-106

40 Mulleres e homes conviven sen separación algunha.

41 Como é o caso da illa Norte de Cíes. No s. XIV é probable que houbera un mosteiro de monxas baixo a advocación de S. Paio. Hai na actualidade o topónimo “*Praia das Monxas*”, entre o peirao de Rodas e Punta Muxeiro, próxima ás ruínas da ermida da Virxe do Carme. En S. Martiño de Cíes tamén hai unha furna que se chama “Furna da Relixiosa”.

42 “*Atlas de España y sus posesiones de Ultramar*” do Coronel, Tenente Coronel de Enxeñeiros, Francisco Coello (auxiliado nas notas estatísticas e históricas por Pascual Madoz). Madrid 1856.

43 Topónimo que consideramos normal dado que era a zona que 8 anos antes fora construída unha capela baixo a advocación de S. Xoaquín

44 Tres son os artigos que nesta mesma publicación se fixeron: no Aunios nº 12 páx. 38-42. *Ritos, Contos, Lendas e Historias da Illa de Ons: Sepulcro antropomorfo “Laxe do Crego”*...de Celestino Pardellas de Blas. No Aunios nº 18 páx. 16-18. *Do Sartego a Laxe do Crego* de Henrique Dacosta López. No Aunios nº 22 páx. 79-80 *A Laxe do crego: unha aproximación explicativa* / Fernando Cabeza Quiles.

Ao longo de toda a xeografía ibérica⁵¹ danse estas ‘ermidas rupestres’ con máis frecuencia do que podería pensarse. Sobre todo no s. X. Así vemos que no Tumbo da Catedral de León (fol. 24v^o) pode lerse que un tal Pelagio doa “*illa penna intus cabata*” e dedicada ao bispo S. Martiño⁵², aos monxes Crescenciao e Gamil, no ano 990⁵³.

E para ir rematando, amentar que “*xunto á antiga rectoral aparecen dous hórreos de pedra de boas proporcións situados sobre celeiros pechados por catro muros de cachotería*”⁵⁴ que acubillan elementos pétreos que nos trasladan a un pasado que non acabamos de confirmar.

Por unha banda, na parte exterior dos celeiros poden observarse unhas serie de pedras traballadas con perfíles e tamaños diversos. Algúns con rebaixes que denotan claramente a súa pertenza a unha estrutura arquitectónica diferente. A reutilización deste tipo de materiais non é de estrañar, sobre todo se pertenceu a unha construción derruída próxima; así como que estean radicados no lugar que no seu momento foi casa principal.




A sorpresa maior podemos atopala cando accedemos a un dos celeiros e na súa parede contemplamos parte dun arco de pedra de factura pouco elaborada, dunha soa peza e aproximadamente de 1 m de diámetro no que está inscrito o lema ‘SANTA MA’ no que se intúe de estar completo a posibilidade de rematar a palabra en ‘RIA’. Paula Ballesteros e Cristina Sánchez apuntan⁵⁵ a que “*A inscrición está realizada con punteiro metálico [...] Dende o punto de vista estilístico, trátase dunha letra humanística con cronoloxía entre o século XVI ata a actualidade, pero polo seu desenvolvemento estaría entre o século XVI e XVII.*”

O de equiparar a inscrición coa advocación antiga de Santa María é a intención case inmediata que habería que resolver situando a pedra nunha igrexa ou nun mosteiro formando unha arquivolta da portada ou algo similar.

A racionalidade dime que moitas das veces fanse concordar (consciente/inconsciente) as probas coas ideas previas que un ten, polo que hai que procurar ser rigoroso nas conclusións. Para evitalo, precisaríase un fondo traballo de campo centrado en prospeccións de fundamento nas zonas ben localizadas polos estudosos e coñecedores de Ons. Estudo que iría en paralelo a unha revisión dos coñecementos documentais e unha amplificación do abano arquivístico (público ou privado) onde aínda queda moito que cribar e relacionar.

Todo isto non chegaría a bo porto se non contara coa axuda dos veciños, na busca de máis restos pétreos (elementos soltos ou formando estrutura) que de seguro haberá soterrados ou reutilizados formando parte como elementos construtivos diversos.



⁵¹ Por poñer algún exemplo citaríamos do sur as Mesas de Villaverde-Málaga (Moi ven estudadas e documentadas na Memoria das escavacións que publicou en 1927 C. de Mergelina). Máis ao norte, unha morea delas estudadas na tese doutoral de Vanessa Jimenez Guerra e publicada co título “*Arquitectura excavada y aprovechamiento de cuevas naturales en la Edad Media en la provincia de León*”.

⁵² Pero San Martiño de Tours, non de Dumio como cabería esperar. A miúdo nas haxiografías mesturan aspectos relevantes das súas biografías xa que ambos son nados, en séculos diferentes, na mesma rexión húngara, os dous foron bispos, etc. O esquecemento e a confusión de nomes que o paso do tempo dou lugar fixo que maioritariamente quedou o de Tours como santo en case todas as parroquias galegas. A isto tamén influíu que se celebrase en época de alegría na que os labores do campo xa está feitas, as artesas cheas de comida para poder afrontar o inverno.

⁵³ Gómez-Moreno, Manuel. “Iglesias mozárabes. Arte español de los s. IX a XI”. Centro de Estudios Históricos. Madrid, 1919. Páx. 95

⁵⁴ Llano, Pedro del “*Ons, a arquitectura dunha comunidade desaparecida*”. Edición do Castro, 1981. Páx 61

⁵⁵ Paula Ballesteros Arias e Cristina Sánchez de «Ons: una illa habitada» Capítulo 4 (X) ‘Arco con gravado’. <https://cies.gal/arco-con-gravado-os-seus-lugares-ons-unha-illa-habitada-capitulo-4-x/>



<CRÓNICAS MECAS> CONTOS PARA FACER MÁIS DOADOS OS CAMIÑOS XACOBEOUS

Por: José Taboada García

“A MALDADE”

Fai xa moitos anos, nun pobo vivía un matrimonio que se levaba moi ben. Andaban sempre xuntos, sempre boas caras entre eles, nunca berraban, sempre coma bos amigos,...

Nese pobo tamén vivía un home que era moi rico, pero tamén moi malo. Dicían que se lle sacaran a maldade, del non quedaba nada.

A súa teima era que esa parella se levase mal, pois fora pretendente desa muller e ela nunca lle fixera caso. Xa o intentara moitas veces, facéndolle falcatuadas, falando mal del e dela, contando cousas que non era certas...

Xa rendido, decidiu falar con Camila, a bruxa, muller mala, fea e con poderes para facer mal.

Un día paseando atopouse con ela que estaba á porta da casa mirando cara a unha finca.

- Bos días, Camila
- Bos días!
- Gústache esa finca e!
- Si, pero é túa!
- Pode ser túa se es capaz de facer o que che digo. Mira, só tes que facer que Pablo e María se leven mal.
- Eses ruliños! Ben.

O día de feira topouse cos dous.

- Viñestes á feira? – Díxolles Camila.
- Si, xa nos ves.

Mentres, ela miraba para o home de arriba a baixo, e eles, pois para ela. Nel viu que tiña dous pelos revirichados na parte baixa do pescozo, onde non chegaba o afeitado.

- Ben, ata logo, vou ver se compro un fouciño para cortar as silvas.
- De alí a uns días, atopouse con ela e díxolle:
- Vós sodes unha parella ben levada, dá gusto vervos así tan felices.
 - Cun home como o meu, que é un santo!
 - Si, pero mira, a el vaille dar o mal do faceto.
 - E iso, que é? – Dixo ela asustada.
 - É un mal que, a quen o ten, dálle por mallar a toda a familia, muller, fillos, netos,...
 - Non me digas iso! – Dixo ela aterrada.
 - Só ti podes esquivar que iso pase. Non ves que o teu home ten dous pelos no fondo do pescozo. Ti tes que cortarllos cunha navalla desas de barbeiro cando el estea durmindo, e así, non lle entra o mal.

Logo falou con el:

- Mira, a túa muller pensa que tes outra e vaiche a cortar o pescozo cunha navalla de afeitar cando estas durmindo.

Disto, non contes nada. Faite un día o durmido e verás.

Esa mesma noite Pedro fíxose o cansado e díxolle á muller que tiña moito sono e foise para cama. Ela esperou como media hora e, ao velo durmindo, colleu a navalla e silandeiamente achegouse a el para cortarlle os pelos. Cando xa tiña a navalla preto do pescozo, ergueuse el, agarroulle o brazo, saltou da cama e sacoulle a navalla.

Rematou todo nunha liorta que, por máis que ela lle xurara e perxurara o que verdadeiramente ía a facer, el non entrou en razón. A partir dese día, ese matrimonio levouse mal.



COLABORA:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

“O DOENTE”

A Luís “o Lercho”, saíronlle uns vultos no pescozo e foi ao médico de cabeceira, que lle deu unhas pastillas. Ao cabo dun mes, volveu, pois aquilo seguía o mesmo. Doulle máis medicación e unha pomada, pero nada, aquilo non melloraba.

Despois de dous meses foi ao especialista, alí o observou, fíxolle análises de todo, deulle máis medicinas, pero non miraba melloría.

Xa canso falou cun curmán seu que é médico e contoulle o caso, preguntándolle tamén quen era o mellor para iso. Recomendoulle un de Madrid, aínda que era de pago.

Este novo médico, despois de consultalo, díxolle que era producido por un virus e deulle un xarope. Ao acabar o xarope, os vultos seguían no mesmo sitio.

Empezou a preocuparse aínda máis ao saber que, na Illa de Ons, íase facer unha película e el, que peliculeiro sempre foi, quería participar nela de figurante e tiña medo que o rexeitaran polos vultos.

Xa canso de tantos médicos, estaba disposto a ir a un curandeiro. Un día foi a Santiago e andando pola parte vella, fíxose nun cartel que puña: Doutor Folón, naturista, homeópata, acupuntura,...

Pensou, - vou probar aquí, e subiu. Despois dunha curta espera, atendeuno e contoulle o caso.

O primeiro que lle mirou foron os ollos, para sorpresa súa. El díxolle, que viña polos vultos, que ver vía ben. A resposta do doutor foi que, polo estado do iris se observan ben moitas enfermidades.

Ao acabar a consulta, díxolle que tiña unha disfagontía, ou iso foi o que el entendeu, porque a letra dos médicos e como lle chaman os males, só a entenden eles. Díxolle tamén que era malo de tratar.

Comentoulle, que tiña unha pomada nova que aínda non está nas farmacias, pero que no estranxeiro está funcionando moi ben.

Acabou comprando a pomada que, entre isto e a consulta, saíulle ben cara. Tamén lle dixo que volvera ao cabo de quince días, que non lle volvía a cobrar.

Ao cabo dese tempo, volveu á consulta, estaba curado. O doutor díxolle:

- Esa pomada fai case milagres!
- Máis eu tamén seguín moi ben as instrucións, e como puña: <mantéñase ben pechado>, eu non a abrí.
- Non sabía que vostede soubera chino.
- Eu non, pero o chino ao que lle aluguei o baixo para montar un bazar, si.

“COMADREO”

- Maruxa, xa facía tempo que non te vía. Pasouche algo? – Díxo Rosa.
- Non, é que a miña filla tivo un neno e fomos a vela o meu home e máis eu. E, de aquí a Madrid, entre ir e volver, máis uns días que botamos alí, o tempo pasa.
- Bueno, todo ben?
- Moi ben, durme, non chora,... E, por aquí, algún conto novo?
- Si, veu Carmela, a filla do Torto, pero ven dun presumido, que nin que fora a ser a raíña de Galiza. Como lle chamamos polo nome, Carmela, móntache unha das boas. Só entende por Car, debe ser por aforrar letras.

Eu non sei de que presume, pois todo o que trae é prestado, os pantalóns, eses vaqueiros que leva, di que son de Armani, que eu máis ben penso que son os que el tirou, pois ten buracos por todos os sitios, igual que se fixera o Camiño de Santiago arrastras.

E as botas que leva de Martens, coma as dos soldados, parece que quere ir á guerra de Siria. E o pelo, rapado media cabeza e a outra, grande e de dúas cores. As orellas cheas de pendentes, cinco ou seis en cada unha.

Un gancho no nariz, e por se fora pouco, outro na lingua. E o corpo, que se lle ve todo pintado, nin que se bañara en tinta!

E fuma uns cigarros que cheiran a herba que apestan. Esta xuventude de agora parece que quere presumir de poñerse fea.

- Serán as modas! – Díxo Rosa, que xa levaba tempo calada.
- Tamén son modas andar de prestado? – Respondeulle Maruxa.
- E logo, eses dentes tan bonitos que tes, son teus?
- Si, que os paguei! – Díxo Maruxa.



**Café
Habamero**

RUA DE CASTELAO, 116-TEL. 986 73 01 86
O'GROVE

EFFECTOS NAVALES



TARACIDO, S.L.

Representaciones de:




Artículos de pesca
Equipamientos para pesca
submarina y buzo
Pesca deportiva

Marqués de Valterra, 73
ESTRIVELA - Pontevedra

Teléf. 986 88 15 00 - 986 88 15 04
Fax : 986 89 05 59

adrede



terrace exterior
local climatizado

tapas

600442966

Barqueiras, 15 O Grove
36980 Pontevedra



NANTA

Pavo

ARION

**TODO PARA O CAMPO
E O XARDÍN**

**FITOSANITARIOS, SEMILLAS
PLANTAS E MACETAS
PRODUTOS ECOLÓXICOS
PATACAS**

**SERVICIO A DOMICILIO
986 73 11 36**



CONSTRUCCION Y REHABILITACIÓN:

- Viviendas colectivas
- Viviendas unifamiliares
- Locales comerciales
- Establecimientos de hostelería
- Naves e instalaciones



www.alvarezproi.com



Calle Sineiro, 18 • Teléfono 986 730 275 • Fax 986 730 974 • 36980 O GROVE (Pontevedra) • info@alvarezproi.com



ESPECIALIDADES:
 Pan artesano • -Empanadas variadas
 Brazos de gitano • Roscas



Rúa Progreso, 74 / 36970 / Portonovo – Sanxenxo
 Telfs: 986723062 / Móbil: 662464388



Especialidades en: *Arroz de bogavante, de mariscos...
 Peixes e mariscos variados, paellas, caldeiradas, tapas*



Rúa Rafael Picó, 38 • 36970 Portonovo - Sanxenxo • Telf: 662464388

OS CORSARIOS NAS ILLAS ATLÁNTICAS NO SÉCULO XVI

Por: Ramón Patiño

A actividade do corso baséase na posesión dunha carta de marca e represalia, patente de corso, que dá un goberno para atacar e apresar barcos nas rutas navais coa intención de estragar o comercio do inimigo. As naves collidas deberán ser declaradas polas autoridades “buena presa” e entón poderíase repartir o froito da venda do navío e da súa carga. A práctica do corso é consubstancial coa navegación e a guerra. A diferenza entre un pirata e un corsario pódese establecer en que si estaban dentro da guerra eran corsarios e si fóra, pola súa conta, eran piratas. Ó mesmo tempo esta actividade é consecuencia directa do interese das monarquías europeas por participar nos beneficios xerados polos novos territorios dos que quedaran á marxe, e que se repartiran España e Portugal; e que ao non poder comerciar directamente interveñen na área do oeste peninsular, destino de tódolos barcos que volvían da América.

No século XV (1400-1500) o corso era de corto radio e nas costas galego-portuguesas facíannos os vascos, que tiñan unha grande presenza polo aval dunha autorización que lles deran os Reis Católicos e Carlos I, aínda que moitas veces actuaban como piratas; logo os franceses e en menor medida os portugueses. A finais do século aparecen as primeiras patentes de corso.

No inicio do século XVI (1500-1600) o corso foi promovido polas guerras mantidas entre a monarquía española e a francesa. Dende 1521 ata 1559 teñen lugar cinco guerras con Francia, con só tres pequenos períodos de paz. Todo iso coincide cun aumento no Atlántico das naves mediterráneas italianas, polo seu comercio cara ó norte europeo, cos retornos dos navíos que viñan das Indias Occidentais ata Lisboa e Sevilla, e tamén se xeneralizan as chegadas de malicia as nosas costas coa desculpa de que fora o mal tempo o que os empuxara ata aquí. A navegación de cabotaxe cós produtos locais vese saturada pola distribución dos abondosos xéneros das novas terras.

Os primeiros corsarios franceses proviñan da Bretaña e Normandía e aparecen usando a illa de Ons como refuxio e base para os seus ataques. A súa chegada a estas costas arranca de vir vender cereais en Galicia, Portugal e Andalucía. Logo, despois da venda, aproveitaban o retorno para aumentar os seus beneficios collendo barcos de inimigos, ou non. Nas dúas primeiras décadas eran os máis presentes e actuaban como piratas pois facíannos pola súa conta como unha actividade económica complementaria. Algúns galegos viron unha oportunidade e piratearon pola costa sendo condenados a forza, pois a monarquía española prohibía esta actividade por cuestións relixiosas.

A partir do 1521 os mercadores-piratas franceses transfórmanse en corsarios avaliados polo seu Rei e actúan abertamente contra os bens españois. O Capitán Xeral do Reino de Galicia, Fernando de Andrade, ante as devanditas actuacións, presenta un proxecto para a defensa do litoral, co que se fortificarían 17 vilas costeiras, mais non se leva a cabo. Neste período adquire sona Jean Fleury, Juan Florin, ó servizo do Rei de Francia, que logra capturar dúas das naves onde viñan os tesouros que enviaba Hernán Cortes dende México e tamén se producen os primeiros ataques a poboacións costeiras como a de 1522 a Fisterra. Isto e as queixas dos mercadores vascos fixo que ante o Rei Carlos I, nas Cortes de Valladolid no 1523, se expoña que “*en todos los mares destes reynos... están llenos de corsarios y rrobadores franceses, moros y turcos...*”, e entón se organicen Armadas para defendelas. Neste senso a monarquía española adopta unhas formulas diferentes; no Mediterráneo patrullaban e loitaban escuadras dependentes das diferentes reinos que formaban o imperio español, mentras que no Atlántico escollerase o alugar barcos ou frotas de particulares para facer esta función. Navíos da costa cantábrica, maiormente vascos, serán os que combatan aos corsarios. Pouco despois, nas Cortes de Toledo no 1525, aprobábase permitir armar en corso aos naturais porque o comercio estaba moi danado por estes ataques. Coa paz de Cambrey (1529) con Francia esperábase que desapareceran mais non ocorre e así no 1533 unha frota corsaria de 56 naves ataca Baiona e a ría de Vigo. Tres anos despois a monarquía vese obrigada a autorizar o corso defensivo na contra dos franceses, sempre presentes. Varios nobres galegos, como o Conde de Altamira, e vascos, como Lope de Hurtado, arman naves sen que teñan moito éxito, e a costa galega e portuguesa seguirá chea destes corsarios galos, que dificultaban os labores de pesca e interrompían o comercio marítimo cara ó norte de Europa. No 1543 presentase diante de Muros unha armada do Rei de Francia, acompañada de numerosos corsarios, unhas 27 naves, e esíxennlle ó alcalde maior desta vila un rescate de 12.000 ducados por non atacala; ademais de facer varias presas que estaban fondeadas nesa ría. Dende Laredo (Cantabria) sae unha armada española de 16 navíos grandes, ó mando de Álvaro de Bazán (o vello), e atópanos fronte a vila galega. A batalla, ocorrida un 25 de xullo, foi moi sanguenta e da frota francesa só escapou un navío.

Entre 1544 e 1552 hai paz, mais os franceses seguiron pirateando as costas galegas empregando as illas atlánticas para aprovisionarse e descansar, aínda que outros intentan comerciar legalmente. De feito dous mercadores de Baiona piden pólvora e artillería para ir cos seus trincados a apresiar unha nave francesa que estaba fondeada na illa de Sálvora, e tamén no 1547, no mes de outubro, un tal Redul Fomael presenta un preito ante a Audiencia de Galicia na contra das vilas de Muros, Corcubión e Cee, porque lle apresaran tres naves súas cargadas de trigo cando fixeran escala na zona camiño de Lisboa.



Batalla naval de Muros

Como a presenza de piratas continuaba coa mesma intensidade a monarquía española ordena que as naves francesas que entren nas rías sexan embargadas e o gobernador de Galicia arma seis navíos para patrullar dende Fisterra ata as illas Cíes, e perseguir certos piratas que din que son escoceses. Os resultados non son moi bos. O Capitán Xeral de Galicia exponlle ó Rei que ademais estes piratas, anteriores corsarios, tanto franceses como ingleses, teñen acordos e complicidades con algunhas autoridades litorais, polo que cando saen as Armadas os piratas desaparecen, e cando estas se van, volven a aparecer.

No 1551, a primeiros de outubro, conseguen chegar á vila de Cangas cinco mariñeiros cataláns feridos, que declararon baixo xuramento ante o xuíz que eran tripulantes dunha nao que viñera con viño e diñeiro para mercar sardiñas e que facía uns quince días que se atoparon á altura de Ons cunha nave francesa de 60 toneladas que lle esixiu que *“amaynaran de parte del Rey de Francia”* e aínda que presentaron batalla acabaron rendéndose ante a superioridade do inimigo. Colléronlles a nao, o viño e os diñeiros, e aos 12 tripulantes abandonáronos na illa de Sálvora. Logo foron axudados por algúns lugareños que os acercaron, a través da ría de Aldán, a Cangas.


Durante a quinta guerra con Francia (1552-1559) volve con forza o corso francés, de feito que ata o Rei portugués queixase de que *“tinha por informacao que eran saídos dos portos de Françaos muitos navíos armados e outros se armavan de novo para viren a estas partes a roubar aos que achassen navegando”*. Non só capturan barcos senón que tamén realizan ataques a vilas como Fisterra, Laxe e Corcubión. A súa presenza é moi destacada e tratan de combatelos con sete navíos vascos ó mando de Diego Carvajal que non acaba con eles, así no 1556 collen a nao portuguesa CHAVES, que levaba cara ó norte mercancías e escravos; quédanse co barco e soltan a once escravos na costa de Malpica.

A partir do 1571 aumentan máis as actuacións de corsarios. Xa non corren a costa só os franceses, senón que tamén aparecen os holandeses, apoiados na súa guerra de independencia de España, e os ingleses que previndo a paz entre as monarquías inglesa e española chegan con panos e logo de vendelos exercen o corso. Coa paz firmada se asentan en Vigo

mercadores ingleses que, aproveitando unha baixa de dereitos aduaneiros, participan no reparto e venda das presas dos seus compatriotas. No 1581 os franceses saquean no mes de outubro a illa de Ons, coa complicidade dalgúns veciños, e controlan a ría de Pontevedra, onde acostumaban a fondear as presas que consigan ata o final das súas campañas anuais. Destacan os bretóns e os da Rochela. (La Rochelle)

No 1585 unha grande armada inglesa que ía atacar as posesións españolas na América, ó mando de Francis Drake, decide facer un ataque á ría de Vigo. Ven acompañada dun grande número de corsarios que se lle foran xuntando polo camiño ante un máis que previsible ataque a Baiona e Vigo. A confrontación evítase mediante uns acordos entre Pedro Bermúdez, gobernador de Baiona, e o inglés; mais os de Cangas tiñan desexos de que os ingleses atacasen e para iso pónenlle gando nas praias para provocalos, o que non sucede, segundo algúns porque *“la gente que trae en su armada es flaca y de poca sustancia, para ningun efeto buena”*. Cando os ataques non se producen os corsarios seguen coa súa campaña compartindo actuacións cos hugonotes da Rochela (La Rochelle). Os franceses tiñan costume de actuar dende e polos arredores da illa de Ons, mentras que os ingleses usaban máis as illas Cíes. Aínda así, os británicos atacaron a illa onde colleron tres mulleres, maltrataron ó cura e mataron a tres homes, mentras que os galos tamén o fan en complicidade cuns veciños, facéndose pasar por portugueses para desembarcar, o que provoca unha denuncia do dono da illa contra estes cómplices. Un ano despois seguen na área de Ons e segundo o gobernador de Baiona, andan facendo moitas presas, polo que pide ó Rei Felipe II que mande a armada de Juan Martínez de Recalde a correr esta costa dende Fisterra ata a roca de Cintra (Portugal), e que polo menos rolden uns doce días polas illas atlánticas buscando corsarios, antes de seguir a súa ruta cara ó cabo San Vicente para esperar a Frota de Indias.

A última década do século XVI foi de moita convulsión, anunciando o que logo pasaría no século seguinte. Arranca co ataque inglés da expedición Norris-Drake a Coruña e a Vigo no 1589, deixando o camiño aberto á presenza, cada vez máis numerosa, dos corsarios ingleses. En palabras de Juan de Idiáquez *“Inglaterra revuelve Flandes, desasosiega las Indias y infesta el mar”*; entón o Rei vese obrigado a mandar a estas costas a algúns dos enxeñeiros reais para ver de reforzar, con castelos e baterías, as rías ante os posibles ataques das armadas inimigas e ó mesmo tempo botar aos corsarios impedindo que se acercaran a terra a aprovisionarse. A presenza dunha armada ó mando de Pedro de Zubiaur, en Pontevedra e Vigo, ten algún resultado, máis a construción dos fortíns no se leva a cabo. Nestes anos, tanto os ingleses como os holandeses, fanse máis presentes porque apoian ao Prior de Crato ó trono de Portugal en oposición do Rei español Felipe II. O Rei, na persecución de



Don Antonio, ordena a Antonio de Urquiola que vixie a costa coa súa armada contra estes. Juan de Silva, Capitán Xeral de Portugal, en xaneiro de 1597, escribiu unha carta ao Rei queixándose das intervencións corsarias e pídelle que se faga algo para *“defender la costa con media docena de navios para ejercitarse y librar estos puertos y los demás de la vejación de los corsarios desde el cabo de San Vicente al de Finisterre”*. Pero non se mellora a defensa do litoral atlántico peninsular, nin se fan baterías nin castelos, tampouco se muda o sistema naval e seguírase contratando pequenas escuadras, ineficaces ante os ataques pois estes xa non son estacionais senón que duran todo o ano.

Neste século todos son conscientes das grandes perdas que as actividades do corso causan ao reino, como o expresa un conselleiro do Rei: *“Mas por nuestros pecados somos jornaleros de los extranjeros que sin lavorar en las minas, ni pagar las costas de los presidios, ministros ni armadas, ni riesgo alguno, se llevan el fruto neto de las Indias”*. E no seguinte as cousas empeoraran con abondosas intervencións de corsarios turcos, ingleses, holandeses e franceses, que converten as nosas costas nas máis perigosas. Esta sensación a ten todo o mundo como queda plasmado na cita de Francisco de Quevedo na súa obra *“La hora de todos y la Fortuna con seso”*, que di referíndose ós holandeses: *“Van por oro y plata a nuestras flotas, como nuestra flotas van por el a las Indias. Tienen por ahorro y atajo tomarlo de quien lo trae y no sacarlo de quien lo cría. Dales más baratos los millones el descuido de un general o el descamino de una borrasca que las minas”*.

A FAMILIA VILLARCHAO: DE VERANEANTES A VECIÑOS EN O GROVE DURANTE MÁIS DE 100 ANOS

Por: José M^a Castilla Villarchao

Unha das primeiras familias veraneantes que se afincaron permanentemente en O Grove, fai máis de 100 anos, foi posiblemente a pertencente a un coronel retirado chamado D. Pegerto Villarchao (Figueiredo 1840-Madrid 1920). O militar, oriúndo dunha aldea de Ourense, mercou á familia Domínguez García unhas casas e uns terreos xunto ao *Hotel Casa Blanca*, no lugar de A Vía fronte á illa de A Toxa, para tomar as augas e aloxar a toda a súa familia, formada pola súa esposa, dona **Rosalía** (A Habana, 1855-Madrid 1942), o seu fillo **José Joaquín** (A Habana 1880-Madrid 1937), a nora, **Amparo** (Illescas 1879- Orán 1938) e as súas netas Amparo (Madrid 1907-Madrid 1984), Rosita (Madrid 1911- O Grove 1988) e **Amalita** (Madrid 1915- O Grove 1992).



A esposa de don Pegerto, dona Rosalía era de orixe cubana, alta, delgada, belísima e ademais intelixente e culta, profesora, e no seu trato, sinxela, afable e cariñosa, como foi sempre na súa vida.

O testemuño de Marcelino Domínguez García, neto da familia do *Hotel Casa Blanca*, relatava con cariño que



Dona Rosalía

con seis anos (1934) axudaba a dona Rosalía a facer manteiga e que esta lle ensinaba a ortografía (Por exemplo, “*ahí hay un hombre que dice jay!*”) e José Joaquín, o fillo do matrimonio, escollíalle libros de aventuras dun gran armario cheo de novelas para que as lera.

Este fillo foi funcionario do Estado no *Tribunal de Cuentas de Madrid*. En 1915 formou parte da Xunta Directiva da publicación *El Norte de Madrid*, cuxo presidente foi D. **Ramón Pulido**, pintor dos frescos do salón principal do Gran Hotel de A Toxa.

Todos os veráns a muller de José Joaquín, Amparo, tomaba as augas no balneario e logo paseaban xuntos na barquiña “*Las tres niñas*” pasando ratos fabulosos, con excursións polos arredores, aínda que no que máis gozaban el e toda a súa familia eran nas mañás do mercado en Cambados. Ás 07:00 saían na motora de O Grove e alí, sen parar, regateando con moita graza (ríanse as mulleres das súas ocorrencias), mercaba montóns de cousas, dende un baco-



Embarcación “Las tres niñas” gobernada polo “Mudo” con Amparo na popa do barco en 1914

riño, polos, galiñas, patos, verduras, froitas de todas clases. Todo lle parecía pouco; logo ía Francisco, “*el mudo*”, o seu barqueiro, a recoller as compras que transportaba na barca. En 1937 morreu José Joaquín dun infarto, despois de deixar a cada unha das súas fillas unha vivenda independente en O Grove.

OS VILARCHAO E A FAMILIA DO TENENTE DOMÍNGUEZ

O outro fillo da familia Domínguez, Joaquín, era militar de aviación e fixérase noivo da neta pequena da familia Villarchao, Amalita, formada na carreira de piano e violín. Pouco antes de rematar a guerra civil, víronse por última vez en O Grove. A familia Villarchao conseguira autorización das autoridades da República para abandonar Madrid. En 1938 a bisavoa, dona Rosalía de 83 anos, a nora Amparo de 59 anos e as netas solteiras, Rosita de 23 e Amalita de 19, saíron de Madrid, por estrada seguramente, e dirixíronse primeiro a Alicante; de aí a Orán en barco, onde faleceu Amparo; e finalmente a Vilagarcía e a O Grove, tamén en

barco. A neta Amparo, de 27 anos e a bisneta Amparín, de dous anos partiron co mesmo destino pouco despois polo mesmo itinerario, tras conseguir o permiso do seu marido, que quedou en Madrid. A familia Domínguez acolleunos con agarimo e solicitude, porque viñan exhaustas.



José Joaquín Villarchao e Amparo



Vivenda Villarchao, ao fondo Villa Honorata no lugar de A Vía. 1914

Pouco despois, o tenente Domínguez (Joaquín Domínguez García) reincorporouse ao fronte porque acabou un permiso por convalecencia e desapareceu no voo de Mallorca, no que tamén faleceu o comandante Ramón

Franco Bahamonde. No cemiterio atópanse xuntos os dous nichos, o de Joaquín e o de Amalita.. Esta viviu permanentemente en O Grove durante case trinta anos, tras separarse do seu marido polos anos 60, sendo querida por moitos veciños polo seu humor e simpatía, especialmente por outra neta da familia Domínguez, chamada Teresiña, que tras a morte da súa nai Dona Generosa, rexentou o *Hotel Casa Blanca* coa axuda do seu fillo Marcelino e da súa nora Marcelina.

OS VILLARCHAO E A PONTE DE A TOXA

O mestre de obras da construción da ponte sobre a ría, que permitía tomar as augas termais do balneario da Toxa con asiduidade e comodidade aos bañistas procedentes das aldeas próximas, das provincias galegas, do resto de España e do estranxeiro, chamábase **Paulino Clérigo**, de Astorga, e fixo amizade con D. Pegerto, a través dos donos do *Hotel Casa Blanca*, onde se hospedaba.

As súas familias respectivas seguíronse tratando, especialmente un neto de aquel, *Restituto Clérigo*, que chegou a ser gobernador provincial de León, e unha neta deste, Rosita, licenciada en Farmacia.



Paulino Clérigo con parte da súa familia detrás de Casa Blanca. 1910



DON ANTÓN FRAGUAS E A IGREXA DE XANZA (VALGA - PONTEVEDRA)

Por: Estanislao Fernández de la Cigña Núñez

En 1951 Antón Fraguas, a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas do ano 2019, fixo un traballo sobre a igrexa románica de Xanza, na parroquia do concello de Valga (Pontevedra) e que publicou no número VI da revista *El Museo de Pontevedra*. Alí describiu detalladamente todo canto tiña acontecido arredor daquel templo, así como o seu contido e cando nós o visitamos o 17 de maio de 2019, venres polo serán, serviunos como guía e non esperabamos outra cousa de tan acreditado investigador.

Agradécémoslle, de antemán, unha sección que lle dedicou ao campanario e ás dúas campás, pero aquí foi onde Fraguas nos sorprendeu, porque as cousas, tal como as contaba, non cadraban co que vemos.

O QUE FRAGUAS CONTOU DAS CAMPÁS

Todo ía moi ben: a descrición da igrexa, dos retablos das imaxes, das sepulturas, das lámpadas, etc. coincidía puntualmente co que puña no seu traballo pero, acabada a misa, solicitamos ao cura permiso para subir ao campanario e ver as campás.

Xa estabamos imaxinando os nomes dos vellos campaneiros gravados nos bronce, entre os cordóns que as percorrían en paralelo, as cruces ornamentais de máis de tres séculos rompendo as lisas superficies brillantes no solpor do día... *“Las campanas que inauguraron la espadaña fueron colocadas al concluir la obra de cantería. La primera se había adquirido el año 1714 al maestro Agustín de Caxigal”*. Máis de tres séculos! *“La segunda se mandó fundir al terminar el campanario, fundición encomendada al maestro Vega”*. Como el campanario se rematou no 1756, segundo el mesmo indica, tiña máis de dous séculos e medio.

Pero, como acontece moitas veces, as campás duraron pouco, seguramente porque fenderon por un uso excesivo. Así que as mandaron fundir de novo levándoas nun carro de bois a San Martiño de Meis, distante uns 25 quilómetros, onde o fundidor Francisco Antonio de la Vega tiña o seu forno de reverbero. Polo tanto, e posto que Fraguas non volveu a falar doutras refundicións posteriores, as campás de Santa María de Xanza deberían levar gravado o nome do mestre campaneiro Francisco Antonio de la Vega, que foi o último que se encargou de refundilas.

O ESTRANÑO CAMPANARIO DE XANZA

O campanario de Xanza está afastado do lateral esquerdo do edificio da igrexa uns 15 m. Semella unha pequena torre no adro que se coroa por unha espadana de dous arcos situada no límite co camiño. Entre o campanario e a igrexa vese parte do antigo cemiterio onde aínda se conservan algúns panteóns pegados aos muros. O acceso á torre vese interrompido por unha porta de ferro co seu peito. Unha vez superado este impedimento cómpre subir 20 chanzos de pedra en caracol ata acadar a plataforma da espadana, podendo ter así as dúas campás ao alcance mesmo da man.


O QUE NÓS ENGADIMOS Á HISTORIA DAS CAMPÁS

Ambas campás son bastante semellantes en tamaño pois a diferenza entre a grande e a pequena é apenas de 20 kg. Posúen xugos de madeira en bo estado e tócanse mediante electromazos que as golpean polo interior.

A campá grande, colocada na banda dereita da espadana (mirando a torre dende o adro), ten unha epígrafe na parte alta que di: “JHS MARIA Y JOSE AÑO



Fachada principal da igrexa románica de Xanza (Valga-Pontevedra), do século XII e obxecto do artigo de Fraguas



Firma de Francisco Antonio de la Vega nunha campá de Filgueira (Crecente): “VEGA ME FECIT”. Ano 1736



Campanario exento de Xanza, afastado do lateral esquerdo da igrexa uns 15 m

DE 1891” e na parte inferior, preto da saia, lese: “OCAMPO ME HIZO EN ARCOS DE LA CONDESA”. Peso aproximado: 264 kg.

A campá pequena, na banda esquerda, resulta bastante máis moderna. Ten na parte alta a inscrición: “JHS MARIA Y JOSE AÑO 1946” e na saia o sinete: “FABRICADO POR/ OCAMPO EN ARCOS/ DE LA CONDESA”. Peso aproximado: 244 kg.



“OCAMPO ME HIZO” lese na saia da campá grande de Xanza

O QUE FRAGUAS OMITIU

Parece claro que, neste caso, a don Antonio Fraguas lle fallou o traballo de campo. Despois de consultar, imaxinamos que moitas veces, os libros da Igrexa de Xanza na busca dos moitos datos históricos reflectidos no seu artigo, esqueceu subir os 20 chanzos de pedra que levan ata as campás e comprobar in situ se as fixera verdadeiramente o mestre campaneiro Francisco Antonio De la Vega na fundición que tiña en Meis, pois cando el visitou Santa María de Xanza xa estaban colocadas as dúas campás ás que nos estamos a referir.



Sinete do fundidor na campá pequena de Xanza

OBXECTIVO

Non pretendemos restarlle ningún mérito á pescuda do señor Fragua con esta observación, senón pór de manifesto a fragilidade destes trebellos que aínda sendo de bronce teñen unha duración bastante limitada, sobre todo nun tempo no que tanxían moito máis do que o fan agora e, concretamente as de Xanza, dende que se colocaron pola primeira vez, en 1714, unha e, en 1756, a outra, necesitaron, como mínimo, de dúas refundicións máis para chegar aos nosos días en perfecto estado de uso.

CONCLUSIÓN

Con esta aportación dámos por rematada a historia das campás de Xanza e o seu estraño campanario, polo menos ata o día hoxe: 17 de maio de 2019, Día das Letras Galegas, dedicado con todo merecemento, como xa anunciabamos, a D. Antonio Fraguas e Fraguas, que foi quen de iniciala. Da nosa autoría tan só é a parte final. Outros, aos que lle gusten as campás, poderán engadirille novas anotacións cando nós falemos e haxa que refundilas unha vez máis. É lei de vida para elas e para nós!



A torre-espadana coas dúas campás feitas por Ocampo en Arcos da Condesa (Caldas de Reis) nos anos 1891 (a grande) e 1946 (a pequena)

BIBLIOGRAFÍA CITADA NO TEXTO

* FRAGUAS y FRAGUAS, A. 1951. La iglesia de Santa María de Janza. *El Museo de Pontevedra*, nº. VI: 119 - 135.




ONS



AnotaciONS

Por: Xaquín Chaves



Un día de primavera, a finais dos 70, embarquei no Platuxa, en Portonovo, arribando a Ons antes de que abriera o día. Xa en terra e no medio da escuridade botei a andar un treito embaixo dun ceo estrelado ate chegar á Praia das Dornas e alí estaba dándome a benvida unha espléndida ARDORA; pouco a pouco a pelexa da noite co día foi desmadeixándose, como diría Macbeth e a fisionomía da illa comezou a debuxarse lentamente coma un conto a medida que a brétema levantaba o seu velo. Con este flash-back comeza unha longa relación coa Illa de Ons, que considero un agasallo dos Deuses.

Levaba por equipaxe unha mochila, un cabalete, pinturas, uns lenzos, pinceis, máis algo de vituallas, quedando ao meu redor toda a extensión dun territorio por descubrir. Púxenme a deambular polos CAMIÑOS que a circundan e atravesan como unha nervadura sináptica, camiños silandeiros de resonancia metafísica entre toxos e carqueixas que ocultan e amosan os lindeiros horizontais e marítimos da súa xeografía onde axiña aflorou o marcado carácter atemporal e protector que posúe a illa.

Dende a volta dun destes camiños asomaron os illotes das Freitas e baixando polos acantilados na procura dun bo encadre, acabei instalando o cabalete nun frondoso mato de herbas de namorar. Facía bastante temporal e o Mar era dun gris plúmbeo e denso e así a pleina-ir e no medio da climatoloxía fun traballando a miña primeira pintura de Ons, á que as gaivotas lle engadiron despois un extenso dripping mentres secaba. Esta pintura máis un debuxo do peirao co farol e o seu zig-zag pétreo internándose perpendicular no mar foron a colleita daquela fugaz estancia. Neste mesmo peirao, polo que sempre paseo a mirar a xente que ven e vai, foi no que anos despois, camiño de coller o catamarán xunto á miña muller e o meu fillo para embarcar de volta a terra despediunos un ECLIPSE de Sol que tornou todo dunha luz fría que estendeu un desacougo e un silencio difícil de esquecer.

Volví a Ons por varias veces nos anos 80 e 90 coa intención de plasmar máis pormenorizadamente diversos aspectos botánicos, arquitectónicos, paisaxísticos e ornitolóxicos da illa, realizando nesas ocasións numerosos apuntes, bosquejos, acuarelas e debuxos de todo aquilo que neste lugar chamaba a miña atención a modo de caderno de notas, que relatara unha posible BIOGRAFÍA VISUAL da miña estancia no lugar.

Con esa intención e afán, novamente percorrín os camiños pintando acuarelas da corredeira que leva ao cemiterio cos seus salgueiros peiteados polo vento, as fontes de Caniveliñas e a Fonte Nova, os niños de cormoráns dende o Buraco e tamén na Cova da Vella; a punta Centulo, a furna de Fedorento, nocturnos do mar con luar na Porta cos barcos pescando ao lonxe, o Faro co seu diamante mudo regando a noite de poemas diáfanos embaixo da Via Láctea en Cucorno, as xesteiras, Canexol coas casas e a figueira, a xente subindo polo Curro o día de San Xaquín,...



Peirao ó mencer, óleo




Caniveliñas, acuarela

Imbuído nesa tensión ilustrativa, dediqueille unha especial atención aos baixo-relevos ornamentais xeométricos das chemineas das casas cisca-das por toda a illa, nas que aínda perduraban rastros do seu cromatismo de *añil*, almagres, grises e ocre; aspecto este que culmina nun hórreo subindo para o faro á man esquerda, conformando un paradigma de pintura abstracta popular que o mesmo Joseph Albers admiraría, todos eles son elementos de arquitectura popular, e considero que se deberían pór en valor á hora de rehabilitar o patrimonio da illa, que sendo sobrio, non adoce de elegancia e particularidade.

Ons non é unha “paisaxe límbica” mais achegase a ese concepto e semella ser un lugar que responde a un certo animismo e telurismo, onde todo encaixa perfectamente, xerando un sentimento de pertenza que fai que a recoñezas como túa sen selo, - tendo a sensación de que estiveras alí dende sempre -. Unha atracción que me levou a regresar á illa por varios veráns consecutivos a gozar da súa maxia e bo vivir xunto a miña muller e o meu fillo a partires do ano 96. Seguí a facer o mesmo, longos e fermosos paseos baixo dun tempo agostado, baixamos a Liñeiras onde recollemos paus e obxectos que traía o mar para engadir ao proxecto “Santuario de Náufragos”, que practicamente encetei ao comezar a miña actividade creativa.

Fixen apuntes que deron lugar con posterioridade a dúas obras de gran formato: “Maio en Ons” e “Onza Mon amour”, que logo rematei no meu *atelier* de Ribadumia, e que formalizaban o papel de VASOS COMUNICANTES entre a paisaxe e a abstracción. Un día que o temporal nos deixou incomunicados, pintei unha acuarela, co catamarán pelexando co mar entre os piñeiros de enriba do Curro, que teño por unha das obras que máis e mellor amosan o que significa para min a acuarela como xénero pictórico.

Pero ademais de todo este discurso narrativo centrado na miña experiencia coma pintor, non podo deixar de falar do libre e feliz que me sinto sempre en Ons, dos baños no turquesa narcotizante da Praia de Melide, das súas tribos de hippies, libertarios, poetas e xentes con inquedanzas que alí coñecín, das fermosas robalizas de Cesáreo, dos cambios de bar a disco na de Checho a certa hora da noite, de Susi, Palmira e Acuña, recentemente falecido, dos personaxes nativos da illa, de Tino, sempre presente no lugar e responsable deste artigo que remato lembrando saudoso os paseos por Canexol e Pereiró ao caer a tardiña, cando marchan os últimos catamaráns e Ons queda máis sosegada, coa Onza axecendo ao lonxe nun Mar que parece descansar e alá enfronte a Costa da Vela, *sonrosada* como unha pintura impresionista e aínda máis lonxe, o final de todo, os picos das Cies e unha inmensa HARMONÍA onde dormen un bo feixe de cousas que quedan sen dicir.





Irmiáns illáns

As barcas das illas co vento mareiro veñen e van.

Campaña de San Estevo
Zanfomas de San Martiño
Velas de San Xoaquiniño

Co vento e coa auga do regato, xira a moa do muiño.

Do dourado millo, no forno quenteño se fai o pan.

Cando chove e bate o mar, caldo de fabas com touciño.

Aguardente de herbas pra o inverno, as ondiñas veñen e van.

Caldo no pote, chourizos, patacas e grelos, e un vaso de viño.

Nos maios as cebolas e os allos han de medrar.

Xoubiñas á brasa e o polbo cocidiño, agarimos do bo xantar.

Monxes da pedra labrada, saqueados a sangue e fogo.

En pé irmiáns illáns

Altas gabias polo horizonte, xa arriban pra queimiar.

Róubanos a vida os falcóns do mar.

Repican as campáns, cotimos e buquimar, ladran os cans.

Piratas, mouros e corsarios, os diabolos do mar.

E a moza desgracia, Drake e os desalmados dos mares.

Habédelas de pagare a pesar dos pesares.

Ruinas das illas batidas polo vento e o mar.

Lembranza do pobo boagaas do humilde lar.

Campaña de San Estevo.
Zanfomas de San Martiño
Velas de San Xoaquiniño

As dormas da illa co vento mareiro veñen e van.

Nas noites de luz de lúa escoitase un doce cantar.

Maracaibo 2017

Anduriña, cen anos de paixón

Por: Antón Mascato

Redacto este artigo a xeito de memoria da celebración do centenario do Anduriña. Cando se achegaba o comezo do ano 2019 recibín a petición de dous anduriñistas de probada fidelidade, Carlos Prieto e Lino Ferriños, de redactar un libro que deixara constancia para o futuro do que significou na vida social, económica, política e deportiva do Grove os cen anos de traxectoria desta senlleira entidade. Porque cen anos de vida social e deportiva son os que cumpriría o histórico clube de fútbol Anduriña do Grove se continuase activo na actualidade. A ese libro, unha comisión formada para celebrar esa efeméride decidiu sumarlle unha exposición, un documental, un encontro entre ex directivos e xogadores, unha xornada deportiva, e unha cea de confraternidade, eventos a desenvolvérense no mes de outubro de 2019. As motivacións sustentáronse en dar conta desta efeméride. Só nos movía a vontade de render homenaxe a cantos levaron nos seus corazóns o escudo do paxaro e a cor negra trazada no peito. E sen dúbida acadáronse os obxectivos, os actos deron lugar a reencontros de vellos compañeiros de xogo e foron seguidos por moitas persoas que emocionadas agradecían os esforzos e dedicación das persoas que estiveron na organización dos mesmos: Elena Chaves, Carlos Prieto, Paco Padín, Lino Ferriños, Xé O Picán, Luís Escalante, Queco Fresco, Fran Padín e Antón Mascato, principalmente.

Ao libro sumámoslle un magnífico documental, obra da cineasta Dunia Álvarez, na que diferentes persoas de pasado anduriñista deixan a súa memoria emocionada, un traballo imprescindible para comprender a importancia, o valor, as pegadas imborrables que o Anduriña Sociedade Deportiva deixou tras estes cen anos de honor. Para a realización da encomenda de redacción da obra memorialística encontrámonos con que non había rexistros que documenten a fundación do clube, e as diferentes etapas polas que foi pasando. Tivemos que tirar de memoria oral, dunha entrevista longa que Carlos e Lino lle fixeran nos anos oitenta a Pepe Barral e Severino Lores; e de hemeroteca e actas municipais. Con iso hoxe sabemos que foi o médico Cándido Otero Goday, a finais de 1919, daquela empregado na compañía alemana de navegación Bremen Lloyd de viaxes transoceánicas, quen fundou o histórico Anduriña do Grove. Tamén soubemos que o primeiro equipamento non tiña franxas negras sobre a camisola branca. Na década de 1920 o equipo de modestos e o seu infantil e xuvenil, que xa competían en 1925, xogaban cunha camisola branca, con puños e colariño en azul escuro, pantalón negro e medias da mesma cor. No escudo do peito xa figuraba un balón coa ave voando en sentido descendente. Na exposición organizada e no libro publicado poden verse as fotografías e textos de prensa que o documentan, do mesmo xeito queda ben esclarecida que a sociedade comezou chamándose Fútbol Clube, e así permaneceu ata a década de 1930.

Nese libro queda reflectida a ignominia, a traición, que dende a secretaría do concello da que era titular Eduardo Fernández O Caderas, se fixo para que a sociedade anónima da Toxa puidera expulsar coa axuda do ministro Fraga Iribarne, en 1967, ao equipo do campo da Toxa no que xogaba dende 1919. Tamén os trámites do alcalde Francisco Alonso O Pataghalana, para a construción do novo campo de fútbol municipal do Monte da Vila. Episodios dos últimos anos do franquismo dominado no poder local por falanxistas de baixo perfil político, mais preocupados por manterse nos cargos -servindo aos intereses dos poderes económicos do grupo Pastor-Fenosa- que aos veciños e veciñas do Grove, cando menos no que respecta á traxectoria do Anduriña.



Benito Mirazo, Quiel Domínguez, Moncho Lavandero e Doro Chaves

Nomes de xogadores pioneiros como Herodes, Manuel Lueiro, Paco Mascato, Pepe Campaña, Moncho Carroño, Paco Ghardés, Ramón Mandiás, Emiliano Goday... son hoxe referencias remotas para a afección que permanece viva; mais non é pasado esquecido a brillantísima etapa da “sepilladora” que na década de 1950 arrasaba nos campos das Rías Baixas con Javier Campaña, Luis Prieto, Gerardo Sanmartín, Núñez O Bichotes, Prieto, Bolina, Migelito, Fernando Besada, Paco Padín, Cartucho, Ferriños e Lapre, extraordinario equipo formado na súa totalidade na canteira local. A década de 1960 foi de transición, onde destacan Luís Escalante, Manos, Carlos Prieto, Barral, Marciano, Xé O Picán, Jorge, Senra, Miguel O Pirillo, Manolo Piñeiro, Luis O Simón, Joaquín Solla, Manolo Chupete, Guillán, Marra...) con problemas graves pola expulsión violenta do campo de fútbol da Toxa, culatazos de fusil da benemérita incluídos, e a non participación en competicións se o Anduriña tiña que xogar fóra do Grove, como local; as relación societarias co Casino do Grove (Moncho Mascato, Jesús Montero, Juan Costa...); o retorno xa con novo campo no Monte da Vila. Comezaba a década de 1970 e outra vez competindo entre os mellores equipos de Galicia; ascenso á Serie A, equiparable á terceira de hoxe, e unha nova xeira de extraordinarios xogadores, títulos e trofeos: con Pérez de Lis, Rey; Pepiño, Neno, Mon, Lores, Quito, Martín, Ribadulla, Eloy, Cachapón, Lulo, Abal, Orizaola, Juan O Pisalla, Coira, García Padín, Javier, Chichí, Paredes, Fernando Fernández, Rivas... Foron épocas de altísimo valor deportivo, nas que o Anduriña tiña directivos de absoluta entrega e fidelidade (Benito Mirazo, Quiel Domínguez, Doro Chaves...) e adestradores destacados (Luis Molla, Alberto Argibay, Serafín Neira...). Sen esquecermonos de persoas como Luís O Comidilla, Moisés, Toñito Aguín, José Ramón, Carolo... que cumpriron con eses traballos de intendencia que non lucen, pero que son imprescindibles para o normal desenvolvemento do equipo.



1970. Anduriña, 2- Grove, 1. Pérez de Lis, Choupín, Orizaola II, Farto, Freire, Folgueiro e Lino, Neno, Javier, Torano, Orizaola I, Cuqui e Vilabonga.

Un brillantísimo historial deportivo e humano que remataría formalmente coa fusión acordada no ano 2005. Unha fusión que non deu nin de lonxe os resultados previstos polos heraldos da mesma: un expresidente do Grove e do Unión falaba nunha entrevista de acadar a segunda división española e o resultado real quince anos despois é a segunda galega, ou o que é o mesmo a escuridade do outro lado da lúa. A aparición neste 2019, ano do centenario dun novo Anduriña, que se reclama con toda a lexitimidade e legalidade polo mal que o fixeron os presidentes unionistas, como herdeiro legal, vai abríndose paso fronte á inoperancia e desleixo dos que nada fixeron en quince anos por conservar a memoria do que recibiron coa fusión, na parte anduriñista cando menos.

Todo pasa, non sendo o pasado, por iso non remata a paixón acumulada no historial de cen anos de vida na sociedade do Grove; todas as persoas nadas ou criadas aquí levan dentro un anaquiño desta longa historia de éxito e dedicación, seguramente esa sexa a explicación de que o noso histórico paxaro volva voar.



1919 - 2019

ANDURIÑA. CEN ANOS DE PAIXÓN



Lobisome
productions

CONSEJO DO GROVE

ANDURIÑA

CEN ANOS DE PAIXÓN

Antón Mascato

Portada-contra-libro



documental

CARTA AO NOSO PAI "Manuel Otero Blanco"

Por: María Jesús Otero Acuña

O amor dun pai xamais se pode esquecer. O meu pai deunos todo o que necesitabamos e moito máis. Foi un pilar de apoio sempre que o necesitamos.

Deixounos un baúl cheo de valores e ensinounos que con traballo e esforzo, conseguiremos o que nos propoñamos. Isto terémolo presente ata o fin dos nosos días.

O seu comportamento burlón agochaba unha grande timidez e era tan introvertido na declaración dos seus sentimentos, que só cos seus actos podíamolo apreciar.

Atrevido e loitador, para o ben da familia e en causas sociais, que sen dúbida daba guerra e non gustaba aos que impoñían normas no espazo que o viu nacer, a súa querida Illa de Ons.

Pero, á vez, era unha persoa tremendamente humana, axudaba e entendía as situacións alleas e condenaba as inxustizas, causas polas que loitou ata a súa morte.

Aínda que o seu corpo non estea entre nós, o seu espírito e a súa esencia, irá pasando de nós aos nosos fillos e deles, ás xeracións posteriores.

A súa familia, os seus amigos e a súa Illa, recordarémolo sempre.



Querémoste, papá!!!

PALABRAS DOS SEUS NETOS

Yeyo, así es como nosotros le llamábamos.

Era un hombre auténtico, que marcaba la diferencia.

La cicatriz que tenemos en el corazón, porque ya nos ha dejado, nunca se borrará por los recuerdos que con él tenemos.

Era trabajador incansable, para mí, el mejor pescador de la isla y una gran persona que nos quería sin límites.

La isla se queda con un alma menos, pero el cielo, gana una estrella más.

LORENZO

Yeyo, has sido un ejemplo de vida y de lucha para nosotros.

Y aunque sabemos que lo que ha pasado, es la natural evolución de la vida, te recordaremos cada noche, como todas las noches que nos llamabas para preguntarnos si estábamos bien.

Sé que desde allá donde estés, nos guías, iluminas nuestros pasos y cuidarás de nosotros.

LUCAS



Hace tiempo avisó,
que estaba cerca su partida.
No creíamos sus palabras,
al ver la maleta vacía.

Familia, Cariño, Trabajo y Sabiduría.
Recuerdos, Tristeza, Carácter y Valentía.
Hoy se marchó sin llevar nada,
para dejarnos todo lo que tenía.

MARCOS

QUERÉMOSTE YEYO!!!

De ANABEL e MANUEL para o seu avó Manuel Otero Blanco

ANABEL

Demostráchesme, que si algo quero algo me custa, e que teño que seguir loitando polo que desexe aínda que o camiño se poña moi difícil.

Porque non coñecín a unha persoa máis cabezota que ti, pero tampouco coñecín a ninguén que loitase tanto polos seus da mesma forma que ti o facías.

Boto de menos as túas chamadas diarias, pero sobre todo bótote de menos a ti e espero que, estas onde estas, sigas coitando de min.

Ons nunca será o mesmo sen ti.

Quérote Yeyo.



Aniversario de Anabel cos seus avós e irmán



Manuel Otero coa súa neta, cantando os maios cos Pineiróns

MANUEL

Sinceramente, só teño que darche as grazas.

Grazas por todo o que me ensinaches, a seguir adiante, a non renderse e a ser feliz.

Grazas por poder compartir todos os teus recordos comigo, todas esas historias e todas as ensinanzas que nunca se me esquecerán.

En xeral, grazas por todo, e se che escribo isto é porque tristemente non estás, pero tamén significa que estarás coidándome dende onde estas. Que saibas que fuches alguén exemplar.

Espero que no mundo existan persoas cos mesmos valores que ti. Sempre serás o mellor.



Manuel Otero, co seu fillo, netos e Luís Zahera (Petróleo) en Ons